Sobre as actuacións, o mecanismo e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura da praza de facultativo vacante por traslado no Centro de Saúde de Viana do Bolo

- 9468 (11/PRE-002557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para evitar os enfrontamentos entre bateiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón, así como a situación na que se atopan os traballos da mesa conformada pola Consellería do Mar e os sectores afectados para procurar solucións

- 9483 (11/PRE-002558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de realizar na mesma localidade, se se dispón de espazos axeitados, as preceptivas probas para detectar o SARS-CoV-2 cando un cribado afecte un número considerable de poboación, como no caso do alumnado e persoal do IES de Allariz, para evitar desprazamentos innecesarios

- 9553 (11/PRE-002559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as partidas orzamentarias que teñen as distintas consellarías para o Xacobeo 2021 e o seu investimento

- 9565 (11/PRE-002560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as modificacións introducidas na Lei do deporte de Galicia, a través da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas, en relación coas federacións deportivas

- 9575 (11/PRE-002561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a fase de execución na que se atopan as obras de reforma da contorna do campo da feira do Boimorto enmarcadas dentro do Plan Hurbe 2010-2019 e o prazo previsto para o seu remate

- 9583 (11/PRE-002562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de cubrir a baixa laboral do facultativo do Centro de Saúde de Leiro e as actuacións previstas para ese fin



- 9588 (11/PRE-002563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para controlar o risco de contaxio de covid-19 nas granxas de visóns e as súas previsións respecto do seu peche, como medida preventiva e cautelara

- 9596 (11/PRE-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre os mecanismos que vai habilitar o Goberno galego para reverter a situación laboral que están a padecer as traballadoras do sector do transporte de mercadorías por mor do peche da hostalaría

- 9598 (11/PRE-002565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao concello de Cerceda

- 9599 (11/PRE-002566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Abegondo

- 9600 (11/PRE-002567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Bergondo

- 9601 (11/PRE-002568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Betanzos

- 9602 (11/PRE-002569)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Aranga



- 9603 (11/PRE-002570)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Oza-Cesuras

- 9604 (11/PRE-002571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Miño

- 9605 (11/PRE-002572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Paderne

- 9606 (11/PRE-002573)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Curtis

- 9607 (11/PRE-002574)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Coirós

- 9608 (11/PRE-002575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Arzúa

- 9609 (11/PRE-002576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo



Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Sobrado

- 9610 (11/PRE-002577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Melide

- 9611 (11/PRE-002578)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Santiso

- 9612 (11/PRE-002579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Boimorto

- 9613 (11/PRE-002580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Toques

- 9614 (11/PRE-002581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Frades

- 9619 (11/PRE-002582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego referida ao retroceso nos dereitos do persoal que se pretende na proposta de supresión da reserva ás traballadoras e traballadores a tempo parcial das vacantes que haxa para postos a tempo completo, no marco da negociación do convenio colectivo do sector da limpeza da Coruña, e as actuacións previstas ao respecto



- 9625 (11/PRE-002583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, así como o desenvolvemento dun marco normativo para eses espazos

- 9629 (11/PRE-002584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co incumprimento por Endesa dos seus compromisos coas Pontes de García Rodríguez e a obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia

- 9641 (11/PRE-002585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico da modificación do decreto que regula o Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono, para primar como superficies secuestradoras de carbono aquelas derivadas dunha boa xestión forestal

- 9647 (11/PRE-002586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados das obras de mellora da eficiencia enerxética executadas nos últimos anos nos edificios administrativos e xudiciais de Galicia

- 9651 (11/PRE-002587)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para evitar un empeoramento das condicións salariais das mulleres galegas e a continuidade da fenda salarial a consecuencia da crise da covid-19, así como a valoración que fai da súa incidencia na economía galega e dos datos existentes ao respecto

- 9655 (11/PRE-002588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das alegacións presentadas pola Corporación Municipal de Arteixo en relación co proxecto de instalación dunha liña de alta tensión aéreo-soterrada de 66 quilovatios desde o parque eólico de Monteagudo, en Carballo, ata a subestación de Morás, en Arteixo, e a súa posición referida á súa declaración de utilidade pública

- 9668 (11/PRE-002589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre as razóns do Goberno galego para investir 1,5 millóns de euros na serie 3 *Caminos*, sen exixir a súa dispoñibilidade en lingua galega, así como para non incluír este requisito entre os requiridos para o financiamento de produtos audiovisuais

- 9678 (11/PRE-002590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da falla de remuda xeracional no sector pesqueiro, as actuacións levadas a cabo nos últimos dez anos e as que está a desenvolver para paliar, así como a súa opinión respecto da adaptación da formación pesqueira que se está a impartir ás demandas do sector

- 9686 (11/PRE-002591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de dotar de material de protección fronte á covid-19, como as máscaras FFP2, e de realizar probas PCR periódicas ao persoal e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como as súas previsións referidas á inclusión das súas traballadoras, con carácter prioritario, no plan galego de vacinación

- 9695 (11/PRE-002592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre o uso pola TVG dos testemuños ofrecidos por varias persoas con fins informativos para encher contidos de programas de humor

- 9705 (11/PRE-002593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa incidencia que ten o traballo no fogar na economía de Galicia

- 9715 (11/PRE-002594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que está a valorar a Xunta de Galicia para incrementar o seu papel como fornecedora de liquidez aos axentes económicos, a avaliación que fai da evolución que presentan os créditos, os depósitos e a incidencia da pandemia en Galicia, así como a súa valoración respecto dos instrumentos de liquidez arbitrados

- 9720 (11/PRE-002595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa análise das augas residuais, como ferramenta de detección, seguimento e control da covid-19



- 9726 (11/PRE-002596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a fase na que se atopa o proxecto para dotar de saneamento os núcleos de Viladóniga, Outeiro e Pedral, no concello de Boimorto, os prazos de inicio e de execución das obras, e a posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos necesarios

- 9728 (11/PRE-002597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura

Sobre as previsións da CRTVG referidas á realización dalgún cambio tecnolóxico para solucionar os problemas ocasionados ao persoal e as deficiencias detectadas na calidade das retransmisións, en especial das deportivas, a consecuencia da implantación do actual modelo tecnolóxico

- 9735 (11/PRE-002598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da dotación de medios humanos e materiais dos servizos de saúde mental de Galicia e da necesidade dunha nova unidade de hospitalización infanto-xuvenil para o sur de Galicia, así como as súas previsións respecto da contratación de máis persoal para acadar á media do conxunto do Estado

- 9741 (11/PRE-002599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da capacidade actual e calidade asistencial do Sergas no ámbito da saúde mental, as actuacións previstas ao respecto e os compromisos que pode asumir en materia de melloras e implementación de novos recursos

- 9744 (11/PRE-002600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun plan específico de axudas directas para as empresas e entidades deportivas de Galicia abocadas a restricións e peche, como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas fronte á covid-19

- 9750 (11/PRE-002601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para manter pechada desde o ano 2009 a Casa da Quintán, no concello de Ponte Caldelas, o destino previsto para ese inmovible e as súas intencións respecto da creación nel dun centro de día para persoas maiores

- 9756 – 9760 (11/PRE-002602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da convocatoria da Comisión mixta de transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da Autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios, así como as xestións realizadas ao respecto

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 9760.

- 9772 (11/PRE-002603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a diagnose que fai o Goberno galego respecto da fenda salarial existente en Galicia entre mulleres e homes, en especial entre quen percibe menos do salario mínimo interprofesional, e as medidas de choque que vai adoptar para acadar, cando menos, a súa rebaixa ao mesmo ritmo que na media do Estado

- 9779 (11/PRE-002604)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do xeito de materializar o peche da fronteira entre Galicia e Portugal e o escaso número de pasos abertos, a consecuencia da crise sanitaria xerada pola covid-19, as xestións realizadas ao respecto, así como as levadas a cabo para a implantación da tarxeta transfronteiriza

- 9794 (11/PRE-002605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Cerceda

- 9795 (11/PRE-002606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Abegondo

- 9796 (11/PRE-002607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Bergondo

- 9797 (11/PRE-002608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos



Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Betanzos

- 9798 (11/PRE-002609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Aranga

- 9799 (11/PRE-002610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Oza-Cesuras

- 9800 (11/PRE-002611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Miño

- 9801 (11/PRE-002612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Paderne

- 9802 (11/PRE-002613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Curtis

- 9803 (11/PRE-002614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Coirós



- 9804 (11/PRE-002615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Arzúa

- 9805 (11/PRE-002616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Sobrado

- 9806 (11/PRE-002617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Melide

- 9807 (11/PRE-002618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Santiso

- 9808 (11/PRE-002619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Boimorto

- 9809 (11/PRE-002620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Toques

- 9810 (11/PRE-002621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos



Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Frades

- 9813 (11/PRE-002622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á súa colaboración na rehabilitación e posta en valor do peirao da Covasa, na parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira, a situación a que se atopa a súa catalogación pola Xunta de Galicia e a realización dalgunha investigación histórica ao respecto

- 9820 (11/PRE-002623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no Portal da transparencia e Goberno aberto dos informes aos que se refire o artigo 19 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno

- 9826 (11/PRE-002624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, co fin de exercer de xeito exclusivo as súas competencias en materia de pesca, así como o impulso e reforzo dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia

- 9832 (11/PRE-002625)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o avance que presenta o proxecto de creación do hub galego da industria audiovisual financiado cos fondos europeos REAT-UE, así como o horizonte temporal que está a valorar o Goberno galego para a súa constitución

- 9844 (11/PRE-002626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto servizo de transporte escolar que se está a prestar ás crianzas de Galicia, o estudo doutras alternativas para o seu funcionamento e as súas propostas para evitar os problemas ocasionados aos escolares e as súas familias

- 9854 (11/PRE-002627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os mecanismos de control que está a aplicar o Goberno galego para evitar irregularidades nas listaxes vacinación contra a covid-19, a súa opinión respecto do cumprimento do plan estable-



cido en Galicia no caso de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVI, e as medidas adoptadas ou previstas ao respecto

- 9861 (11/PRE-002628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a consideración pola Consellería de Sanidade da planificación, organización e execución de cribados poboacionais

- 9865 (11/PRE-002629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego para a dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo

- 9871 (11/PRE-002630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o nomeamento do posto de dirección e o impulso ao proxecto do Centro Galego das Artes da Imaxe

- 9878 (11/PRE-002631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellaría do Medio Rural tendentes á erradicación e control da praga da couza guatemalteca da pataca

- 9886 (11/PRE-002632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o traslado de persoas maiores afectadas pola covid-19 á residencia privada Os Gozos, da Fundación San Rosendo

- 9888 (11/PRE-002633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre os proxectos que está levando a cabo a Xunta de Galicia para optar aos fondos europeos Next Generation

- 9895 (11/PRE-002634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente



- 9930 (11/PRE-002635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia dos recortes no servizo de limpeza do campus da Universidade de Vigo en Ourense e as repercusións sanitarias e de seguridade laboral

- 9973 (11/PRE-002636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015 2020, coñecido como Plan RehaVIta

- 9981 (11/PRE-002637)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os letrados e as letradas da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde

- 9990 (11/PRE-002638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a previsión pola Xunta de Galicia de convocar con urxencia, no mes de febreiro, unha reunión da comisión mixta co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións que se deben levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira onda da pandemia

- 9996 (11/PRE-002639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

- 10005 (11/PRE-002640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para o cumprimento das garantías de atención sanitaria ás persoas xordas a través da dotación de servizos de interpretación de lingua de signos por parte do Sergas

- 10014 (11/PRE-002641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o volume de camas UCI que existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os profesionais sanitarios e as profesionais sanitarias existentes e a distribución física por áreas sanitarias



- 10020 (11/PRE-002642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do traballo desenvolto polas forzas e corpos de seguridade a prol da seguridade de todos os galegos e galegas en cumprimento das normas sanitarias establecidas polo Goberno galego

- 10026 (11/PRE-002643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre se considera o Goberno galego que debe reunirse co sector das atraccións de feira para coñecer as súas achegas, tendo en conta o seu coñecemento, ante a necesidade de tomar medidas restritivas para facer fronte á covid-19

- 10030 (11/PRE-002644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coa situación e protección das zonas húmidas galegas

- 10039 (11/PRE-002645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda da paralización do proxecto de nova construción do tendido eléctrico que atravesaba a zona sur do concello de Arteixo

- 10045 (11/PRE-002646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a evolución do mercado de traballo e o seu impacto na economía galega

- 10050 (11/PRE-002647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a covid-19 e os seus efectos no sector do deporte

- 10057 (11/PRE-002648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas

- 10065 (11/PRE-002649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a necesidade de reformular o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025



- 10071 (11/PRE-002650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego dalgún proxecto industrial tractor para os concellos das Pontes de García Rodríguez e de Cerceda

- 10075 (11/PRE-002651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

- 10081 (11/PRE-002652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia

- 10089 (11/PRE-002653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a dotación de máscaras FFP2 no ensino público galego

- 10090 (11/PRE-002654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a xestión da pandemia nas residencias do grupo DomusVi e a vacinación da conselleira delegada

- 10104 (11/PRE-002655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno da Xunta, a través de Portos de Galicia, para levar a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Raxó que garanta a seguridade viaria dos viandantes e os vehículos que discorren por esta calzada

- 10105 (11/PRE-002656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para evitar a progresiva deterioración do ecosistema constituído pola lagoa e praia de Baldaio

- 10106 (11/PRE-002657)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Seco García, Martín

Sobre a valoración polo Goberno galego da perda de calquera vestixio de galegidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela



- 10113 (11/PRE-002658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a xestión dos cribados no concello de Tomiño

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Unha nova onda de contaxios da covid-19 está a azoutar todo o mundo. Fronte a esta expansión do virus, que está a pór de novo en perigo o óptimo funcionamento do noso sistema asistencial, son precisos plans de prevención ou continxencia e asegurar a súa eficacia. Estes plans son ferramentas obrigadas en centros nos que ademais dos servizos médicos xerais existen outros profesionais específicos, como pode ser o Hospital Psiquiátrico de Conxo, que acaba de informar dun gromo de 36 positivos (17 pacientes e 19 traballadores).

Ata o momento nese centro hospitalario só se rexistraran contaxios illados, mais a situación agora complícase dado que, debido ás súas doenzas, moitas das persoas ingresadas non poden levar máscaras e tampouco resulta doado que garden a distancia de seguridade aconsellada nin que respecten as restricións de mobilidade.

Dáse a circunstancia de que ese centro, que acolle pacientes que levan alí décadas de ingreso, foi advertido en 2017 polo Defensor do Pobo que detectou, a través do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, graves irregularidades nos ingresos, falta de seguimento e vixilancia, así como deficiencias na calidade asistencial ás persoas ingresadas. O Parlamento de Galicia debateu sobre a necesidade de implementar as melloras que ese informe consideraba necesarias para superar unha situación de gravidade, como era sinalado. Non en tanto esas propostas foron desbotadas polo rexeitamento do Goberno de Galicia e do Partido Popular.

Acerca do gromo coñecido nos últimos días, a Xerencia do Sergas afirma que ese centro conta cun plan de prevención específico e de continxencia, pero o persoal traballador asegura que iso non é certo e que non se implantaron medidas especiais de prevención.

Pese a que as persoas infectadas están illadas e que se prohibiron as entradas e saídas dese centro hospitalario, preocupa que a situación non estea controlada e que non se tomasen medidas axeitadas especificamente ás particularidades dun hospital desas características.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Conta o Hospital Psiquiátrico de Conxo cun plan de prevención e continxencia específico para casos de contaxio de covid-19?
2. En caso de que exista, que foi o que fallou para que se producise un gromo de 36 persoas?
3. Que medidas se están a tomar para evitar que aumenten os casos de persoas infectadas neste centro hospitalario?
4. Substituíronse todas as baixas do persoal do centro hospitalario afectado pola covid-19?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro do 2021

Asdo.: Noa Díaz Varela
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/01/2021 09:35:31

Julio Torrado Quintela na data 29/01/2021 09:35:42

Marina Ortega Otero na data 29/01/2021 09:35:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, María González Albert, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As enfermidades profesionais no sector da industria da pedra e do mármore son recorrentes ao longo da historia. Un problema que parece enquistado dados os resultados epidemiolóxicos máis recentes e que puidera parecer tamén insuperábel.

Do noso punto de vista estes feitos evidencian unha deficiente prevención de riscos laborais nas empresas do sector, e unha deficiente actuación por parte das administracións titulares das competencias de control e vixilancia do cumprimento das normas de prevención de riscos laborais.

Durante o presente ano 2020 tivemos ocasión de coñecer o informe do “Instituto Nacional de Silicosis”, con sede en Oviedo, ao respecto da situación no sector, do que extractamos os datos que consideramos máis relevantes referidos ao noso país.



ANO	GALIZA		RESTO ESTADO		TOTAL ESTADO
	Nº DE CASOS	%		%	
2019	92	42,0	127	58,0	219
2018	126	46,6	144	53,4	270
2017	69	47,5	76	52,5	145
2016	66	42,3	90	57,7	156
2015	71	40,8	103	59,2	174
2014	64	33,86	125	66,14	189
2013	55	33,53	109	66,47	164
2012	65	39,15	101	60,85	166
2011	90	35,15	166	64,85	256
2010	61	27,72	159	72,28	220
2009	40	24,24	125	75,76	165
2008	34	25,37	100	74,63	134
TOTAL	833		1425		2258

GALIZA					
NEUMOCONIOSE SIMPLES					
	Lousa	Granito	Marmorerías	Carbón	Total
Activas	43	8	2		53
Pensionistas	14				14
NEUMOCONIOSE COMPLICADA					
Activas	9	3	2		14
Pensionistas	10			1	11
					92

Os casos na Galiza en relación co estado español son dunha maioría abraiante, e cunha tendencia en aumento, máis aló do último ano. E sobre todo, é especialmente alarmante o número de persoas en activo diagnosticadas: 67 casos de 92 corresponden a persoas en activo, o 72,82%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os informes do Instituto Nacional de Silicosis recollen datos e, sobre todo, conclusións referidas ao Estado Español, mais nas súas conclusións fan constar algunha outra información tamén alarmante con especial incidencia na Galiza, salientando os casos detectados ao persoal activo en primeira revisión, o que o propio ISN atribúe a unha falla da debida aplicación da vixilancia sanitaria. Do mesmo xeito que fan alusión ao reducido promedio de anos de vida laboral dos enfermos do sector das marmorerías: 21,1; un sector de gran implantación na Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Coñece a Xunta de Galiza os informe do INSTITUTO NACIONAL DE SILICOSE?

Ten a Xunta de Galiza algún tipo de relación institucionalizada con este Instituto?

Que campañas ten realizado o departamento de traballo e o ISSGA de supervisión da prevención de riscos laborais no sector da Pedra? Fixéronse públicos os informes ou as conclusións?

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha campaña de promoción ou da prevención de riscos laborais no sector da Pedra?

Realiza a Xunta de Galiza seguimento ou comprobación dos resultados obtidos na prevención despois de emitir requirimentos ou impulsar campañas de promoción da prevención de riscos laborais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como explica a Xunta de Galiza os datos recollidos no informe do Instituto Nacional de Silicose?

Ten pensado a Xunta de Galiza facer algo para evitar ou corrixir a situación actual?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

María González Albert

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2021 11:03:11

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2021 11:03:20

Daniel Pérez López na data 29/01/2021 11:03:28





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 29/01/2021 11:03:37

Ramón Fernández Alfonso na data 29/01/2021 11:03:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a non cobertura dunha baixa no Centro de Saúde de Leiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento, a finais da última semana de xaneiro de 2021, da non cobertura da ausencia un médico no Centro de Saúde de Leiro que se atopa ausente por mor dunha baixa laboral de previsión prolongada no tempo. Esta situación ten como consecuencia que no centro no que ordinariamente atenden dúas persoas nestes momentos estea encargándose da atención unha soa persoa.

Cómpre sinalar que a poboación de Leiro ten, como é característico da zona do Ribeiro e de Ourense, unha alta taxa de poboación avellentada, o cal ten como consecuencia a prevalencia de perfís pluripatolóxicos cuxa condición impide habitualmente o seu fácil desprazamento e implica habitualmente unha asiduidade aos servizos médicos e a necesidade de seguimento do paciente por riba do que adoitan precisar outros perfís. Polo tanto, é preciso cubrir con urxencia esta ausencia para non derivar nunha maior sobrecarga á persoa especialista que queda atendendo en solitario á poboación e para evitar desprazamentos, inasumíbeis en moitos casos, ao PAC de Ribadavia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis aínda, cómpre recordar que Galiza atravesamos nestes momentos unha preocupante evolución da pandemia da covid-19, denominada como “terceira vaga” e que é máis preciso ca nunca ter unha atención sanitaria na Atención Primaria ben dotada, próxima e con persoal suficiente para facer seguimento das e dos doentes.

Recentemente o SERGAS decidira pechar o consultorio de Barbantes, tamén na comarca do Ribeiro, e finalmente a presión cidadá fixo que rectificaran e aceleraran a súa reapertura. Nesta ocasión, a veciñanza non se pode permitir agardar e a cobertura debe darse sen máis dilación, ao non existir ningunha desculpa para a mesma.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para cubrir coa máxima urxencia a praza de médico do Centro de Saúde de Leiro que ficou sen cobertura por mor da baixa laboral do seu ocupante?

Cando tivo coñecemento a Consellaría de Sanidade de que se daría esta situación? Que mecanismos arbitrou para a súa cobertura?

Ten pensado a Xunta de Galiza cubrir esta baixa? En que prazo de tempo?

Ten avaliado o goberno galego o número de consultas aprazadas por esta circunstancia? E a sobrecarga na outra persoa que atende no centro?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2021 11:47:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/01/2021 11:47:33

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2021 11:47:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os traslados de maiores contaxiados de Covid á residencia de Os Gozos en Pereiro de Aguiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A constatación da sobrevivencia dunha persoa dada por morta e enterrada na residencia Os Gozos en Pereiro de Aguiar da Fundación San Rosendo á que fora trasladada dende o centro sito na localidade de Xove, puxo de manifesto tanto a existencia de traslados de maiores afectados de Covid entre residencias da Fundación San Rosendo, como a falla de control nos expedientes das persoas obxecto deses traslados, sen que se coñeza a existencia de consentimento aos referidos traslados.

Como é publicamente coñecido tras terse detectado un gromo de coronavirus na residencia San Bartolomeu no concello de Xove, cando menos, dona R.B. e dona C.A. foron trasladadas a outro centro da mesma Fundación privada na localidade de Pereiro de Aguiar, a máis de 220 km. da súa residencia habitual. O pasamento dunha das persoas trasladadas e a confusión nos expedientes provocou que se certificara erroneamente a identidade da finada, algo que unicamente se evidenciou tras a aparición física da persoa xa enterrada.

Como quedou apuntado esta kafkiana situación evidencia por unha banda que na Fundación San Rosendo se están a realizar traslados de enfermas covid dende distintas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residencias ao centro de Os Gozos sen que conste, en todos os casos, se existe información e consentimento das persoas e familias atinxidas, nin as razóns e condicións en que se verifican tales traslados; xerando tales acontecementos unha evidente preocupación tanto en numerosas familias como no conxunto da sociedade.

Non é só a existencia dun macabro erro, senón que do mesmo se pode deducir a posibilidade de que a confusión do expediente provocara que unha persoa recibira un tratamento médico e farmacolóxico destinado a outra, se ter a certeza de que o seu organismo e estado de saúde podería soportalo.

Asemade, e ante a ausencia de información da Xunta de Galiza, distintas Asociacións e medios de comunicación, denuncian a existencia de numerosos traslados de persoas maiores que se están a realizar sen consentimento e coñecemento das súas familias, que mesmo recoñecen descoñecer que o centro de residencia carecía de condicións adecuadas para tratar a enfermas Covid.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Tiña coñecemento a Xunta de Galiza da realización de traslados de maiores enfermas de Covid dende diferentes residencias da Fundación San Rosendo?

Ten comprobado a Xunta de Galiza as condicións nas que se realizan os referidos traslados?

Existe algún razón pola que as internas noutra residencia de maiores da Fundación San Rosendo non poden continuar no seu centro debendo ser trasladados ao de Os Gozos en Pereiro de Aguiar?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera inocuos os referidos traslados en persoas de idade avanzada, en moitos casos atinxidos polo Alzheimer?

Ten constancia a Xunta de Galiza de que os traslados se realizan en todos os casos previo consentimento e información das familias e/ou das maiores desprazadas que estean en condicións de prestalo?

Entende a Xunta de Galiza que a confusión entre expedientes persoais e/ou médicos pode provocar un erro no tratamento a dispensar á doente? Realizou algunha investigación para determinar se a confusión constatada nos expedientes das Sras. C.A e R.B. tivo consecuencias no tratamento que se lles dispensou?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2021 12:27:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 29/01/2021 12:27:38

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2021 12:27:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/01/2021 12:28:00



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A campaña de vacinación contra a covid-19 supón a ferramenta máis potente de combate contra a pandemia, e tamén un instrumento que permitirá a recuperación da maior e máis segura actividade dende o inicio o pasado marzo das medidas de confinamento e/ou restricións. Esta situación está a supoñer unha esperanza e a ser motivo de grande expectativa por parte de todos os sectores implicados tanto dende a propia sanidade, como os sectores económicos e, en definitiva, de toda a cidadanía.

A preparación da campaña de vacinación vén de longo, e os acordos e colaboración mutua entre Ministerio e Comunidades Autónomas vén advertindo a necesidade de que a campaña sexa deseñada e executada coa maior eficiencia posible. Así, o Ministerio ten garantido a subministración de doses de vacinación, con protocolos de entrega e calendarización destas para que as comunidades autónomas poidan desenvolver a práctica operativa da vacinación.

A pesares da importancia da vacinación como exemplo da eficacia do sistema, existen algúns erros dentro dos procedementos que contribúen ben pouco a xerar certeza e confianza no sistema. Entre eles nos recentes días foi sabido que existen alertas sobre a vacinación irregular dun gran número de persoas non prioritarias, segundo o plan de vacinación, dentro do propio Sergas. Ademais foi coñecido que a alcaldesa de Boimorto, do Partido Popular, foi vacinada cando non cumpre requisito ningún para facelo dentro das primeiras fases. Ante este escenario, as explicacións dadas foron mínimas e incompletas, persistindo no problema de xerar incertezas no sistema e alimentando a idea dun proceso turbio e opaco.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cre o Goberno da Xunta de Galicia que son aceptables as explicacións ofrecidas sobre os erros detectados no plan de vacinación?



2. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a vacinación da alcaldesa de Boimorto é aceptable dende o punto de vista ético do comportamento dun responsable público desde nivel?
3. Ten a Consellería de Sanidade algún protocolo ou acción prevista sobre a vacinación fora de lugar da alcaldesa de Boimorto?
4. Como explica o Goberno da Xunta de Galicia que a alcaldesa de Boimorto fose vacinada nun proceso que se anunciou como transparente e nominalizado para cada vacina?
5. Foi incluída a alcaldesa de Boimorto nunha lista de persoas a vacinar pola Consellería de Sanidade?
6. Existen persoas xa vacinadas dentro dos propios cargos da Consellería de Sanidade ou de designación política dentro do Sergas? Poden explicarse axustadamente ao plan de vacinación?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/01/2021 11:11:29

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/01/2021 11:11:35

Marina Ortega Otero na data 29/01/2021 11:11:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a aprobación do decreto de creación do Consello galego de participación infantil e adolescente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2019 a Xunta de Galiza comprometeuse con Unicef a constituír no noso país o Consello galego de participación infantil e adolescente como un espazo para dar voz e promover a implicación das nenas e nenos así como das e dos adolescentes no noso país.

Tendo presente que a declaración da pandemia por COVID19 obrigou a todas as administracións e institucións a mudar as axendas para enfrontar a enorme crise sanitaria, o certo é que hai cuestións que, pola súa importancia, non poden ser esquecidas.

De facto, a crise provocada pola pandemia debe servir como estímulo para a creación deste espazo de participación infantil e xuvenil toda vez que as súas consecuencias sociais e económicas afectan de maneira intensa e concreta ás nenas/os e á mocidade.

O incremento da pobreza e das situacións de exclusión ou risco de padecela; os efectos psicolóxicos das medidas de confinamento e demais restricións sanitarias; o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desemprego ou as mudanzas que a COVID19 impuxo na forma en que nos relacionamos as persoas teñen tamén unha lectura e interpretación específica para elas e eles.

Contar coa voz e a opinión da infancia e a adolescencia nos retos que, como sociedade, temos que afrontar á unha obriga e non apenas unha posibilidade.

Así mesmo, todos os grupos con representación no Parlamento de Galiza asumimos o compromiso de impulsar a súa creación cando subscribimos o Pacto galego pola infancia, renovado en 2019.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cando vai aprobar a Xunta de Galiza o decreto polo que se crea o Consello galego de participación infantil e adolescente?

. En que termos está a previsto que se constitúa, con que funcións e composición?

. Cal será o seu funcionamento?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2021 09:44:41

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2021 09:44:54

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2021 09:45:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación laboral das mulleres na crise económica provocada pola COVID19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID fixo visíbel que aqueles traballos esenciais para o sostemento da vida e da sociedade na peor crise do último século (desde o sector da alimentación aos coidados) están ocupados por mulleres e que son estes, precisamente, os empregos máis precarios: os peor pagados e os que soportan peores condicións laborais.

Nesta crise económica derivada da pandemia son precisamente os sectores máis vulnerábeis da clase traballadora (mocidade, migrantes e mulleres) quen sofre un maior impacto precisamente por esa precariedade laboral que resulta en menos prestacións sociais, menores subsidios e, polo tanto, maior empobrecemento ou risco de exclusión social.

A actual crise económica derivada da pandemia ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (servizos, comercio minorista, alimentación) nos que non só somos traballadoras asalariadas, tamén empregadoras.

De acordo cos datos correspondentes ao IV trimestre de 2020 publicados pola EPA –sen computar as traballadoras e traballadores en ERTE, que se enfrontan a un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incerto futuro- cunha taxa de paro do 12% (11,8% en 2019) e cunha perda de 21.000 empregos en Galiza, dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres, coas que se cebou especialmente a crise.

É dicir, máis do 75% do emprego destruído neste último ano era emprego feminino o que sitúa ás mulleres como as grandes prexudicadas desta nova crise.

É preciso e máis urxente se cabe cá antes deseñar e artellar políticas con perspectiva de xénero que non só respondan á situación actual senón que permitan mudar os problemas estruturais que atinxen as mulleres no mercado de traballo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza o impacto que a crise económica provocada pola COVID19 está a ter para as mulleres?

. Que medidas está a adoptar ou pensa adoptar o Goberno galego para afrontar esta situación no inmediato e tamén a futuro?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2021 09:53:50

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2021 09:53:55

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2021 09:54:03

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2021 09:54:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo e a vacinación contra a COVID-19 nos hospitais psiquiátricos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de coñecerse que no Hospital Psiquiátrico de Conxo de Santiago de Compostela se produciu un gromo de COVID-19, que afectou a varias ducias de persoas, tanto profesionais coma pacientes ingresadas neste centro.

Este gromo prodúcese cando desde a Xerencia Sanitaria de Santiago e Barbanza non se realizou ningún plan de continxencia fronte á COVID-19 específico para o Hospital Psiquiátrico de Conxo desde o comezo da pandemia, recaendo sobre as profesionais a toma de medidas para previr os contaxios. Do mesmo xeito, tampouco existen actualmente instrucións precisas e coordinación ante a complexa situación sanitaria na que se atopa o centro e as súas residentes.

A pandemia producida pola COVID-19 evidencia a situación precaria que existe neste centro hospitalario, onde non existen espazos axeitados para o illamento das pacientes contaxiadas, obrigando ás unidades a confinarse de xeito grupal en espazos claramente insuficientes; así como multitude de casos de vulneración dos dereitos das pacientes psiquiátricas ingresadas. Tamén agrava a situación de sobrecarga das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesionais que traballan neste centro, cunha carga laboral moito maior e que vén a suplir en moitos casos as grandes deficiencias dos órganos de xestión correspondentes.

Dada esta situación, asociacións de pacientes e profesionais veñen solicitando que se inclúa ao persoal e residentes dos hospitais psiquiátricos coa maior celeridade posíbel na primeira fase da vacinación contra a COVID-19 que se está desenvolvendo actualmente, por ser pacientes de risco de gravidade, exposición, impacto e transmisión.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É consciente o goberno galego da situación que se está a producir no Hospital Psiquiátrico de Conxo e a vulneración de dereitos das pacientes que se está a dar? Ten algunha medida prevista para corrixir estas eivas?

. Cal é a razón pola que este centro non conta cun plan de continxencia específico contra a COVID-19?

. Como ten previsto o goberno organizar a vacinación contra a COVID-19 deste colectivo de risco?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2021 10:24:09

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2021 10:24:34

Iria Carreira Pazos na data 01/02/2021 10:24:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Torre de Sande, ben de interese cultural, é unha das maiores xoias arquitectónicas do Concello de Cartelle. Formou parte dunha fortaleza medieval e, aínda que a súa orixe é incerta, hai datos históricos que a datan no século XII, cando o rei Alfonso VII e a raíña Berenguela doan o castelo ao Mosteiro de San Salvador de Celanova.

Desde o século XIX o espazo quedou totalmente abandonado a pesar de que en 1949 foi protexido pola Lei do patrimonio histórico español e declarado de interese turístico nacional. Na actualidade atópase en tan mal estado de conservación que mesmo corre perigo a estabilidade da estrutura. Non en van, a Torre de Sande atópase na Lista Vermella de Patrimonio.

A actual propietaria do ben, a familia Reza, asegura non poder facerse cargo dos gastos de rehabilitación e parece que o Concello xa comezou negociacións para tentar poñer fin a esta inexplicable e longa situación de desleixo co noso patrimonio.

O máis razoable, e así o reclama o Grupo Municipal Socialista do Concello ourensán, é que se inicien os trámites de colaboración coas administracións necesarias para que a Torre de Sande pase a ser de titularidade pública e se proceda con urxencia á súa rehabilitación e posta en valor. Por outra banda, parece tamén lóxico instar á familia propietaria a que presente a documentación relativa á adquisición deste Ben de Interese Turístico Nacional coa fin de acreditar e acelerar un posible cambio de titularidade.

Mais mentres que estes trámites non teñen lugar, é conveniente aclarar certas cuestións que teñen que ver coa responsabilidade na protección e conservación dun patrimonio cultural que ademais de BIC é monumento de interese turístico nacional.

Xa hai máis dunha década, consciente dese abandono, o Goberno autonómico decidira actuar sobre este ben incluíndoo nun plan de actuación da Dirección Xeral de Patrimonio nas fortalezas da Raia Seca. Desde a Consellería de Cultura



confirmaban en 2009 que a torre medieval formaba parte dun plan para consolidar e poñer en valor as fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terra de Celanova.

Mais coa chegada do Partido Popular ao Goberno este plan de rehabilitación paralizouse e nada máis se soubo del. O que si se sabe é que a Xunta de Galicia aduce que non pode facer nada por tratarse dun ben de titularidade privada, contradicindo o que di a Lei 5/2016 de patrimonio cultural, que sinala á Administración autonómica como garante da conservación e protección do noso patrimonio.

Por todo o exposto as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Desenvolveu a Consellería de Cultura algunha actuación para garantir a conservación e protección da Torre de Sande, ben de interese cultural, ou pensa acometer de urxencia algunha acción para evitar o seu derrube?

2ª) Comunicoulle o Concello de Cartelle á Xunta de Galicia o estado actual de deterioro deste ben de interese cultural, en virtude do disposto nos artigos 3 e 37 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia?

3ª) Comunicoulle a familia propietaria da Torre de Sande á Xunta de Galicia algún dano ou prexuízo que teña sufrido ou que afectase significativamente o seu valor cultural, tal e como indica o artigo 37 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia?

4ª) Que seguimento fixo a Xunta de Galicia do deber das persoas propietarias da Torre de Sande contemplado no artigo 32 da Lei de patrimonio cultural de Galicia?

5ª) Ten pensada a Xunta de Galicia colaborar co Concello de Cartelle na busca de solucións para a protección da Torre de Sande?

6ª) Que solucións ten pensado a Xunta de Galicia para garantir o cumprimento efectivo da óptima conservación do BIC Torre de Sande?

7ª) Informou a Dirección Xeral de Patrimonio á propietaria da Torre de Sande das súas obrigas como titular dun ben de interese cultural tal e como recolle o artigo 124. d) da lei 5/2016?



8ª) Contempla a Xunta de Galicia a expropiación forzosa da Torre de Sande en base ao artigo 51 da Lei 5/2016?

9ª) Realizou de oficio a Dirección Xeral de Patrimonio algún informe relativo ao estado de conservación da Torre de Sande en base ás funcións de inspección que lle son propias segundo a Lei 5/2016?

10ª) Coñece a Xunta de Galicia como foi adquirido este ben pola actual propietaria?

11ª) Consta no expediente BIC da Torre de Sande esa adquisición?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/01/2021 15:17:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2021 15:17:55

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/01/2021 15:18:07



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é “Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establécense unha serie de obxectivos medibles para a súa consecución:

1. PIB anuais superiores ou en torno ao 2,5 %.
2. Incremento en máis de 100.000 empregos ata 2020:
Redución taxa de paro en torno ao 10 %
Mellora das taxas de ocupación dos cidadáns entre 20 e 64 anos en 10 puntos ata acadar o 70 %.
3. Duplicar o gasto en I+D ata o 1,7 % do PIB e aumentar ata o 40 % do PIB o nivel de exportacións dos nosos sectores produtivos.
4. Reducir abandono escolar en 3,5 puntos ata chegar ao 13,5 %.
5. Chegar ao 47% de galegos entre 30-34 anos con estudos superiores.
6. Reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en 100.000 persoas.
7. Rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto de 2005.
8. Aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30 % do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20 % respecto do nivel de 2005.



9. Implantar un paquete de medidas para revitalizar demográfica: achegarse a 1,59 fillos por muller.

10. Converxer en oito puntos coa UE en PIB per cápita, ata chegar ao 88 %.

O contido do plan contempla a elaboración de balances anuais de seguimento, así os correspondentes aos exercicios 2016, 2017 e 2018 aparecen na páxina *web* da Consellería de Facenda, mentres que o correspondente ao exercicio 2019 e o avance de 2020 non.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Elaborou a Consellería de Facenda o balance do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio 2019?

2ª) No caso de estar feito, cando imos ter o dito documento?

3ª) Vai ser remitido a este Parlamento para que os distintos grupos parlamentarios poidan facer as consideración que consideren oportunas?

4ª) A quen foi entregado o documento para a súa avaliación?

5ª) Cales foron as conclusións do Comité de seguimento?

6ª) Vai a Consellería de Facenda elaborar un informe final do Plan estratéxico 2015-2020 no que se recolla o resultado acadado para cada un dos obxectivos medibles establecidos no plan?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/01/2021 12:48:18

Juan Carlos Francisco Rivera na data 29/01/2021 12:48:35



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xestiona as actuacións que se desenvolven en Galicia dentro do Plan Hurbe 2010-2020, dando cumprimento ao reto manifestado pola Xunta de Galicia de acadar un urbanismo responsable en toda a comunidade e apostar pola recuperación e o reequilibrio territorial entre as vilas e cidades galegas.

Segundo o balance do Plan Hurbe exposto na páxina *web* da Consellería de Medio Ambiente, dende 2010 executáronse ou comprometéronse un total de 317 actuacións urbanísticas en decenas de concellos galegos, cunha mobilización de 148,96 millóns de euros e a dotación orzamentaria para este exercicio 2021 é de 7,4 millóns de euros.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia aparece aberto o prazo de presentación para todo o ano e establece que “*Os programas do actual Plan Hurbe 2014-2017 son:*

- *Programa de equipamentos públicos.*
- *Programa de humanización de rúas.*
- *Programa de urbanización e mellora de espazos públicos.*

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da xestión e resultados acadados co Plan Hurbe 2010-2020?

2ª) Cales foron os concellos beneficiados con este plan?

3ª) Cales foron as obras financiadas e as contías recibidas por cada un dos concellos beneficiados?

4ª) Como se fai a valoración das solicitudes achegadas para a súa concesión?





Pazo do Parlamento, 29 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/01/2021 15:19:33

Pablo Arangüena Fernández na data 29/01/2021 15:19:46

Paloma Castro Rey na data 29/01/2021 15:20:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a concentración parcelaria no concello de Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2002 dáse inicio ao proceso de concentración parcelaria en oito parroquias do concello de Agolada repartidas en dous núcleos:

- Núcleo 1 (Baíña, Sexto, Agra e Val)
- Núcleo 2 (Berredo, Eidián, Basadre e Ramil)

No 2004 desde a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural promóvese o Estudo de Impacto Ambiental dos dous núcleos.

No DOGA de 13 de xuño de 2005 publícanse os estudos e planos parcelarios, nºs. de r^{fa}.: núcleo 1-ST 3509 18 e núcleo 2-ST 3511 20.

No ano 2008 faise o levantamento topográfico dos dous núcleos e no 2009 decláranse rematadas e aprobadas as Declaracións de Impacto Ambiental, (o 21 de setembro para o núcleo 1 e o 14 de decembro para o núcleo 2).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inversión en todo este proceso ascende a 830.000 euros...e no ano 2010 parálanse os traballos.

Desde o ano 2017, xentes interesadas na continuidade deste proceso de reestruturación manteñen contactos con diferentes autoridades locais, grupos parlamentarios e altos cargos da Xunta de Galicia, entre eles o Sr. Director Xeral de Desenvolvemento Rural e a xefatura provincial de Medio rural. En concreto o Sr. Pérez Dubois prometeu retomar o proceso manifestando o seu interese pola fertilidade das zonas en cuestión xa coñecida por el.

No ano 2018 procédese a unha nova recollida de sinaturas a instancia do Sr. Alcalde e do Sr. Pérez Dubois alegando a modificación da normativa. A resposta son máis de 800 nos núcleos 1 e 2 e 120 no n.º 3 que serían as parroquias de Sesto e Brocos.

Estas sinaturas representan nos núcleos 1 e 2 o 95% dos propietarios e o 98% dos CEAs. No núcleo 3 representan o 90% de propietarios e a totalidade dos CEAs.

Transcorre un ano e vendo que nada avanza, un grupo de 80 persoas constitúen a asociación Queremos Parcelarias que solicitan unha reunión co Sr. Conselleiro de Medio Rural, D. José González, que se celebra en novembro de 2018 e na que se lles transmite que debido á súa recente incorporación necesita un tempo e fíxase unha nova reunión para primeiros de 2019.

O 1 de marzo de 2019, no Auditorio de Agolada repleto de xente interesada, compareceu novamente o Director Xeral, Sr. Pérez Dubois e técnicos do seu departamento. O Sr. Pérez Dubois, aquel que tanto prometera, viña coas mans baleiras...; anunciou unha lei para xullo que axilizaba moito os procesos e que en setembro estaría novamente con nós. A xente sentiuse burlada e así llo fixo saber. A resposta non foi acaída mais en todo caso, o Sr. Dubois prometeu que en setembro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

volvería a Agolada pero que adiantarían algúns traballos os técnicos xa no mes de maio con visitas ás zonas. Nin en maio nin en setembro se cumpriu o prometido. Ese mesmo día, 1 de marzo de 2019, pola tarde recibiron a visita do Sr. Conselleiro de Medio Rural, José González, co que xiraron unha visita ás parroquias afectadas.

A mediados de novembro de 2019 houbo unha concentración de veciños e veciñas de Agolada diante deste Parlamento esixindo o cumprimento das promesas feitas nos contactos habidos entre veciños e Consellería do Medio Rural. As eleccións andaban cerca e a Asociación Queremos Parcelarias de Agolada foi recibida polo Conselleiro, José González, e polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural, naquela altura D. Miguel Ángel Pérez Dubois.

Nesta xuntanza o conselleiro transmitiulle á asociación que o seu departamento xa comezara os estudos previos dos proxectos de reestruturación parcelaria nas zonas pendentes de facer.

Tamén garantiu que, coas actuacións feitas, as Declaracións de Impacto Ambiental, que caducaban o día 13 de decembro de 2019, quedarían vixentes e terían validez as DIA nas concentracións abertas.

Tamén se comprometeu o conselleiro a trasladar a asociación a documentación que verificaban estes feitos.

Ese decembro de 2019, un par de días antes de que caducara este trámite, dende a Xunta de Galicia aseguraron, nos medios de comunicación, que "tal e como trasladou o propio conselleiro aos veciños o pasado 21 de novembro, a Consellería do Medio Rural xa comezara as actuacións de inicio dos dous proxectos de reestruturación parcelaria abertos en Agolada (Agra-Sexo-Val-A Baíña e Berredo-Basandre-Eidián-Ramil), con declaracións de impacto ambiental que xa foran emitidas, dando así





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento aos requirimentos das DIAs. Polo tanto, con estes traballos, e ao abeiro do previsto na Lei de Avaliación Ambiental, esas declaracións de impacto ambiental non caducan e queda garantida a vixencia e a validez das DIAs das dúas concentracións".

Estamos a falar de parroquias ribeireñas do Ulla cunha alta capacidade produtiva e con proxectos de aproveitamento e desenvolvemento rural novidosos xunto a outros xa consolidados. Trátase dunha superficie cercana ás 6.000 has

Merece especial mención a abundancia de explotacións intensivas de porcino aves e coellos e o complemento que a abundancia destes fertilizantes pode supoñer á existencia de proxectos agrogandeiros viables na súa base territorial e con posibilidades de asentamento poboacional.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que pensan facer desde o Goberno galego a respecto das concentracións iniciadas no concello de Agolada?

Cales foron as razóns da suspensión dos procesos de concentración iniciados no concello de Agolada en 2002 ?

Que se sabe da notificación oficial dos avances e tramitacións feitos nos procesos de concentración parcelaria nas parroquias de Agolada comprometidos nas conversas e negociacións levadas a cabo coa veciñanza?

Cal é a valoración que se fai desde a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e por tanto da Consellería a respecto do aproveitamento e posibilidades de dinamización





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económica que ofrecería o remate dos procesos de concentración parcelaria e o inicio e conclusión do pendente das parroquias de Sesto e mais Brocos?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 01/02/2021 10:56:20

María González Albert na data 01/02/2021 10:56:24

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2021 10:56:34

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/02/2021 10:56:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación de indefensión e vulneración dos dereitos das usuarias do servizo de transporte de ría entre O Morrazo e Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Acabamos de comprobar como o horario de tarde no servizo de transporte de ría Cangas-Vigo acaba de ser suspendido, por parte da empresa, sen que a Consellería competente faga nada para velar polos intereses dos usuarios, mostrando claramente o esquecemento dos seus compromisos co transporte de viaxeiros en barco na ría de Vigo.

Unha nova deixazón de funcións por parte da Xunta de Galiza ante un servizo clave no desenvolvemento socioeconómico e nas necesidades de comunicación do Morrazo coa área metropolitana de Vigo, que vai camiño de desaparecer.

Nos anos 2011 e 2013, o Bloque Nacionalista Galego levou á Cámara galega unha iniciativa que intentaba regularizar este servizo como público e posibilitar a recuperación e posta en valor do mesmo, onda incluso se podería vincular o transporte que se realiza ao Parque Natural Illas Cíes cos tráxicos anuais das localidades de Cangas e Moaña. Dita proposta foi apoiada polo PSdeG-PSOE, pero foi rexeitada polo sectarismo do Partido Popular, aínda compartindo os argumentos que plantexaba a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iniciativa, argumentando que serían eles os que presentarían unha iniciativa propia da que ninguén soubo nada ata o de agora.

Vai pasando o tempo e o Goberno galego esquecese das súa promesas, polo que o BNG vai recordarlle os compromisos que ten establecido coa cidadanía do Morrazo e da Área Metropolitana:

- Plan Piloto de transporte de Ría, coa creación da Sección Marítima do transporte metropolitano e a sinatura dun convenio de colaboración cos concellos de Cangas e Moaña.

- Compromiso de presentar unha proposición non de lei para subvencionar o 50% do billete do transporte marítimo.

Anos e anos de propaganda sen que ata a data sexan capaces de aportar solucións, mentres comprobamos no día a día como aumenta a situación de abandono, asistimos a caída libre do número de usuarios, como as operadoras suprimen horarios e servizos ou incrementan os prezos dos billetes, nun marco teórico de “libre competencia” que non é, nin máis nin menos, cun monopolio de facto, sen que a Administración vele polos dereitos dos usuarios

Temos que lembrar como a Xunta de Galiza permitiu o abandono do servizo que se ven prestando nas conexións marítimas das localidades de Moaña e Cangas con Vigo, aducindo, as empresas, a baixa rendabilidade do servizo. Recentemente veñen de suspenderse os servizos de luns a domingo en horario de tarde, no traxecto Cangas-Vigo, sen que a Consellería responsable tomara cartas no asunto e adoptara algunha decisión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os veciños e usuarios de Cangas e Moaña están a padecer nas súas propias carnes o proceso de abandono, e falta de implicación da administración galega, deixando que sexan as empresas as que regulen dito servizo en función dos seus intereses, e da súa rendibilidade.

Recentemente asistimos a un novo ataque cara os dereitos das usuarias da liña Cangas-Vigo. As operadoras falan, neste caso, dunha baixada de usuarios do 60% en días laborables e do 90% na fin de semana por mor da COVID-19, polo que suprimiron grande parte do horario de tarde de luns a domingo.

Para seguir garantindo os dereitos dos usuarios e usuarias no uso dun servizo esencial para os Concello de Cangas e Moaña, é necesario que a Xunta de Galiza interveña neste servizo e non permita que as empresas operadoras continúen a depreciar o servizo atendendo aos seus propios intereses e que o transporte de ría dependa unicamente do rendemento económico para manter a súa actividade.

Hoxe existen posibilidades reais e legais de modificar este modelo e darlle a volta, convertendo o servizo de transporte marítimo e colectivo de viaxeiros nun modelo estratéxico, sostible e comprometido co medio ambiente que permita o desprazamento entre localidades por motivos laborais, administrativos, culturais ou sanitarios. Rápido, económico, sostible e medioambientalmente de calidade, de acordo a nosa idiosincrasia. Creemos que o transporte de ría debe converterse nunha pragmática aposta política para comunicar con racionalidade Vigo e o Morrazo. Na Galiza as rías non nos separan, senón que nos unen.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se valora, por parte da Xunta de Galiza, a calidade do servizo de transporte marítimo na Ría de Vigo?

A Xunta de Galiza entende que un servizo esencial non pode depender unicamente dos intereses das operadoras privadas?

Vanse levar a cabo medidas para restituír o carácter público do servizo de transporte de ría entre O Morrazo e Vigo?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2021 12:09:32

Alexandra Fernández Gómez na data 01/02/2021 12:09:38

María do Carme González Iglesias na data 01/02/2021 12:09:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 01/02/2021 12:09:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Exposición de motivos

As formas de discriminación das mulleres na sociedade atópanse en múltiples ámbitos e un dos máis destacados, pola súa preeminencia e pola súa repercusión na vida das mulleres, é o económico. Se ben o centro do debate sobre as discriminacións económicas das mulleres adoitan centrarse, pola súa importancia, na fenda salarial, o certo é que non é o único campo de discriminación do punto de vista da afectación económica.

No ámbito máis cotián podemos sinalar a xa histórica demanda da redución do prezo do IVE dos produtos de hixiene feminina, cuestión demandada repetidamente desde o Parlamento Galego ao goberno central, quen desafortunadamente aínda non actuou ao respecto. Porén, canda esta cuestión, claramente visíbel e xa popularizada, existen outras discriminacións que adoitan pasaren máis desapercibidas e cuxo seguimento e denuncia é máis complexo. Unha destas formas de discriminación é o incremento de custo, sen razón obxectiva algunha, de determinados produtos simplemente por estaren destinados ao público feminino.

No ano 2018 a asociación de defensa das persoas consumidoras FACUA sacou á luz un estudo ilustrativo de situacións deste tipo. A asociación levou a cabo unha comparativa dos prezos das máquinas de afeitar deseñadas para homes e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destinadas para mulleres, comparado os prezos das de dúas e tres follas de sete marcas: Cien, distribuída por Lidl; Cosmia, por Alcampo; Miss Express e Carrefour Discount, por Carrefour; Bonté, por Dia; Gillette e Wilkinson, distribuídas por diferentes cadeas e que foron as dúas únicas que non incrementan o seu prezo segundo o público albo sexa masculino ou feminino. A través destas comparativas, a asociación amosou como máquinas de afeitar desechábeis presuntamente para mulleres eran idénticas ás presuntamente para homes pero até un 171% máis caras, diferenciándose só polo prezo e pola embalaxe rosa.

Este tipo de discriminación é o que se coñece como taxa rosa, un incremento de prezo inxustificado e abusivo en produtos destinados a un público obxectivo feminino que, porén, no equivalente masculino teñen un prezo inferior malia ter as mesmas características, o que supón unha fraude en termos de dereitos das persoas consumidoras e unha discriminación sobre as mulleres.

Trátase, polo tanto, dunha discriminación pouco visíbel pero que ten unha grande importancia tanto no plano simbólico como no económico. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que a Xunta de Galiza deba implicarse na defensa da non discriminación e dos dereitos das e dos consumidores e desenvolver actuacións ao respecto.

Cómpre recordar que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia en entre os seus fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias. Así mesmo, por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto correspóndelle entre outras accións a de “Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.” Polo tanto é o Instituto Galego do Consumo e da Competencia un organismo idóneo para desenvolver actuacións ao respecto e contribuír a que o obxectivo da igualdade sexa efectivamente transversal, tal como recomendan as doutrinas na materia. En todo caso, non sendo este organismo, existen múltiples posibilidades para impulsar, desde o ámbito público, a observancia e a actuación ao respecto.

Neste momento histórico, no que a crise económica derivada dos efectos da pandemia da covid-19 recae de forma máis intensa nas mulleres, é de especial importancia que as administracións públicas non desatendan aquelas formas de discriminación que se ben son menos visíbeis, teñen unha importancia económica e simbólica innegable.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Coñece o goberno galego en que consiste a denominada “taxa rosa”?

Ten avaliado o impacto económico que ten isto na economía das mulleres?

Que actuacións ten levado a cabo para avaliar a súa existencia e o seu impacto?
A través de que ferramentas? Con que conclusións?

Ten desenvolvido ou vai desenvolver actuacións específicas ao respecto? En que sentido? Para que produto?

Valora o goberno realizar algún tipo de estudo específico ao abeiro das competencias e funcións do Instituto Galego do Consumo e da Competencia? E a través da Secretaría Xeral de Igualdade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denunciou ou recibiu denuncias o goberno galego respecto dalgunha discriminación en concreto?

Desenvolveu ou vai desenvolver estudos comparativos propios? De que tipo? Con que mostraxe? Para que tipo de produtos? Con base a que criterios?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2021 12:20:38

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2021 12:20:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e radicación das situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 a Xunta de Galiza e as organizacións sindicais maioritarias do país asinaron o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

O obxectivo do Protocolo era a erradicación dos casos de acoso laboral e outras discriminacións no ámbito da administración xeral e do sector público autonómico da Xunta de Galiza, considerando que tales comportamentos atentaban contra dereitos fundamentais da persoa como a dignidade, a integridade física e moral, a honra, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe; sendo obriga dos poderes públicos, en todo caso, de evitar e perseguir os comportamentos que vulneren os dereitos das persoas.

O Protocolo consideraba acoso laboral como a exposición a condutas de violencia intensa dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo, dende unha posición de poder, co propósito ou efecto de crear un ambiente hostil ou humillante que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perturbe a vida laboral da vítima; xa que logo o ámbito de actuación do Protocolo estaba dirixido á intervencións en situacións de relevancia non menor.

Asemade no Protocolo creábase un Comité de Intervención, centralizado, de composición paritaria (4 representantes da Xunta de Galiza e 4 das organizacións sindicais) coa función de recibir denuncias, investigalas e realizar os informes e propostas que procedan á vista das comprobacións realizadas. Inicialmente establecíase un prazo dun mes para a realización dos traballos de investigación e informe, que, ao seren considerado escaso, foi ampliado no ano 2019 ate os 6 meses.

O certo é que case 5 anos após da sinatura do Protocolo o mesmo non está sendo cumprido, como ven constatando e denunciando reiteradamente tanto a Confederación Intersindical Galega (CIG) -organización sindical que como sindicato máis representativo integra o Comité de Intervención- como a propia Valedora do Pobo que, ante a falla de funcionamento do Protocolo e do Comité de Intervención- propón a creación dunha nova figura, o “asesor confidencial”. Xa non é que non se estea a cumprir o prazo dos 6 meses para a investigación e emisión de informe, senón que non consta se dea o tramite e a información prevista ás denuncias que se formulan.

A falla de funcionamento do Comité de Intervención e do propio Protocolo non é unha cuestión menor, pois pode provocar o efecto contrario do que se perseguía no mesmo, isto é, a prevención e erradicación das condutas de acoso e discriminación. Así a presentación dun escrito de denuncia, necesario para por en marcha o mecanismo fronte ao acoso, provoca un incremento da intensidade do comportamento acosador e/ou discriminatorio, sen que se poda adoptar medida de mobilidade en tanto non se inicia a actividade investigadora e se toman declaración ás persoas implicadas. Igualmente, ao contido do Protocolo e ao seu carácter de vía prioritaria, remítese a Inspección de Traballo na tramitación das denuncias que se lle presentan, polo que lonxe dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos pactados no seu día, o Protocolo está a ser un mecanismo para evitar a persecución e erradicación contra o acoso laboral e a discriminación no traballo público.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Entende o Goberno Galego que se está a cumprir o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galiza?

. Elaborou unha memoria anual dos casos de acoso laboral e/ou discriminación denunciados por traballadoras da Xunta de Galiza nos anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, e deulle traslados dos mesmos ao Comité de Intervención?

. Cal é o contido dos referidos informes, cantas denuncias se teñen presentados en cada un deses anos e cal foi o resultado da tramitación das referidas denuncias ou comunicacións de situacións de acoso laboral?

. Cantas medidas de mobilidade de posto de traballo, para evitar maiores prexuízos derivados dunha eventual situación de acoso laboral, adoptou a Xunta de Galiza en cada un dos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020? Cantas desas medidas foron a proposta do Comité de intervención?

. Entende a Xunta de Galiza que se está a cumprir o prazo de 6 meses para a investigación e emisión de informes nos procedementos regulados no Protocolo?

. Considera a Xunta de Galiza que a descentralización territorial do Comité de Intervención serviría para a axilización do seu funcionamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre a Xunta de Galiza que, como indica a Valedora do Pobo, cumpre crear a figura dun “asesor/a confidencial” para facer efectiva a prevención primaria fronte ao acoso laboral na administración xeral da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 01 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2021 12:49:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/02/2021 12:49:10



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 22 de Xaneiro de 2021 os veciños do barrio do Pino en Ourense alertaron da caída de varias chapas do muro perimetral que rodea a antiga estación de autobuses e O Pino en Ourense, durante as obras de demolición da Xunta de Galicia.

O desprendemento produciuse no entorno onde transitan os peóns das paradas provisionais de persoas viaxeiras situadas pola Xunta de Galicia, en tanto non se procedera a apertura da nova estación de autobuses.

Os bombeiros de Ourense, a instancia da asociación veciñal “As Termas“, interviron no lugar do accidente co fin de asegurar as chapas que caeran sobre a beirarrúa xunto a parada do autobús urbano que está funcionando como estación provisional, asegurando a zona e evitando riscos para os cidadáns que esperan o autobús.

Manifestando a referida asociación que solicitarían o Concello de Ourense e a Xunta de Galicia que se realice unha supervisión de tódalas chapas que pechan o solar con fin de evitar novos accidentes

Como xa indicou este grupo parlamentario en anteriores iniciativas rexistradas, as obras de demolición para a construción dunha residencia pública de maiores promovida pola Xunta de Galicia e financiada por Amancio Ortega, comezaron o pasado mes de outubro, á vez que se leva a cabo a execución da nova intermodal no barrio da Ponte, instalando de forma provisional dúas marquesiñas para dar o servizo de forma totalmente precaria.



En relación co anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que con anterioridade a construción da estación intermodal no barrio da Ponte, se procedera a demolición da antiga estación de autobuses, instalando dúas marquesiñas provisionais totalmente precarias para as persoas usuarias da estación?
2. Que medidas preventivas vai a adoptar o Goberno galego ao respecto do accidente acaecido o pasado 22 de xaneiro de 2020, na caída de varias chapas do muro perimetral que rodea a antiga estación de autobuses e O Pino, durante as obras de demolición emprendida pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/02/2021 12:08:55

Marina Ortega Otero na data 01/02/2021 12:09:04

Juan Carlos Francisco Rivera na data 01/02/2021 12:10:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/02/2021 12:10:43

Patricia Otero Rodríguez na data 01/02/2021 12:10:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Exposición de motivos

A crise da covid-19 está a demostrar a importancia da sanidade pública na vida dos galegos e galegas, mais está a amosar tamén moitas das debilidades que leva anos arrastrando, nomeadamente durante os gobernos do Partido Popular, caracterizados polo desinvestimento sanitario, a concentración dos servizos en zonas de maior acumulación de poboación e o progresivo desmantelamento dos servizos de atención primaria e dos hospitais comarcais.

Recentemente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dunha situación que debe ser reparada e corrixida con carácter de urxencia. No centro de Saúde de Viana do Bolo existen tres prazas de medicina xeral para atender a poboación en xornada ordinaria. Un servizo médico que atende a unha poboación duns 3.000 habitantes, mais que é fortemente avellentada, con moitas patoloxías e moi dispersa ao longo do territorio.

A primeiros do mes de xaneiro de 2021 trasladouse a outro destino unha das médicos que levaba moitos anos en Viana, fortemente recoñecida e apreciada na localidade. Debido a este traslado, quedou vacante unha praza de persoal médico no centro de saúde, quedando polo tanto cubertas só dúas das tres prazas. Esta cuestión debe ser corrixida pois nestes momentos, co impacto da pandemia da covid-19, é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profundamente necesario. Hai que ter en conta, que Viana do Bolo ten unha poboación moi avellentada e o termo municipal, e polo tanto o radio de acción do centro, abarca unha grande extensión con moitos núcleos de poboación, algúns moi distantes da capitalidade municipal, polo tanto a desaparición dunha praza de facultativo trae consigo graves problemas na atención médica dos veciños e veciñas de Viana. Polo tanto, é preciso cubrir con urxencia esta ausencia para non derivar nunha maior sobrecarga ás persoas especialistas que quedan atendendo e para evitar desprazamentos innecesarios.

Máis aínda, cómpre recordar que Galiza atravesa nestes momentos unha preocupante evolución da pandemia da covid-19, denominada como “terceira vaga” e que é máis preciso ca nunca ter unha atención sanitaria na Atención Primaria ben dotada, próxima e con persoal suficiente para facer seguimento das e dos doentes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para cubrir coa máxima urxencia a praza de médico do Centro de Saúde de Viana do Bolo que ficou sen cobertura por mor dun traslado?

Cando tivo coñecemento a Consellaría de Sanidade de que se daría esta situación? Que mecanismos arbitrou para a súa cobertura? Prevé que esta situación poida darse, proximamente, con algún outro facultativo deste centro ou desta zona?

Ten pensado a Xunta de Galiza cubrir esta vacante? En que prazo de tempo?

Ten avaliado o goberno galego o número de consultas aprazadas por esta circunstancia? E a sobrecarga nas outras persoas que atenden no centro?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2021 13:27:03

María González Albert na data 01/02/2021 13:27:06

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2021 13:27:16





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as actuacións a realizar para evitar os enfrontamentos entre percebeiros e bateiros na campaña da extracción da mexilla.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de decembro, aínda recente o comezo da campaña 2020/21 de extracción de mexilla que tivo lugar o 1 de decembro, a directora xeral de acuicultura e innovación tecnolóxica respostaba na comisión de pesca unha serie de preguntas deste grupo parlamentario en relación cos conflitos vividos entre bateiros e percebeiros na campaña 2019/20.

A directora xeral aseguraba naquela comisión que “neste ano 2020, e precisamente como consecuencia da covid-19, o sector dos percebeiros, viu como a súa actividade quedaba moi limitada, por non dicir impedida, polo peche da canle horeca, destino fundamental das súas capturas. Ao mesmo tempo, foi un ano especialmente malo no que se refire á presenza de semente de mexillón nas pedras e fixo que os bateiros precisasen acudir nas últimas semanas das súas autorizacións para recoller a mexilla necesaria para non deixar baleiras as súas bateas”.

Pois ben, apenas un mes despois desa resposta, volvéronse producir enfrontamentos xa en varias ocasións entre os dous sectores en distintos puntos da nosa costa e agora non estamos nas últimas semanas da campaña senón nas primeiras.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Preguntada tamén pola existencia, funcionamento e conclusións da mesa de traballo anunciada pola Consellaría do Mar no pasado mes de xuño de 2020, na que se analizarían con ambos sectores distintos aspectos para que os conflitos non volveran ter lugar, a directora xeral respostou que “o grupo de traballo existe e está constituído por tres representantes das asociacións de bateiros e por tres representantes das confrarías, e tiveron lugar cando menos ata o de agora catro reunións conxuntas nas que se está a analizar toda a normativa e distintas propostas, continuando aínda a día de hoxe as reunións, precisamente porque queremos dar continuidade de futuro a esta regulación, porque non se trata só de regular esta campaña, senón de facelo cara o futuro e non lle podo dicir cando poderemos ter esa solución que esperamos sexa definitiva e que podamos ter incluso algo para poder seguir incrementando medidas, tamén mesmo para esta propia campaña”.

É evidente que a mesa de traballo conformouse tarde para poder comezar a campaña de 2020/21 cunha regulación acordada á que o 15 de decembro, após o comezo da mesma, aínda non se chegara.

As desavinzas entre os dous sectores veñen de moitos anos atrás e xorden ao coincidir en determinadas zonas as autorizacións aos mexilloeiros para a extracción da mexilla en banco natural coas rochas nas que se extrae o percebe. A última normativa reguladora é do ano 2000 e resulta inexplicábel que, malia a se produciren desacordos entre os dous sectores case cada ano, a día de hoxe non exista aínda solución definitiva e se continúe a poñer en risco mesmo a integridade dos profesionais do mar.

As razóns que a directora xeral esgrimía na súa comparecencia do 15 de decembro persisten: A covid-19 está descontrolada, a canle horeca volve estar pechada e os bateiros xa advertiron publicamente de que “este ano imos necesitar máis mexilla ca nunca”. Se a isto engadimos que aínda non hai conclusións da mesa de traballo e, polo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto, tampouco hai acordo entre os sectores e normativa nova que regule a actividade, estamos diante , máis unha vez, das condicións que poden levar a novos e graves enfrontamentos. De feito, tanto bateeiros como percebeiros e confrarías advertiron á Consellaría xa no mes de novembro do que podía pasar.

A Consellaría ten a responsabilidade de mediar e buscar sen dilación un entendemento entre os sectores e a día de hoxe ten distintas propostas enriba da mesa de traballo para poder intervir naquelas zonas que se saben máis conflitivas e tendo en conta que este ano tamén se albisca ben difícil.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza dos recentes conflitos vividos entre mexilloeiros e percebeiros en distintos puntos da nosa costa por mor da extracción da mexilla?

. Que actuacións ten levado a cabo para tentar impedilos?

. Remataron os traballos da mesa conformada entre a Consellaría do Mar e os dous sectores afectados? Se é así, a que conclusión se ten chegado? Se non é así, que data manexa o goberno galego para que rematen?

. Dadas as difíciles condicións que se presentan este ano para ámbolos dous sectores, que previsións ten o goberno galego para poder evitar os eventuais conflitos que podan ter lugar entre mexilloeiros e percebeiros?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 01/02/2021 13:28:11

María do Carme González Iglesias na data 01/02/2021 13:28:15

Rosana Pérez Fernández na data 01/02/2021 13:28:28



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O Grupo Parlamentario Socialista tivo coñecemento de que o Sergas levará a cabo un cribado entre o alumnado e o persoal docente e non docente do IES de Allariz, dado que no último parte de Sanidade, suma 21 casos e un aula pechada.

Foi o propio centro o que solicitara a realización destas probas co obxectivo de detectar posibles asintomáticos.

Serán os proxenitores os que recibirán os SMS na que se indicará data e hora a que terán que acudir ao auto covid do Hospital Santa María Nai.

Tendo en conta que o pasado 13 de xaneiro, a Consellería de Sanidade realizou un cribado masivo de 1.500 persoas na propia localidade de Allariz, co fin de avaliar a situación epidemiolóxica e detectar asintomáticos para cortar a cadea de transmisión, e as probas se realizaron no pavillón municipal da referida localidade, parécelle razoable a este grupo parlamentario, que este novo cribado que vai a afectar a 285 alumnos/as e 37 traballadores/as entre persoal docente e non docente, así coma os pais e nais que van ter que desprazar os rapaces, e que en aras de evitar desprazamentos innecesarios, dado o momento crítico que estamos a vivir, que aconsella evitar desprazamentos, e co prexuízo de conciliación laboral que provocan, entendemos que sería axeitado realizar o cribado da mesma forma que o anterior, é dicir no pavillón municipal de Allariz, ao dispor de espazo axeitado para elo.

Consideramos da mesma forma que en casos similares, no que o Concello dispoña de espazos axeitados e afecte a un número considerable de poboación, como é o caso, esta debería ser o protocolo a seguir pola Consellería de Sanidade, e por todo isto a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:



Considera o Goberno galego que para evitar desprazamentos innecesarios, cando un cribado afecte a un número considerable de poboación, como é o caso do que se vai realizar o alumnado e persoal docente e non docente do IES de Allariz, deberían de realizarse as preceptivas probas na mesma localidade, si se dispón de espazos axeitados para elo?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/02/2021 13:50:57

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2021 13:51:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/02/2021 13:51:15



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O turismo é un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, con actividade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confiaron en que Xacobeo 2021 axudase a reactivalo. Non obstante, os brotes e as consecuentes limitacións á mobilidade e ao peche temporal de empresas xeraron unha vez máis gran preocupación.

O sector esperaba recibir miles de peregrinos e visitantes durante este ano. Ademais, as previsións económicas apuntaban á creación de 11.500 empregos e un aumento do PIB do 0,9%, pero o estalido da pandemia obrigou ao Goberno galego a repensar o seu desenvolvemento e o programa de actividades.

A pandemia covid-19 complica a celebración do Xacobeo 2021, un dos acontecementos máis agardados en Galicia e no que o sector turístico contou para a súa reactivación. Os brotes do virus e o aumento das limitacións de mobilidade impiden o seu normal desenvolvemento.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades, orzamentos e melloras que se van realizar neste Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia debería dar conta das accións previstas para o Xacobeo 2021 e que informe das medidas que se van tomar para adaptar as actuacións previstas ante a situación pandémica actual.

Na comparecencia da directora xeral de Turismo na Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do día 2 de decembro mencionou que a Xunta de Galicia vai dedicar 80 millóns a través de diferentes consellerías ao Xacobeo 2021. O día 20 de xaneiro de 2021 na comisión 6.^a, dixo 86 millóns. Nos orzamentos para o ano 2021 aparecen expresamente 37.656.353 para o Plan de reformulación do Xacobeo, 5.868.575 para a Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo e 1 millóns para a seguridade e protección no Camiño Xacobeo 2021 na partida de Protección Civil 212-A



O Grupo Parlamentario Socialista quere saber en que partidas orzamentarias das diferentes consellerías están os 80 ou 86 millóns do Xacobeo anunciados pola directora xeral de Turismo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as partidas orzamentarias que teñen as diferentes consellerías para o Xacobeo 2021?
2. En que se van utilizar as partidas das diferentes consellerías para o Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noa Díaz Varela

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 01/02/2021 14:22:55

Noa Susana Díaz Varela na data 01/02/2021 14:23:03

Martín Seco García na data 01/02/2021 14:23:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as modificacións na Lei do Deporte de Galicia a través da lei de acompañamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de xaneiro de 2021 o Diario Oficial de Galicia presentaba unha serie de modificacións en relación á Lei do Deporte de Galicia (Lei 3/2012, do 2 de abril) que tiñan a ver con cuestións fiscais e administrativas.

Entre varias destas modificacións destacan as seguintes:

O punto número 1 do artigo 57

«1. Realizar ou solicitar auditorías financeiras ou de xestión ou operativas, inspeccionar os libros e documentos oficiais que compoñan a contabilidade e organización da federación, para o que se poderá solicitar dos órganos federativos toda a información que se xulgue conveniente sobre estes e, en xeral, sobre as decisións ou os acordos adoptados pola presidenta ou polo presidente, pola asemblea xeral ou por calquera outro órgano, unipersoal ou colexiado, da estrutura federativa.».





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O punto número 6 do artigo 61

«6. A Administración autonómica poderá someter a xestión, a contabilidade e o estado económico-financeiro das federacións deportivas galegas a unha auditoría ou verificación contable, previa ou posteriormente á concesión de subvencións e axudas, consonte o estipulado no artigo 57.1. Así mesmo, a Administración autonómica establecerá mecanismos ou plans de viabilidade respecto das federacións deportivas cuxos indicadores presenten unha situación que poida comprometer a súa viabilidade.».

Máis alá das cuestións concretas de ditas modificacións, desde o Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación como esta práctica do goberno da Xunta de Galiza de legislar con total opacidade, de forma opaca e sen diálogo co sector afectado se está a converter ou xa se converteu na principal maneira de legislar do Partido Popular.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son os parámetros segundo os cales a Xunta de Galiza poderá establecer mecanismos de viabilidade sobre as federacións deportivas?

- Cal é a situación económica que ten que ter unha federación deportiva para que a Xunta de Galiza decida ou vexa necesario realizar ou solicitar auditorías financeiras ou de xestión ou operativas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que houbo o diálogo previo necesario co sector para levar a cabo modificacións de tanto calado e importancia?

- Considera a Xunta de Galiza que o mecanismo da Lei de acompañamento é o máis axeitado para realizar modificacións legislativas como as expostas anteriormente?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/02/2021 17:41:35

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2021 17:41:43

Daniel Castro García na data 01/02/2021 17:41:52



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 24 de setembro de 2020 a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciou a licitación das obras de reforma da contorna do campo da feira de Boimorto por valor de 122.382,75 euros, IVE incluído, financiada nun 70 % pola Xunta de Galicia e o 30 % restante polo Goberno municipal, en virtude dun convenio de colaboración asinado polas dúas administracións.

O obxectivo desta actuación é poñer en valor o campo da feira, acometendo a renovación e a mellora da contorna neste punto e tamén da Casa da Cultura, para ordenar a confluencia do tráfico rodado e peonil, renovando as beirarrúas e o pavimento de rodadura para mudalo por formigón coloreado, e crear unha zona de estacionamento de vehículos de 510 metros cadrados, tamén se realizará unha canalización soterrada da nova rede de recollida de augas pluviais e a renovación de luminarias e da súa instalación eléctrica.

No anuncio feito pola conselleira tamén se incluía o acondicionamento do parque próximo ao campo da feira mediante a plantación de céspede e colocación de mobiliario urbano, así como a renovación do pavimento do parque infantil da casa da Cultura e a instalación dunha nova rede de rego para o mantemento do xardín.

As ditas actuacións están enmarcadas dentro do chamado Plan Hurbe 2010-2019 cuxo obxectivo é apoiar ás entidades locais na execución de actuacións que contribúan a crear, mellorar ou humanizar espazos de uso público.

Tendo en conta que a conselleira anunciou que as ditas obras estarían executadas antes de rematar 2020, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) En que fase de execución se atopan as citadas obras no concello de Boimorto?
- 2ª) Cando van estar rematadas as obras contempladas neste proxecto enmarcado no Plan Hurbe?





Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 13:49:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/02/2021 13:49:58

Patricia Otero Rodríguez na data 01/02/2021 13:50:11



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase nun contexto de pandemia sen precedentes motivado polo coronavirus Covid-19.

Máis que nunca é fundamental blindar a sanidade pública para poder mellorar a seguridade da cidadanía fronte ao virus. Para o Grupo Socialista, unha das propostas máis urxentes é o reforzo da atención primaria.

O Centro de Saúde de Leiro conta con dúas prazas de facultativos en medicina de atención primaria para atender ao conxunto dos veciños e veciñas.

Neste intre un dos facultativos atópase de baixa laboral, e dita ausencia permanece sen cubrir. As consecuencias negativas para a cidadanía de Leiro son evidentes tendo en conta que se trata dunha poboación cun índice de envellecemento alto e dentro dun contexto de pandemia que o fai aínda máis preocupante.

Polo que o Grupo Socialista considera de vital importancia solucionar canto antes este feito polo ben da poboación afectada.

Polo exposto a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Considera a Xunta de Galicia necesario cubrir a baixa laboral do facultativo do Centro de Saúde de Leiro?

2.^a) Ten previsto tomar accións para resolver a falta de dito facultativo no Centro de Saúde de Leiro?

3.^a) Se non o ten feito, cal é o motivo?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 01/02/2021 20:21:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 9583
Data envío: 01/02/2021 20:23:53.826

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2021 20:21:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGLEIK9V81J6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Xose Luis Rivas Cruz, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as granxas de visóns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de novembro de 2020, o grupo parlamentar do BNG presentou diversas iniciativas parlamentares nas que alertaba sobre os contaxios de COVID nas granxas de visóns e facía un chamamento ao goberno galego para a adopción de diversas medidas.

Recentemente fixo público o primeiro foco de COVID en Galiza nunha granxa do concello da Baña, o que pon de relevo o grave risco deste tipo de explotacións, pola potencial transmisión de animais a humanos e a posibilidade de aparición de novas variantes do virus con mutacións que poderían condicionar a efectividade das vacinas. Unha realidade moi preocupante, que leva a persoas expertas e entidades a falar dunha auténtica “bomba pandémica”.

O pasado ano tiveron lugar numerosos episodios de contaxios de COVID en granxas de Holanda e Dinamarca. No caso de Dinamarca, adoptouse a decisión do peche das instalacións (1.200 granxas) e o sacrificio de millóns de visóns.

No caso de Galiza, a Xunta non asumiu plenamente as súas competencias e derivou a responsabilidade no goberno do Estado. A Consellaría do Medio Rural aplica



desde o pasado mes de setembro un programa estatal de prevención de COVID 19 nestas granxas. Trátase dun sistema de control pasivo, que só prevé análises no caso de que haxa animais con síntomas compatíbeis con COVID ou se algunha persoa traballadora dese positivo. Desde o BNG reclamamos desde aquela un programa de control preventivo activo en todas as granxas de visóns galegas.

Mais esta medida, con ser necesaria, non resolve o problema de fondo que é o alto risco de contaxios nos visóns e a existencia en Galiza de 26 granxas, a maior parte das que existen en España. É por iso que consideramos que resulta necesario proceder á clausura destas granxas, unha decisión que pode tomar a Xunta exercendo as súas competencias en sanidade e medio ambiente.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que medidas adoptou a Xunta para controlar os riscos de contaxios nas granxas de visóns existentes en Galiza?

. Cantos controis e de que tipo se fixeron nestas granxas desde setembro de 2020 até a actualidade?

. Cales foron os resultados deses controis?

. Ten previsto o goberno galego pechar as granxas de visións como medida cautelar e preventiva diante do risco de contaxio de COVID e perigo de transmisión de animais a humanos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Xose Luis Rivas Cruz

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2021 09:38:38

Iria Carreira Pazos na data 02/02/2021 09:38:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/02/2021 09:39:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar para garantir a asistencia ás traballadoras do sector loxístico e do transporte de mercadorías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos sectores chave á hora de enfrontar a crise sanitaria provocada pola COVID-19 é o sector loxístico e do transporte de mercadorías, fundamental á hora de abastecer á sociedade no contexto da pandemia.

No noso país están rexistradas máis de 7.000 empresas de transporte de mercadorías, contando con máis de 20.000 unidades de traballo, onde a maioría está dedicada ao abastecemento dentro de Galiza.

Sendo xa, por si mesmo, un traballo onde se pasa moito tempo de soidade na estrada, a súa situación vese agravada polas restricións impostas pola Xunta de Galiza, maioritariamente no que ten haber co peche da hostalaría.

As traballadoras do sector do transporte de mercadorías precisan do uso dos diferentes servizos que ofrecen as áreas de servizo e locais de hostalaría situados en puntos estratéxicos nas diferentes rutas por estrada utilizadas polo sector.

Para garantir os dereitos e á asistencia ás traballadoras do sector, é fundamental habilitar protocolos ou ferramentas que permitan desenvolver o traballo cun mínimo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade. Non é comprensíbel que se teñan que habilitar as cabinas dos camións como restaurantes, sen poder acceder a un comedor, ou que non sexa posíbel levar a cabo unha mínima hixiene persoal, ou facer uso dos aseos, ao estar estes pechados nalgunhas áreas de servizo.

Estamos falando, pois, dunha actividade esencial na que as traballadoras desenvolven a súa xornada laboral na estrada, cos riscos que isto comporta, sen ter garantidas unhas mínimas condicións que permitan desenvolver o seu traballo dun xeito correcto.

O noso país precisa do sector do transporte de mercadorías para abastecer á sociedade das cousas que precisa. É necesario garantir que poidan levar a cabo o seu traballo nas mellores condicións posíbeis.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora, a Xunta de Galiza, das pésimas condicións na que as traballadoras do sector do transporte de mercadorías teñen que realizar o seu traballo por mor do peche da hostalaría?

.Cales son os mecanismos que vai habilitar a Xunta de Galiza para revertir esta situación?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2021 10:20:37

Daniel Pérez López na data 02/02/2021 10:20:40

Paulo Ríos Santomé na data 02/02/2021 10:20:49



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Cerceda no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:17:23

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:17:38



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Abegondo no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:18:05

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:18:20



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Bergondo no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:19:18

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:19:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Betanzos no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:18:43

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:18:56



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Aranga no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:19:55

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:20:09



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Oza-Cesuras no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:20:39

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:20:55



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Miño no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:21:16

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:21:28



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Paderne no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:21:51

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:22:07



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Curtis no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:22:30

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:22:45



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Coirós no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:23:12

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:23:25



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Arzúa no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:23:56

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:24:21



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Sobrado dos Monxes no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:24:42

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:25:00



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Melide no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:25:23

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:25:36



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Santiso no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:25:55

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:26:10



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Boimorto no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:26:32

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:26:47



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Toques no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:27:08

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:27:22



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Frades no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2021 17:27:45

Pablo Arangüena Fernández na data 01/02/2021 17:28:03



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 22 de xaneiro de 2021, persoal do sector de limpeza de A Coruña, secundaron unha mobilización convocada polos sindicatos UGT, CC.OO. e CIG en demanda dun convenio provincial digno, en rexeitamento dunha conxelación salarial que formula a patronal con eliminación de dereitos establecidos no convenio colectivo coma o da xubilación parcial, propostas todas elas tachadas coma “*tomadura de pelo*” pola parte sindical.

Denuncian as centrais sindicais a inaplicación dun artigo do convenio colectivo, concretamente o artigo 8, que reserva as traballadoras e traballadores a tempo parcial as vacantes que haxa para postos a tempo completo, así coma o intento agora de eliminalo.

A maior abundancia manifestan que o convenio leva bloqueado dende fai máis dun ano, que data do 2017 (BOP 23/03/2017), publicándose unha revisión salarial no 2019 (BOP 26/03/2019) de só un 1,2 %, o IPC, determinando un salario mensual de unha limpadora ou limpador de 928,67 euros mensuais a xornada completa.

Instan por elo a un incremento salarial, concretamente dun 1,5 % con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2020 e abrir a negociación a unha subida salarial para este ano 2021.

A patronal por contra propón a conxelación salarial para o ano 2020 e unha subida dun 0,8 % para o 2021 e a perda de dereitos laborais, nun ano no que o contrario que a maioría de sectores produtivos, incrementáronse a limpeza e desinfección de edificios como centros educativos, centros de atención primaria, empresas, concellos, centros deportivos etc, incrementándose por tanto a carga de traballo e por conseguinte os ingresos das empresas do sector.

Advirten os sindicatos UGT, COO e CIG que se non hai modificación na postura da patronal, convocarán unha folga e insisten en que a mobilización do venres día 22 de xaneiro era a primeira dun calendario de protestas.



Debemos ter en conta que o sector da limpeza é un sector feminizado e altamente precario, e este grupo político defende todas aquelas cláusulas dos convenios que loiten contra a precariedade laboral que están a sufrir as mulleres en Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista avoga por non estender a precariedade laboral a un maior número de traballadores e desexamos que non se bloquee a negociación entre sindicatos e patronal, negociación na que debe rexer o principio de boa fe, co fin de chegar a un acordo que se reflexe nun convenio colectivo digno para as traballadoras e traballadores de limpeza de edificios e locais da provincia de A Coruña.

Traballadoras e traballadores os que este Grupo Parlamentario Socialista quere facer un recoñecemento pola súa dedicación laboral e espírito de solidariedade que fixeron e fan, nesta crise sanitaria, a nosa vida máis segura.

E non podemos deixar de preocuparnos porque o bloqueo da negociación puidera dar lugar a unha crise sanitaria ao constituír a desinfección de centros públicos unha labor esencial que garanta a seguridade das persoas usuarias.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego do retroceso de dereitos do persoal que se pretende ante a proposta da supresión da reserva ás traballadoras e traballadores a tempo parcial das vacantes que haxa para postos a tempo completo no marco da negociación do convenio colectivo que se está a levar a cabo neste sector?
2. Ten pensado o Goberno galego reunirse cos representantes dos traballadores e traballadoras do sector para escoitar as súas reivindicacións e realizar as xestións oportunas dentro das súas competencias?
3. Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante a posible convocatoria de folga polos sindicatos UGT, CC.OO e CIG e o grave problema de seguridade sanitaria que ocasionaría unha parálise das limpeza e desinfeccións que afectaría á cidadanía galega en medio da pandemia da Covid-19?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero





Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/02/2021 10:28:43

Marina Ortega Otero na data 02/02/2021 10:28:51

Julio Torrado Quintela na data 02/02/2021 10:29:01

Pablo Arangüena Fernández na data 02/02/2021 10:29:07



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais."* O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"as entidades supramunicipais interesadas"*.

De acordo con este marco legal, a Xunta de Galicia presentou o 30 de novembro de 2011 o mapa de xeodestinos de Galicia. Neste acto mediático, protagonizado polo presidente da Xunta de Galicia, déronse a coñecer 14 xeodestinos: Rías Altas, Costa da Morte, Terras de Santiago, Mariña Lucense, Lugo e Terra Chá, Ancares - Courel, Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense-Allariz, Celanova-Limia, Verín-Viana, Manzaneda -Trevinca, Rías Baixas e Deza-Tabeirós.

Desgraciadamente, o ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 – Lei de turismo en outubro, mapa en novembro – non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia – como dixo daquela – tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no DOG. A pesares diso, o mapa foi revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.



A confusión non se limita só á situación dos concellos, senón ós propios xeodestinos existentes na provincia de Lugo. Turismo de Galicia segue a recoñecer na súa web o xeodestino Ancares-Courel, que foi obxecto de presentación no stand de Fitur 2020. Pero ó longo do ano 2020, a propia Xunta de Galicia ten recoñecido de facto a división deste en dous: dunha banda un xeodestino Courel, e doutra o xeodestino Ancares-Terras de Burón.

Así, o 23 de setembro de 2020, a Axencia de Turismo de Galicia asinou un convenio co GDR Ribeira Sacra-Courel para "a reactivación do turismo no xeodestino Courel". O Courel aparece mencionado neste documento indistintamente como xeodestino e como subxeodestino, categoría esta última que non existe na Lei de turismo. Este xeodestino estaría formado polos concellos de Triacastela, Samos, O Incio e Folgoso do Courel, que terían indicado á Xunta o seu desexo de deixar de compartir xeodestino cos Ancares. Non obstante, o 24 de setembro, a Xunta asina un convenio para a reactivación do turismo no xeodestino Ancares-Courel.

E o 26 de novembro de 2020, os concello de Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro e Ribeira de Piquín acordaron a denominación do xeodestino Ancares-Terras de Burón, en resposta á saída dos concellos do sur. Esta asociación ten recibido xa fondos da Xunta de Galicia, que recoñecería deste xeito a súa existencia.

Compre salientar que, a pesares dos convenios firmados, a páxina web oficial de Turismo de Galicia non recolle ningún destes posibles cambios, e segue a considerar Ancares-Courel como un único xeodestino.

O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo para sobreporse ó efecto da covid.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos?
2. Vai a Xunta de Galicia proceder ao desenvolvemento do marco normativo, para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos, así como



a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/02/2021 10:38:57

Martín Seco García na data 02/02/2021 10:39:04

Patricia Otero Rodríguez na data 02/02/2021 10:39:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/02/2021 10:39:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xaneiro, Endesa anunciaba publicamente a súa decisión definitiva de acometer o peche precipitado da central térmica das Pontes por resultaren, segundo a versión da empresa, desfavorábeis as diferentes probas de biocombustíbel, aducindo “inviabilidade ambiental, técnica e económica da central”.

Xa na nota de prensa enviada pola empresa ese día, evidenciábase a súa folla de ruta encamiñada á obtención de megavatios eólicos. Días despois, a propia empresa anunciaba a intención de impulsar unha macroplanta de hidróxeno verde nas Pontes. Iso si, condicionada á obtención de fondos públicos nunha clara operación de substitución dunha tecnoloxía por outras sen asumir as súas responsabilidades co territorio e sen asumir a súa responsabilidade empresarial no negocio, nunha clara chantaxe ás administracións públicas, que deben reaccionar.

Para o BNG a conclusión é evidente: ou As Pontes ten un plan alternativo de desenvolvemento, con proxectos, datas e investimentos concretos, que garanta o emprego actual e futuro, promovido polas administracións públicas e con achegas moi importantes de Endesa, ou o Ministerio e a Xunta, que teñan as competencias, non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poden darlle prebendas e favores a Endesa en forma de megavatios, eólicos ou de evacuación.

Múltiples iniciativas sindicais, sociais e políticas demandan que a inevitable descarbonización non acabe sendo unha nova reconversión forzada e dramática sen alternativa no industrial para o noso país. Porén, a actitude tanto do goberno galego como do goberno central ten estado máis encamiñada a defender as súas propias axendas partidarias do que os intereses de Galiza, como amosa a lentitude da constitución de foros de traballo adecuados, o reparto de acusacións e a falta de compromisos en firme mentres o tempo pasa e a irrupción da crise sanitaria do coronavirus ten influído negativamente. Así mesmo, salienta negativamente a falta de compromiso coa industria auxiliar.

Esta situación debe activar unha resposta colaboradora e decidida por parte da Xunta de Galiza, que debe asumir as súas competencias en planificación industrial e enerxética e aspirar a que o noso país conte con voz propia en todo os foros e con capacidade para decidir directamente sobre as cuestións que nos afecta no lugar de permanecer nunha posición subalterna.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai esixir e impulsar o goberno galego medidas que garantan que se Endesa non poida lucrarse na obtención de novas oportunidades de explotación enerxética de Galiza ao tempo que incumpre os seus compromisos coas Pontes?

. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza respecto da situación das Pontes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o goberno galego os resultados das probas de biocombustíbeis?
Que resultados teñen dado as súas reclamacións?

. Como valora o goberno galego o funcionamento da mesa das Pontes? Está disposto a comprometer unha partida orzamentaria específica neste exercicio económico para as necesidades que poidan derivarse dela?

. Tense dirixido recentemente a Xunta de Galiza ao goberno central para esixir participación directa de todos aqueles foros de debate e decisión respecto da transición enerxética? De que forma e con que resultado?

. Considera a Xunta de Galiza asumible que mentres Endesa segue coa súa folla de ruta unilateral estea enriba da mesa a posibilidade de que asemade lle sexan adjudicada a potestade sobre os nós de evacuación?

. E novos megawattios eólicos sen compromiso industrial algún?

. Fai a Xunta de Galiza autocrítica respecto da súa falta de impulso industrial?

. Como valora o goberno galego a situación das empresas auxiliares?

. Como valora a Xunta de Galiza as intencións de Endesa respecto do hidróxeno verde?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 02/02/2021 11:27:06

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2021 11:27:09

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2021 11:27:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a modificación do “Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono”, que favorece plantacións forestais en terras agrarias e/ou incendiadas e a súa substitución por un modelo que priorice os modelos de xestión eficiente do monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2014 o Goberno central creou o “Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono”. Trátase dun mecanismo que permite que as empresas que xeran emisións de gases de efecto invernadoiro inscriban a súa actividade e o cálculo da súa responsabilidade na contaminación do aire acompañando este acto dun plan de redución de emisións.

Ademais, este rexistro permite que estas compañías compensen unha parte da súa pegada de carbono mediante o apoio económico a unha serie de proxectos forestais distribuídos por todo o Estado español cos que, a priori, contribúen á absorción de dióxido de carbono da atmosfera (secuestro de carbono). Así, as empresas que reduzan as súas emisións ou ben as compensen a través de proxectos forestais reciben un carimbo de calidade emitido polo Ministerio de Transición Ecolóxica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este mecanismo permite, en primeiro lugar, un proceso de lavado de cara para empresas contaminantes, que poden seguir contaminado se mercan "bonos de captura de CO2" para compensar o seu exceso de emisións de gases de efecto invernadoiro.

Pero, en segundo lugar, o mecanismo unicamente reconece como masas forestais "secuestradoras" de CO2 (e que polo tanto se poden beneficiar do financiamento ligado a este Rexistro) as masas que proveñen dun cambio de uso do terreo ou as plantadas nun monte arrasado polo lume.

Tendo en conta este feito resulta evidente que, de xeito indirecto, estase a fomentar a regresión de terras agrarias e de alta calidade agrícola a terreo forestal, como veñen denunciando entidades como a Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).

Isto resulta aínda máis grave se temos á conta a escaseza de terras de cultivo que sofre Galiza desde vai anos, cunha tendencia á baixa e unha substitución constante da SAU por plantacións forestais, nomeadamente de eucalipto (a superficie adicada a terras de cultivo en Galiza descendeu máis de 35.000 hectáreas na última década). Estamos, de facto, a bonificar o negocio do lume xa que se poden rexistrar os terreos queimados en reforestación para vender no mercado aberto polo decreto o seu volume de captura de CO2.

Pola contra, quedarían fóra deste rexistro de captura de CO2 e polo tanto dos bonos de compensación as masas forestais xestionadas e as derivadas das plantacións en terras forestais, polo que o resultado é que o Rexistro penaliza a boa xestión de masas forestais e favorece os montes queimados polo lume.

A ORGACMM leva anos reclamando ante o Goberno central e a Unión Europea a modificación de criterios deste mecanismo, esixindo a tipificación como





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

secuestradores de CO2 das plantacións e repoboacións en terreos forestais. Agora, a Dirección Xeral de Acción Climática da UE vén de responder favorabelmente á súa demanda recomendando que para os períodos 2021/2025 e 2026/2030 as terras forestais xestionadas e as terras que sendo forestais permanezan como tales tamén sexan incluídas no catálogo de secuestradores de CO2.

Neste contexto entendemos que é o momento de que a Oficina Española do Cambio Climático e o Ministerio para a Transición Ecolóxica cumbran coa recomendación efectuada pola institución europea e incorporen un cambio de criterio do que se beneficiarán as comunidades de montes galegas que están xestionando axeitadamente a súa masa forestal incentivado, ao tempo, as necesarias repoboacións para neutralizar as emisións de gases de efecto invernadoiro e contribuír na loita contra o cambio climático.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten pensado a Xunta de Galiza dirixirse ao Ministerio de Transición Ecolóxica para que cumpra coa recomendación da Unión Europea e faga un cambio de criterio modificando o decreto que regula o “ Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono” para primar como superficies secuestradoras de carbono aquelas derivadas dunha boa xestión forestal?

. Considera a Xunta de Galiza que unha modificación nese sentido sería beneficiosa para un modelo de monte sustentábel?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza compatíbel ese “Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono” nos termos en que está redactado coa Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza?

. Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de deixar de primar ou incluso sancionar as replantacións en superficies queimadas ou en superficies potencialmente agrícolas?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **María González Albert,**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2021 12:21:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/02/2021 12:21:05

María del Carmen Aira Díaz na data 02/02/2021 12:21:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 02/02/2021 12:21:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a valoración do resultado das obras de eficiencia enerxética en edificios administrativos e xudiciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando menos nos últimos 5 anos a Xunta de Galiza ven realizando numerosas e cuantiosas obras de reforma en edificios públicos para mellorar a eficiencia enerxética dos mesmos. Intervención que atinxen á envolvente dos edificios, actuando nos sistemas de illamento, pechamentos e fiestras, ou nos sistemas de climatización, así como na mellora da iluminación das oficinas instalando lámparas e luminarias máis eficiente conqerindo unha redución tanto na emisión de dióxido de carbono, como no consumo enerxético que pode chegar a ser máis dun 50% inferior ao sistema substituído.

Así a Xunta de Galiza computando unicamente os últimos anos licitou contratos de obras de mellora eficiencia enerxética por un importe moi superior a máis de 6 millóns de euros.

A execución das referidas obras financiadas totalmente con recursos públicos, maioritariamente con fondos Feder, atinxían a edificios administrativo da Xunta de Galiza, p.e. edificio administrativo de Vigo, Ourense, Lugo ou Pontevedra; ou a edificios xudiciais, p.e. Cambados, Santiago, A Coruña ou, sorprendentemente, no edificio xudicial de Ourense, de non moi lonxana entrada en servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Sendo razoábel a realización de investimentos para mellorar a eficiencia enerxética, así como para a redución das emisións de dióxido de carbono, resulta cuestionable -á vista dos orzamentos- se as mesmas foron eficaces, toda vez que non consta descenso algún no presupostado en consumo eléctrico, gas ou combustíbeis.

Así, na táboa inferior se consignan os custes presupostados pola Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Xustiza para enerxía eléctrica, gas e combustíbeis nos últimos 4 anos podéndose apreciar a exacta identidade no importe das partidas presupuestarias

	Secretaría Xeral Técnica	Dirección Xeral de Xustiza
Exercicio 2018	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €
Exercicio 2019	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €
Exercicio 2020	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €
Exercicio 2021	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €

A realidade anteriormente exposta permite dubidar da eficacia dos investimentos públicos realizados pois ao longo do tempo podemos comprobar como non existe previsión de aforro enerxético, do que se deduce que ou ben as obras non foron acaidas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou ben o Goberno Galego carece do máis mínimo rigor orzamentario. Cuestión que, dado que estamos a tratar de recursos públicos e de cantidades non desprezáveis, cumpre de aclaración.

E por iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten constancia a Xunta de Galiza se as obras para a mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos e nos edificios xudiciais en Galiza adxudicadas nos últimos anos foron executadas conforme ao contrato pactado?

Se as obras foron executadas conforme ao proxecto como é posible que a longo das últimas anualidades non existe previsión de aforro ningún e se prevea continuar con investimentos en enerxía, gas ou combustíbeis en cantidades superiores aos 5 millóns de euros anuais?

Considera a Xunta de Galiza que foi eficiente a súa xestión dos recursos públicos para o aforro enerxético?

No caso de que se producira tal aforro indicar a contía anual do mesmo e a razón pola que se omite nos orzamentos?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/02/2021 12:52:48

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2021 12:52:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao impacto da fenda salarial na economía galega e aos efectos da covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A permanencia da chamada fenda salarial por razóns de xénero é a mellor mostra da boa saúde do sistema patriarcal neste marco económico e laboral así como do fracaso das políticas públicas arbitradas ao respecto, que non acaban de despegaren do papel.

A finais de setembro de 2020, coñecemos os datos do Instituto Nacional de Estatística respecto do mercado laboral de 2018 a través da Enquisa de Estrutura Salarial (EES). Á luz dos datos, a redución na fenda salarial foi mínima e mantense en termos xerais en 5.283 euros. Así mesmo, o estudo tamén pon en evidencia outras cuestións relevantes, como que o número de mulleres que gañaron menos de 16.000 euros en 2018 foi maior que o de homes, amosando o gran impacto da precarización e da temporalidade.

A día de hoxe existe consenso arredor da evidencia de como a crise da covid-19 está impactando economicamente de maneira moi destacada ás mulleres, nomeadamente por mor do seu papel destacado en profesións especialmente precarizadas e/ou afectadas pola crise. Existen, polo tanto, indicios para ter activadas todas as alertas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente facíase público o informe A Economía Galega 2019/2020 elaborado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela. Entre outros aspectos obxecto de estudo, neste traballo recóllense evidencias e hipóteses respecto do impacto da covid-19 no mercado de traballo galego. Neste sentido, un dos aspectos que aborda o traballo é avaliar que podemos agardar respecto da recuperación dos salarios.

Neste sentido, o propio estudo advirte das dificultades de poder ter neste momento datos fiables que permitan coñecer o efecto real sobre os salarios e medir se as políticas públicas están paliando ou non eses efectos sobre as rendas. Porén, advertindo de que as crises económicas nunca teñen

efectos equivalentes entre grupos, sinalan a posibilidade de incidencia significativa sobre aspectos como a desigualdade, a pobreza e a brecha de xénero. Para estimar este impacto, desenvolven unha aproximación tendo en conta a evolución salarial na crise anterior e canto tempo levou recuperar os niveis salariais do 2008.

Esta prospección permítenos ver os resultados do período anterior e ter en conta, aínda tendo en consideración as diferenzas, aspectos interesantes para o período no que nos atopamos e, sobre todo, para o futuro respecto do que teremos que actuar. Neste sentido, o estudo sinala cuestións interesantes, singularmente, que “a crise iniciada en 2008 supuxo unha perda de postos de traballo que no inicio de 2020 aínda non se recuperara, pero tamén tivo un forte impacto sobre os salarios dos traballadores. En aparencia, a perda salarial recupérase totalmente entre 2017 (mulleres) e 2018 (homes), despois de acumular unha perda arredor do 10% no ano 2013. Porén, cando temos en conta as características das novas traballadoras e traballadores que se van incorporando aos novos postos de traballo, así como as melloras das características dos que conseguiron manterse no mercado de traballo neste período (promocións, máis antigüidade ou experiencia), observamos que a perda no salario día efectivo é aínda dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5% en 2018; e, polo tanto, a posible redución da brecha de xénero indicada pola evolución dos salarios observados en termos efectivos quedou anulada.”

É necesario que os gobernos e as políticas públicas atendan a permanencia e posible agravamento da fenda de xénero e factores que incidirán nesta cuestión, como a expulsión de determinados ámbitos laborais ou o repregamento das posibilidades de conciliación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións desenvolve a Xunta de Galiza para impedir que a crise da covid-19 supoña un empeoramento das condicións salariais das mulleres galegas?
- . E para impedir a non corrección da fenda salarial?
- . Que valoración fai o goberno galego respecto dos datos existentes sobre a fenda salarial?
- . E sobre os resultados para as mulleres traballadoras galegas da crise financeira e do seu impacto no marco laboral?
- . Cal considera o goberno galego que é a afectación á economía galega?
- . Valora o goberno galego a realización dunha auditoría do cumprimento da lexislación en materia de igualdade na administración pública e nas contratacións públicas que dela dependen?
- . E de estudos específicos desta cuestión no ámbito do CES? Nalgún outro ámbito?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2021 12:52:29

Daniel Pérez López na data 02/02/2021 12:52:36

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2021 12:52:45

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2021 12:52:56



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2015, comezaron os trámites ambientais para o Plan sectorial da liña de alta tensión do parque eólico de Monteagudo en Carballo ata a subestación de Morás en Arteixo, xa naquel momento a corporación municipal do Concello de Arteixo, mantivera por unanimidade unha posición desfavorable ao dito proxecto que atravesaba a parte occidental do concello, cunha liña de alta tensión de 66 kV que ten unha lonxitude de 14.300 metros e que ten a súa inmensa maioría de percorrido no concello de Arteixo.

Dende o Concello de Arteixo consideraban que non estaba suficientemente xustificada a necesidade desta infraestrutura eléctrica, nin estaba xustificada que atravesase toda a parte occidental do concello, xustamente o de maior calidade paisaxística e ambiental, nun concello cun alto grado de sacrificio industrial e de infraestruturas.

En outubro de 2015, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, elabora un detallado Documento de Alcance (DA) para a Avaliación Ambiental Estratéxica Ordinaria do Proxecto sectorial L.A. T. aéreo – subterránea 66 kV de subestación de parque eólico de Monteagudo a subestación de Morás. En devandito documento faise referencia aos comentarios do concello de Arteixo. Cinco anos despois, en Decembro de 2020, dende a Consellería de Economía, Empresa e Innovación, publícase ligazón ao documento “Estudo de impacto ambiental dá instalación LAT aéreo – soterrada 66 kV Parque Eólico Monteagudo – subestación de Morás” a fin de que, no prazo de 30 días, emítase informe sobre o antedito estudo de impacto ambiental (EsIA). O que reflicte o estudo ambiental é a mesma intención de realizar o proxecto de LAT cun trazado prefixado xa polo menos desde 2015, e que non tivo en conta as observacións realizadas non só do concello de Arteixo, senón tampouco as do Documento de Alcance da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O trazado proposto no proxecto de LAT atravesaba 13.600 metros no territorio de Arteixo, por tanto en Reserva da Biosfera, afectando de cheo á paisaxe, medio ambiente e sustentabilidade da única e última zona, de todo o concello de Arteixo, que aínda non está saturada de infraestruturas de enerxía eléctrica



(central térmica, subestacións e liñas de alta tensión), de infraestruturas de comunicación e transporte, de infraestruturas portuarias (ocupando a terceira parte do litoral de Arteixo), e de extensos polígonos industriais. Esa nova liña de alta tensión pretendida atravesaría eses 13.600 metros, con 47 torres de alta tensión de ata 42 metros de altura, afectando de forma crítica e irreversible ás unidades de paisaxe que reconece o POL de Xermaña, Sorrizo, Barrañán, Vales de 3 Barrañán, Lañas, Rego das Pontellas e Val do río Arteixo (Bolaños). Este territorio está comprendido, por suposto, na Reserva da Biosfera, pero ademais son moi próximos aos humidais costeiros, á Rede Natura de Costa da Morte, e a espazos singulares como a fraga de Sisalde –xunto á que se atopa un dos abastecementos de auga potable de Arteixo-, así como as paisaxes castrexas. Así mesmo, impacta notablemente no val de Loureda que corta transversal e lonxitudinalmente, en case 3 quilómetros. Trátase, como está reflectido no Plan estratéxico Novarteixo 2020, dun territorio que sería a última reserva da paisaxe e usos tradicionais do concello de Arteixo. Isto converteao proposto proxecto de LAT nun problema de primeira orde de magnitude para os intereses xerais municipais de Arteixo, na súa obrigaón de custodia do binomio poboación-territorio.

É absolutamente necesario evacuar a produción eléctrica do parque de eólico de Monteagudo (Carballo) cunha liña nova de máis de 14 quilómetros ata unha subestación situada no centro do concello de Arteixo? Non é posible evacuar a produción eléctrica dese parque eléctrico a instalacións eléctricas máis próximas, de Carballo ou mesmo da zona industrial da Laracha? Non sería posible, se non hai máis remedio, aproveitar as infraestruturas eléctricas de LAT xa existentes (e mesmo os seus corredores) para deseñar unha posible conexión coa subestación de Morás? Con todo, estas cuestións primordiais, non se expoñen (nin se revisan) ao longo do procedemento. Enténdese do anterior que son unicamente os criterios da compañía eléctrica os que determinan ese proxecto predefinido (onde o xogo con dúas alternativas non parece máis que unha ficción). Neste sentido, desde o primeiro momento, o documento que debería ser ambiental estratéxico carece de dimensión estratéxica, debido a que se limita simplemente a variar con dúas alternativas de trazado de proxecto, desde o parque eólico de Monteagudo (Carballo) ata o polígono de Morás (Arteixo) por dous corredores que atravesan esa única reserva de territorio máis natural e mellor conservado do concello de Arteixo. Pode observarse entón que con este plan sectorial e proxecto non se cumpre o resultado práctico que se persegue coa avaliación ambiental estratéxica, de acordo co exposto no Documento de Alcance da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referidas ás Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) de contribuír “ ao desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, a cohesión social e á mellora da calidade de vida da poboación e á



utilización racional do territorio e á sustentabilidade ambiental”. En todo caso, da análise ambiental e de sustentabilidade do proxecto pode derivarse un impacto practicamente irreversible e dunha gran magnitude sobre a paisaxe e medio natural mellor conservado de Arteixo. Cunha incidencia directa sobre a paisaxe, que queda degradado en toda a traza, así como a vexetación, o chan, o medio hídrico (con potencial afección a unha captación de auga potable de Arteixo), e da poboación pola instalación de corenta torres de alta tensión e toda unha franxa de protección ao longo da liña de alta tensión. Incluindo, entre outros efectos adversos, o notable incremento de risco de incendios sobre as masas forestais existentes, e a exposición a campos electromagnéticos e radiacións non ionizantes de máis de cen vivendas existentes na inmediación do trazado da liña de alta tensión. E todo iso, non se pode esquecer, coa soa finalidade de evacuar a enerxía eléctrica a producir no parque eólico Monteagudo (Carballo), atravesando A Laracha e cruzando cunha liña de alta tensión, durante quilómetros, a última parte do territorio de Arteixo que non está saturada de infraestruturas e instalacións de todo tipo.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que opinión ten o Goberno galego sobre as alegacións presentadas por unanimidade da corporación municipal do concello de Arteixo?
- 2ª) Aposta o Goberno galego por declarar de utilidade pública este proxecto que esnaquiza a única parte do concello de Arteixo que non está sometida ao sacrificio ambiental e paisaxístico?
- 3ª) Escoitará o Goberno galego á cidadanía de Arteixo e ás múltiples alegacións presentadas polos seus veciños e veciñas?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 02/02/2021 13:16:33

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/02/2021 13:17:06



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O artigo 20.1 da Lei de normalización lingüística obriga a fomentar a produción, a dobraxe, os subtítulos e a exhibición de produtos audiovisuais en lingua galega. Mais non parecen ser moitos os esforzos dados polo Goberno galego neste senso; moi ao contrario, seguen a ser escasos os recursos achegados para dar cumprimento a esta fin á vez que financian produtos audiovisuais que entre os idiomas ofertados non inclúen o galego.

É o caso recente da serie de ficción ‘3 caminos’ que, ideada para promocionar o Camiño de Santiago no Ano Xacobeo 2021, contou cunha axuda de 1,5 millóns de euros da Xunta de Galicia e de 250.000 euros da TVG. Estreada o 22 de xaneiro en exclusiva na plataforma Amazon Prime para 240 países do mundo, a serie pode verse en inglés e español e con subtítulos en español, inglés, italiano e portugués, mais non en galego, nin na dobraxe nin na lexendaxe.

A explicación radica en que é a TVG a que ten os dereitos sobre o territorio e o idioma, e o acordo chegado entre a produtora e a plataforma de exhibición, neste caso Amazon, outórgalle a exclusiva da estrea ao xigante estadounidense, que non contemplaba esta opción. A propia TVG xa anunciou que será este verán cando poderemos ver a serie en galego.

O que parece incompreensible é que a Xunta de Galicia e a Corporación da Radio e a Televisión de Galicia subvencionen produtos audiovisuais que non aseguren a dispoñibilidade do idioma galego entre as opcións de exhibición xa dende o momento da súa estrea. Deste xeito, todos os galegos e galegas estamos a sufragar produtos nos que a nosa lingua non ten ningunha presenza.

Esta situación depende unicamente de vontade política, xa que non é así nin noutras comunidades autónomas do Estado nin noutros países europeos, nos que existe a obriga de incorporar dende o primeiro momento o idioma propio.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Como explica o Goberno galego, que se invistan 1,5 millóns de euros públicos nun produto audiovisual que non está dispoñible en lingua galega?

2ª) En que outras ocasións recentes se financiaron produtos audiovisuais que non estaban dispoñibles en lingua galega?

3ª) Cal é a razón de que o Goberno galego non inclúa a dispoñibilidade do idioma galego entre os requisitos para financiar produtos audiovisuais?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 02/02/2021 13:25:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/02/2021 13:26:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a falla de remuda xeracional no sector pesqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con máis de 4.000 barcos, en Galiza o sector pesqueiro leva máis dunha década sufrindo un grave problema de remuda xeracional. A falla de xente nova no sector xa ten provocado que moitos buques preparados para saír ao mar non poidan saír de porto e teñan que atrasar durante semanas a súa partida, producíndose un dano enorme en toda a cadea de valor.

A escaseza de persoal afecta a todos os portos e a todas as frotas porque as condicións da vida no mar non atraen aos mozos. De feito, a Asociación Española de Titulados Náuticos Pesqueiros (AETINAPE), ten posto de manifesto que se debería investir máis se se quere que a mocidade volva a ver expectativas laborais no mar.

Entre as principais escolas náuticas de Galiza (Vigo, Ribeira, A Coruña e Ferrol) hai máis de 400 estudantes e, non entanto, os armadores critican os numerosos obstáculos burocráticos para podelos acoller en prácticas, e a propia Federación de Confrarías os moitos requisitos que se exixen incluso para ser mariñeiro.

Certo é que non existe só unha razón que explique que a xente moza non queira dedicarse á pesca, mais a realidade é que, mentres que as escolas náutico-pesqueiras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están no tope de alumnado, as distintas frotas teñen cada vez menos tripulación e xente cualificada e aos problemas que están atravesando (cambio climático, contaminación, aumento dos costes de produción, redución de TAC e cotas, falla de axudas, endurecemento da lexislación, redución de venda de peixe, etc.) súmase a apenas abordada falla de remuda xeracional que ameaza seriamente a continuidade das pesquerías a pequena e mediana escala.

Malia isto, as políticas pesqueiras que se veñen aplicando non teñen centrado a súa atención na dimensión social que en moitos territorios, nomeadamente Galiza, implica este apremante problema que, sen dúbida, condiciona xa todos os demais retos aos que o sector ten que facer fronte.

Non hai definida unha estratexia que recolla as necesidades formativas que o sector detecta, non se impulsa un achegamento e coñecemento real do alumnado da formación regulada cara ao propio sector extractivo, non se dá resposta efectiva ás necesidades formativas do sector mediante a organización de cursos e certificados de especialidade para o embarque nin se habilita a súa participación no deseño da oferta formativa, non se prioriza unha oferta de cursos de especialidade marítima axeitada e coordinada coas súas necesidades, non existe unha oferta suficiente de cursos, e moito menos de balde, para a obtención dos certificados necesarios e normalmente desenvólvense lonxe das localidades dende as que os traballadores teñen que desprazarse, non se fomenta a pesca artesanal como lugar de aprendizaxe do oficio da pesca para dar posteriormente o salto a outro tipo de pesquerías, non se buscan fórmulas para compatibilizar a actividade laboral e a formativa, hai un nulo impulso da presenza da muller, non se non se dota aos centros de ensino cos medios necesarios, tanto materiais como humanos para poder acadar obxectivos axeitados ás necesidades existentes ...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E fronte a todo isto, é a propia frota a que se ve na obriga de resolver soa a falla de man de obra nova e formada. Así, hai anos xa que veñen recorrendo a traballadores estranxeiros porque, malia a que nas oficinas de emprego hai ducias de persoas anotadas para traballar a bordo de buques pesqueiros, a maioría non poden ser contratadas porque ou non compren os requisitos ou non están realmente interesadas.

A contratación de persoas estranxeiras víñase levando a cabo por parte da frota galega cumprindo toda a lexislación vixente e sen maiores problemas. Mais, de novo, a administración, neste caso a central, ditou novas normas que dificultan, ou directamente impiden, esas contratacións que xa eran habituais.

O 8 de abril de 2019, a Secretaría de Estado de Migracións dita Resolución pola que se publica o Acordo polo que se aproban as Instrucións polas que se determina o procedemento para a concesión de autorizacións de residencia de traballo de nacionais de terceiros países enrolados en buques pesqueiros de pabellón español que faenan fóra da zona económica exclusiva (ZEE) de España, e do mar Mediterráneo, sen que exista acordo internacional de pesca.

Estas Instrucións establecen agora que non se permite conceder autorización de residencia e traballo sen ter previamente a capacitación para o exercicio da profesión (mariñeiro de pesca), cando, ata o de agora, ao traballador concedíasele o visado e unha vez aquí realizaba o curso de mariñeiro pescador. Así, hai neste momento un importante número de tripulantes estranxeiros, nomeadamente indonesios, en buques pesqueiros galegos.

Ademais, as Instrucións non citan en ningún momento aos tripulantes dos barcos que faenan nos caladoiros do Estado español e refírese só aos embarcados que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

faenan fóra da ZEE, polo que a frota volanteira, a arrastreira, a palangreira e a do cerco de Galiza e do resto do Estao queda directamente afectada.

As distintas asociacións do sector xa se teñen dirixido á Secretaría de Estado de Migracións e teñen conseguido a adhesión ás súas peticións da maioría dos buques das diferentes frotas que faenan no Cantábrico Noroeste, máis de 250, e de numerosas confrarías, sen que ata o de agora teñan recibido resposta ás súas demandas e, polo tanto, solución a esta gravísima problemática que xa mantén barcos amarrados a portos por non teren a tripulación mínima exixida.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita :

. Que valoración fai o Goberno galego da falla de remuda xeracional que está a padecer o sector pesqueiro galego?

. Que actuacións vén levando a cabo nos últimos dez anos e cales está a levar a cabo na actualidade para contribuír a mitigala? Existe algún tipo de avaliación sobre as actuacións realizadas? Cales son os resultados?

. Considera que a formación pesqueira que se está a impartir, regulada ou non, é a acaída para cubrir as demandas do sector? Cales son as accións que se están a realizar neste eido dende o Goberno galego?

. É coñecedora a Xunta de Galiza da problemática que se deriva para a frota pesqueira galega dende a entrada en vigor da Resolución do 8 de abril de 2019, da Secretaría de Estado de Migracións?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións levou a cabo para evitar que esa normativa inflúa tan determinantemente como o está a facer na contratación de tripulantes de terceiros países que ata o de agora a frota galega viña realizando sen inconvenientes?

. Púxose en contacto co sector para ficar á súa disposición e comprobar como a mencionada Resolución está mesmo a provocar o amarre a porto de numerosos buques galegos?

. Está disposta a dirixirse ao goberno do Estado e reclamar a inmediata modificación desa norma a fin de que non afecte á frota que faena nos caladoiros do Estado español?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/02/2021 17:14:05

María do Carme González Iglesias na data 02/02/2021 17:14:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 02/02/2021 17:14:19



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 150 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O SAF é un recurso esencial para as persoas maiores e dependentes. Galicia atópase dentro dun contexto de pandemia sen precedentes motivado polo coronavirus Covid-19.

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial nestes momentos tratándose dunha das actividades en primeira liña de acción e polo tanto de exposición ao virus.

É fundamental que as auxiliares de axuda a domicilio exerzan o seu traballo baixo as condicións de protección óptimas para previr contaxios entre as mesmas e o seu contorno e tamén dos propios usuarios e usuarias do servizo.

Polo tanto é urxente que a Administración autonómica proporcione material de protección para as mesmas como máscaras FFP2, xa que entre as súas funcións está o aseo por exemplo, no cal os propios usuarios non teñen máscara nese intre.

Así mesmo é fundamental un enlace provincial do SERGAS similar ao dos centros residenciais, para a realización periódica de PCR ao persoal do SAF e usuarios, así como axilizar probas e rastrexos derivados de contactos estreitos con positivos por Covid-19.

Neste momento o Grupo Socialista considera urxente priorizar ao colectivo do SAF para o plan de vacunación da Covid-19 en Galicia.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia necesario dotar de material de protección como FFP2 ao persoal do Servizo de axuda a domicilio?
- 2.^a) Considera a Xunta urxente un enlace sanitario provincial para a realización periódica de probas PCR?





3.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia de xeito urxente priorizar ao colectivo do SAF no plan de vacinación galego?

Pazo do Parlamento, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/02/2021 17:20:41

Julio Torrado Quintela na data 02/02/2021 17:20:53



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O sábado 30 de xaneiro o perfil da TVG en redes sociais convidaba nun post a “Elimina un” de catro testemuños concretos de persoas que protagonizaran algún tipo de información para, finalmente, quedar coa mellor das historias. Mais que un ‘xogo ameno’ para un espazo de humor trátase dunha parodia de mal gusto na que en realidade se pretende que o público ría a costa de cinco veciñas e veciños que prestaron o seu testemuño unicamente para a elaboración das informacións.

A este grupo parlamentario preocúpalle que a dirección da CRTVG non entenda que o “xogo” proposto con informacións dos servizos informativos é unha falla de respecto para con esas persoas por canto pretende facer mofa con algo que non o é. O emprego e emisión para outros propósitos por parte dos servizos informativos deses testemuños, ofrecidos no seu día con única vocación informativa, contravén calquera código deontolóxico.

A Lei de medios públicos establece como un dos seus principios inspiradores o respecto á dignidade humana, á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe. Publicacións como as que denunciámos son a constatación da continua deturpación dese texto normativo e do descoñecemento da verdadeira misión como servizo público da corporación, probablemente causado pola errada visión de partida que as persoas responsables deses medios teñen do que é o noso país e a nosa cultura.

Á queixa por parte deste grupo parlamentario sobre esta cuestión súmase tamén a petición dos e das propias profesionais da corporación para que deixen de efectuarse estas prácticas, que entre as cuestións de índole moral xa expostas, afectan de maneira notable ao seu traballo xornalístico por canto se pon en cuestión a súa propia credibilidade. Por todo isto as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai da utilización de testemuños unicamente ofrecidos con fins informativos para encher contidos de programas de humor?



2ª) Cal é a razón de que sempre sexan os mesmos perfís –xente maior e do rural– os empregados para estes propósitos? Obedece isto a algún tipo de estratexia de captación de novos públicos á que fai referencia moi a miúdo o director xeral da corporación?

3ª) Coñecía algún membro da dirección a intención de publicar o 30 de xaneiro ese contido do Galicia Noticias nas redes da TVG? Unha vez que se publicou, existiu algún tipo de contraorde para eliminar esa publicación?

4ª) Sabían as cinco persoas protagonistas deses testemuños que as súas declaracións ían ser empregadas para encher espazos supostamente humorísticos? Autorizárono?

5ª) É consciente a dirección da CRTVG de como esta práctica afecta ao normal exercicio da profesión xornalística?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 02/02/2021 17:45:53

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 02/02/2021 17:46:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a importancia para a economía galega do traballo doméstico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da covid-19 puxo de relevo a importancia da achega da forza de traballo das mulleres á sociedade. Por unha banda, a través das numerosas profesións que sendo esenciais para a crise están ocupadas maioritariamente por mulleres, por exemplo ámbitos como o dos coidados, o sector da alimentación ou o sanitario. Por outra banda, puxo de relevo tamén a importancia do traballo doméstico, tanto do regulado, como do que se desenvolve baixo o que coñecemos como “economía mergullada, como tamén aquel que desenvolven moitas mulleres sen remuneración algunha.

Cómpre salientar que o denominado como traballo doméstico ten sido un dos máis invisibilizados ao longo da historia. É este un ámbito moi importante de discriminación, tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo ilegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é necesario avanzar no fortalecemento do sistema público de atención ás necesidades sociais, no recoñecemento e dignificación e equiparación de dereitos das traballadoras do fogar e tamén no estudo pormenorizado do que supón o traballo invisíbel que se desenvolve nos fogares, de cal é o seu valor económico para que sexa recoñecido na súa xusta medida o seu valor social. Coñecer cal é a realidade da que estamos a falar é o paso mínimo e imprescindible para transformar a realidade.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa contribución non remunerada que lle regala a vixencia do sistema patriarcal. Un dos estudos máis significativos que temos sobre a realidade galega é a estimación que desenvolveu o Instituto Galego de Estatística respecto do valor xerado polas actividades no ámbito doméstico, que representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Porén, desde entón non se desenvolveu en Galiza un novo estudo ao respecto. A lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021 fixa entre os seus obxectivos a inclusión da perspectiva de xénero. Porén, ao abeiro deste marco temporal non se ten fixado como prioridade e tampouco se inclúe no Decreto 227/2020, do 23 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galiza para 2021. Se ben é certo que o Parlamento poderá debater sobre unha vindeira lei para o próximo período estatístico, tamén o é a necesidade de que unha cuestión tan importante para a igualdade das mulleres non demore.

Neste sentido, cómpre recordar que no ano 2020 o feminismo galego situou no centro do debate que “sen coidados non hai vida” e efectivamente, nese mesmo ano a pandemia da covid-19 puxo de manifesto a importancia deste ámbito, onde todos os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudos indican unha enorme desigualdade que penaliza ás mulleres. Coa emerxencia da covid-19 este asunto adquire unha gran relevancia, pois coñecemos xa a importante afectación ás mulleres, tanto do punto de vista laboral como de sobrecarga das responsabilidades atribuíveis ao ámbito persoal e familiar. Polo tanto, é de prever un aumento da achega desta forza de traballo das mulleres e debemos avaliar que supón iso para a economía galega e como penaliza as súas condicións de vida de cara a impulsar políticas públicas conducentes a visibilizar e valorizar ese traballo e a reducir as desigualdades existentes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Considera a Xunta de Galiza que debe ser estudada de forma prioritaria e urxente cal a achega á economía galega da denominada produción doméstica e a súa desigual distribución na sociedade?
- . Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar visibilidade e dignificar o traballo no fogar?
- . Vai pór freo a Xunta de Galiza á súa política de baleirado e degradación dos servizos públicos de forma que as súas funcións deixen de recaer no traballo non remunerado que maioritariamente desenvolven as mulleres?
- . Ten estimado a Xunta de Galiza que supón para a economía galega o traballo invisíbel que desenvolven maioritariamente mulleres no noso país?
- . Cales son as razóns de que non se teña desenvolvido ao abeiro do Instituto Galego de Estatística unha nova conta satélite da produción doméstica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o goberno galego que neste contexto histórico é necesario ou prescindible medir o impacto económico do ámbito dos coidados?

. Considera a Xunta de Galiza que a súa atención para a conciliación e a dependencia é suficiente e evita que ese traballo siga recaendo en moitas mulleres que o realizan gratuitamente a custa das súas carreiras profesionais e calidade de vida? En que se basea?

. Como avalía o goberno galego que tantas mulleres no noso país renuncien a traballar para asumir tarefas de coidados?

. Cre o goberno galego que sería posíbel o sostemento deste sistema económico sen ese traballo invisíbel?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2021 18:08:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 02/02/2021 18:08:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2021 18:08:48

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2021 18:09:03





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa á afectación da pandemia da covid-19 e da reestruturación do sistema financeiro no acceso a crédito de particulares e pemes e as medidas que debe impulsar o Goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa irrupción da pandemia da covid-19 o mundo en xeral e Galiza en particular viven importantes consecuencias no plano económico e financeiro. Entre elas estivo desde o primeiro momento a dificultade no acceso ao crédito, cuestión dificultosa tanto para particulares como para empresas.

Esta cuestión da dificultade no acceso ao crédito, se ben agudizada polo impacto da pandemia e a súa imprevisibilidade, non é nova, pois é unha das múltiples consecuencias do progresivo desmantelamento do sistema financeiro galego e da transformación mundial das entidades financeiras máis en colocadoras de produtos do que en fornecedoras de servizos financeiros.

Agora mesmo, a covid-19 veu a acelerar os pasos e financeiramente asistimos a unha nova fase na reconfiguración das oligarquías económicas, cunha aceleración de novas fusiones e o empeoramento obxectivo das condicións de acceso aos servizos financeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A isto súmase a situación derivada da propia pandemia. Por exemplo, segundo analiza o propio Banco de España no seu estudo de setembro de 2020 respecto da Evolución recente do financiamento e do crédito bancario ao sector privado non financeiro ,entre outras cuestións polo lado da oferta o aumento dos riscos asociado ao deterioro das perspectivas macroeconómicas e á maior incertidume actúan como factores de tensionamento nas condicións de financiamento. Neste e noutros estudos reconécese a importancia das administracións públicas como provedoras de crédito nesta difícil situación.

Cos últimos datos de setembro de 2020, Galiza conta cun volume de créditos de 41.448 millóns de euros e 67.616 en depósitos, polo que os créditos só supoñen o 61% dos depósitos existentes no país. É dicir, de cada tres euros en depósitos en Galiza, máis dun euro emigra para dar crédito a outros territorios. A mala evolución do crédito en Galiza véemola máis alá da coxuntura da covid-19 se observamos a serie histórica.

Tendo en conta a evolución da pandemia, que continúa sen data prevista de remate e coa incertidume de novas vagas, novas medidas e novas necesidades, o acceso á liquidez continúa a ser un dos asuntos económicos máis relevantes, e cómpre avaliar o papel das administracións públicas neste camiño e impulsar iniciativas e controis ao respecto para unha acertada intervención na economía.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións valora a Xunta de Galiza para incrementar o seu papel como provedora de liquidez aos axentes económicos galegos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como avalía a Xunta de Galiza a evolución dos créditos e dos depósitos de Galiza? E a afectación da pandemia?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos instrumentos de liquidez arbitrados ao abeiro das súas competencias?

. Considera que tería sido útil neste contexto que Galiza contase cun verdadeiro Instituto Galego de Crédito? Valora impulsalo?

. Como valora a Xunta de Galiza os instrumentos arbitrados por parte do Estado?

. E o papel xogado pola banca privada?

. Considera que sería o momento de impulsar novas formas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos do crédito?

. E de apostar por unha banca pública?

Santiago de Compostela, 02 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 02/02/2021 18:59:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2021 18:59:58

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2021 19:00:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta escrita, sobre os proxectos de análise de augas residuais como ferramenta de detección, seguimento e control da pandemia en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Edar Bens S.A puxo en funcionamento un proxecto de análise da presenza da COVID-19 nas augas residuais que chegan á planta depuradora de Bens, instalación que dá servizo aos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

Este proxecto de investigación multidisciplinar realízao de maneira conxunta unha equipa que inclúe investigadoras/es da microbioloxía, enxeñaría, matemáticas, informática e química da Universidade da Coruña, o INIBIC, o CHUAC, o CITIC e o CICA.

En xaneiro de 2021 comezaron a publicar os primeiros informes nos que advirten da presenza dun maior número de contaxios dos detectados polas autoridades sanitarias e que a transmisión do virus se estaba a producir en maior medida desde antes das festas de Nadal do que reflectían as cifras de novos positivos.

CovidBens é un exemplo da enorme potencialidade investigadora coa que contamos no noso país e como a I+D+i permite contar ao conxunto da sociedade galega





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mais sobre todo ás administracións públicas con ferramentas de detección, seguimento e control da COVID19 que facilitan a anticipación á hora de tomar decisións.

Alén diso, segundo diversas comunicacións da Xunta de Galiza, o goberno está a utilizar este mecanismo de análise das augas residuais para controlar a evolución dos gromos e repuntas da COVID-19 noutros concellos do país e en ámbitos máis concretos como, por exemplo, residencias de maiores.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . En cantos concellos se están a analizar as augas residuais como ferramenta de detección, seguimento e control da COVID19?
- . Que equipas e centros de investigación se encargan desta análise?
- . Que departamento ou departamentos da Xunta de Galiza recibe os datos e de que maneira se usan na xestión da pandemia?
- . Que resultados obtivo o Goberno galego na análise de augas residuais procedentes de residencias e en cantos e cales centros seu aplicou este modelo?
- . Apoia economicamente a Xunta de Galiza estes proxectos de investigación? De que maneira e con que contía?
- . Prevé a Xunta de Galiza ampliar a análise de augas residuais a máis lugares e mesmo chegar ao conxunto do país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 10:10:36

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2021 10:10:43

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2021 10:10:50

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2021 10:10:59



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 6 de maio de 2019 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nun encontro coa alcaldesa do municipio de Boimorto, anunciou a adxudicación da redacción do proxecto para dotar de saneamento aos núcleos de Viladóniga, Outeiro e Pedral cun investimento previsto de 400.000 euros.

Para a realización da dita obra correspóndelle ao concello, segundo o acordado entre as partes, realizar as xestións precisas para poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para poder acometer as obras, por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) En que fase se encontra o proxecto para dotar de saneamento aos núcleos de Viladóniga, Outeiro e Pedral?
- 2ª) Cal é o prazo de execución da obra?
- 3ª) Cando van iniciar as obras?
- 4ª) Están os terreos necesarios para poder executar a obra a disposición da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/02/2021 17:35:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/02/2021 17:36:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A CRTVG leva anos inmersa nun proceso de renovación tecnolóxica que, lonxe de facilitar o traballo ao persoal da corporación, está a supoñerlle toda unha carreira de obstáculos por canto presentan fallos de funcionamento que están a impedir unha mellora na calidade técnica do produto e nas rutinas profesionais.

Así o poñía de manifesto o propio Comité Intercentros o pasado 29 de xaneiro nun comunicado no que de maneira unánime denunciaban “o constante deterioro das emisións que poñen en cuestión a encomenda de servizo público dos medios de comunicación públicos de Galicia” e esixía depurar responsabilidades no seo da corporación.

Para o pleno do Comité, estanse a tomar decisións “que inflúen na calidade da prestación que ofrece o medio e que fai dificilmente xustificable o recente investimento en renovación tecnolóxica acometido pola CRTVG”. Estas decisións inflúen ademais directamente nas condicións e a carga de traballo do persoal.

Concretamente, o Comité Intercentros sinala no seu comunicado a inaceptable calidade nas retransmisións, especialmente as deportivas, que se realizan a través dun modelo tecnolóxico “inadecuado por vontade técnica”, o que ademais de ocasionar “serios problemas no traballo a todo o persoal implicado” provoca tamén as protestas da audiencia “e doutros medios de comunicación interesados no sinal da TVG”.

A estas denuncias súmanse tamén dende hai tempo as do persoal que traballa nas delegacións territoriais, que sinalan problemas técnicos co software de gravación de *offs* así como co de edición, ademais do mal funcionamento da aplicación LUCI para subtítulo e titulado. Por outra banda, os novos sistemas non solucionaron os numerosos fallos técnicos, que veñen de vello na TVG, que se producen nas emisións.

Á vista da denuncia unánime do Comité Intercentros da CRTVG, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Coñece o director xeral o malestar xeneralizado entre o persoal da CRTVG co actual modelo tecnolóxico?

2ª) É coñecedora a Dirección Xeral da Corporación das críticas efectuadas pola audiencia con respecto á calidade de determinadas retransmisións deportivas, así como doutros medios de comunicación que empregan o sinal da TVG? Pensa tomar algunha decisión ao respecto?

3ª) Ten pensado a Corporación realizar algún cambio tecnolóxico para solucionar de maneira urxente o problema coas retransmisións en directo?

4ª) Como pensan solucionar os repetidos fallos técnicos que se producen nas emisións da TVG?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 02/02/2021 18:55:09

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 02/02/2021 18:55:23



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A saúde mental é considerada por unha gran parte dos/as profesionais que se dedican a ela como unha rama minusvalorada dentro dos sistema sanitario. Esta consideración ten a súa orixe na tendencia a reducir o impacto visible e a difusión sobre as cuestións relacionadas coa saúde mental, a tentar de ocultar os debates e a considerar que a sensibilidade dos temas que trata debe levar a facelo con menor atención. Froito disto, que tamén crea unha conciencia social de agochamento, sumado a certas cuestións culturais e históricas, resulta que a saúde mental vén sendo sempre menos atendida dende os sistemas sanitarios do que debera. Como consecuencia disto, por poñer un exemplo, atopámonos coa deslocalización de diversos servizos de saúde mental fora dos centros sanitarios de referencia, afastándoos e xerando un sistema paralelo aparte.

A realidade actual en Galicia é dura para este ámbito asistencial. As ratios de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especializada son as menores de España en profesionais por habitante, e o déficit de recursos persoais tamén se acompaña de falta de medios materiais axeitados.

Galicia ten pendente unha necesaria unidade de hospitalización infanto-xuvenil para o sur da comunidade, así como revisar a súa capacidade asistencial e a calidade do tratamento no centro psiquiátrico de Conxo, sinalado polo Defensor do Pobo a través dos informes do Mecanismo Nacional para a Prevención da Tortura.

Os datos sobre suicidios seguen a ser alarmantes na nosa comunidade, con índices que destacan en negativo respecto do conxunto de España, a pesares de contar con especialistas dentro do sistema que teñen amosado unha enorme capacidade de desenvolvemento de programas beneficiosos para os pacientes e a sociedade en xeral. O concepto do sistema como compartimentos estancos dificulta a coordinación de actuacións, o que provoca maiores dificultades para afrontar o problema.

A pandemia provocada pola covid-19 vén a disparar a grave preocupación da situación da saúde mental. Por un lado as persoas que estaban en tratamento e



seguimento tiveron, dende o principio da pandemia e por mor das restricións e da orientación dos recursos ao combate contra a covid, problemas para a continuidade. Estas interferencias dificultaron en moitas ocasións a adherencia e limitaron a capacidade do sistema de facer unha atención máis personalizada e eficaz. Por outro lado a duración e a gravidade da situación pandémica provoca novos cadros clínicos e agudiza situacións latentes. A coñecida como “fatiga pandémica” é so un de tantos problemas, como os asociados á soidade non desexada, especialmente en pacientes de maior idade, ou a dificultade para novos diagnósticos que ten o sistema.

A saúde mental será a gran resaca das últimas etapas da pandemia, e da situación post-covid. Fronte a elo, o enésimo lanzamento do Plan galego de saúde mental, que dende 2012 vén sendo anunciado en épocas preelectorais pero logo esquecido, parece acompañarse agora dunha intención de aparentar investimentos. Non son coñecidas, non en tanto, iniciativas encamiñadas a incrementar o volume real e efectivo de profesionais de saúde mental no sistema, e as dotacións económicas que se inclúen nos orzamentos 2021 son exiguas dadas as necesidades detectadas polos propios profesionais.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a dotación de medios humanos e materiais dos servizos de saúde mental de Galicia é axeitada?
2. Recoñece o Goberno da Xunta de Galicia a necesidade urxente dunha nova unidade de hospitalización infante – xuvenil para o sur de Galicia?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar un esforzo de contratación de persoal en saúde mental que pretenda achegarse ás medidas do conxunto de España?
4. Que opinión mantén o goberno da Xunta de Galicia sobre a separación física que manteñen algúns servizos de saúde mental respecto dos centros hospitalarios e como valora a posibilidade de incorporalos plenamente a estes?
5. Por que o Goberno da Xunta de Galicia non ten tomado as medidas necesarias para resolver as graves eivas detectadas polo Defensor do Pobo respecto do centro psiquiátrico de Conxo?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2021





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 10:43:00

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2021 10:43:06

Marina Ortega Otero na data 03/02/2021 10:43:17



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia sitúase como unha das comunidades autónomas de España con maior incidencia de problemas de saúde mental, con índices crecentes ano a ano dende un estimado do 15 % a principios da década ata a estudos que apuntan a unha taxa actual que se achega máis ao 20 %, en función da interpretación dos datos oficiais do sistema nacional de saúde.

Esta incidencia actual, ademais do feito diferencial propiciado pola propia Comunidade Autónoma, vén sendo afectado polo período de crise económica e as condicións laborais e vitais, en permanente tensión e inestabilidade, que se producen habitualmente e que se incrementan nos últimos tempos.

Non en tanto, a presenza dos e das profesionais de psicoloxía non camiña acorde a esta realidade dentro do Sergas. Non chega ao centenar de psicólogos/as no sistema público de saúde de Galicia, o que supón unha ratio de menos de 4 profesionais por cada 100.000 habitantes (3,7 máis concretamente), cando as recomendacións estándares da Estratexia Nacional de Saúde Mental do ano 2014 sitúan o axeitado en torno ao 4,3 (para o que farían falta uns 20 máis dos existentes). O notorio déficit de profesionais da psicoloxía no sistema provoca problemas de calidade de asistencia sanitaria en saúde mental, e as persoas que entran ao sistema a través das consultas de medicina de familia e comunitaria afrontan, en moitas ocasións, a dicotomía de esperar citas que tenden a demorarse de 3 a 6 meses para a primeira visita ou optar por un tratamento farmacolóxico xeneralizado que remite algunha sintomatoloxía aparente de maneira máis inmediata, aínda que non afronte a realidade do problema que permanece latente. Os profesionais de medicina de familia e comunitaria atópanse co mesmo problema dende o outro lado, pois non teñen apenas máis recursos que os mencionados para afrontar un problema que deben e queren axudar a solucionar.



Ante isto, a convocatoria de prazas para profesionais de psicoloxía na última década e practicamente inexistente (3 prazas dende o ano 2010).

Dado que o primeiro contacto co paciente prodúcese en atención primaria a maior parte das ocasións, dende os colectivos profesionais de psicoloxía vense poñendo o foco na posibilidade de incorporar a profesionais da saúde mental aos servizos de atención primaria. Esta situación permitiría afrontar de maneira máis inmediata e con maior especificidade as problemáticas de saúde mental xurdidas nestes servizos, así como desafogar aos demais servizos de saúde mental que poderían afrontar cuestións máis concretas e con outro plantexamento asistencial.

A ausencia dunha planificación real e efectiva en saúde mental por parte da Xunta de Galicia, que explotou a súa capacidade de anunciar estratexias e plans que non se terminan por levar a cabo nunca, ofrece un panorama disperso e de dificultosa eficiencia dende o punto de vista da planificación e a organización. O funcionamento dalgúns servizos e a súa eficacia no freo e control de problemas existentes no panorama autonómico, como o exemplo das experiencias de plans contra o suicidio en Ourense, teñen dificultades para ser estendidas ao conxunto do territorio por esta falta de recursos humanos e de planificación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia a situación actual da capacidade e calidade asistencial do Sergas respecto da saúde mental?
2. Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia sobre a saúde mental en Galicia de maneira inmediata?
3. Que compromisos pode adquirir a Xunta de Galicia sobre melloras e implementación de novos recursos nos servizos de saúde mental no Sergas?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2021 10:55:25
Nº Rexistro: 9741
Data envío: 03/02/2021 10:55:25.060

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 10:46:55

Marina Ortega Otero na data 03/02/2021 10:47:02

CSV: BOPGDSPGLEIK9V81J6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Julio Torrado Quintela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación xerada pola covid-19 está causando estragos en todos os sectores económicos do país. A terceira onda da pandemia aproxima a caída do PIB en Galicia a -11,1 % , segundo os estudos de Funcas, unha caída moi superior o -9,7 % prevista inicialmente nos orzamentos da Xunta de Galicia recentemente aprobados. E certo, que outros centros de estudos como o Foro Económico de Galicia prevén un minoración na caída do PIB próxima o - 9 %.

Con todo, a crise ten impactado de xeito asimétrico na economía do país, con especial virulencia naqueles sectores que se vén directamente afectados polas medidas de restrición de aforo ou peche decretados pola Xunta de Galicia.

As últimas medidas adoptadas polo Goberno galego veñen de limitar a práctica deportiva unicamente o aire libre, de xeito individual e con máscara, polo que novamente os/as profesionais e as empresas xestoras de instalacións e entidades que prestan servizos deportivos volver a ser dos sectores máis afectados.

Un sector que o longo dos últimos dez meses se veu afectado de xeito intenso polos peches temporais decretados, con grave afectación nos ingresos -unha caída media no estado dun 53 % en termos inter-anuais-, e en consecuencia, no emprego.

Recentemente A Plataforma galega pola Educación Física, promovida polo Colexio Oficial de Licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia), e a Asociación de Empresas Xestoras de Instalacións Deportivas de Galicia (AEXIDEGA) e a Asociación Galega de Xestión Deportiva (AGAXEDE), vén de solicitar que dende a Xunta de Galicia se atenda as necesidades do sector, mediante a articulación dun plan de axudas específico, ademais de que se considere os servizos de educación física, actividades e deportes prestados por empresas como unha actividade esencial, na súa cualificación de que o deporte en si mesmo é unha actividade de interese público conforme determina a Lei 3/2012 do deporte de Galicia.



Xunto co peche das instalacións deportivas a Xunta de Galicia vén de suspender as competicións deportivas federadas de ámbito autonómico o cal, en si mesmo, acredita un dano importante que ameaza a supervivencia de moitos clubs galegos.

Diante desta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai adoptar o Goberno galego un plan específico de axudas directas para empresas e entidades xestoras do deporte en Galicia que se viron abocadas a restricións e peche como consecuencia das medidas clínicas adoptadas pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Julio Torrado Quintela

Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 11:11:00

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 11:11:09

Paloma Castro Rey na data 03/02/2021 11:11:16

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2021 11:11:40



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No concello pontevedrés de Ponte Caldelas, existe un fermoso chalé de estilo indiano situado no casco urbano, que no seu día foi cedido á Administración, polos seus propietarios para a construción dun centro de apoio a persoas con discapacidades físicas.

O inmovible foi restaurado pola Xunta de Galicia no ano 2009, no anterior goberno do bipartito, cun investimento público de 407.803 euros, facendo deste edificio un lugar accesible, dotado de tódolos servizos.

O edificio conta con varias plantas, habitacións individuais con baños adaptados, amplas zonas comúns, cociña, e un precioso xardín. Ademais de estar situado nun entorno privilexiado, cunhas preciosas vistas.

No ano 2009 produciuse un cambio de goberno e o PP deixou este proxecto abandonado, gardando a chave nun caixón e mantendo esta casa pechada.

O alcalde de Ponte Caldelas pediulle á Xunta de Galicia en moitas ocasións retomar este proxecto inicial, pero ante as dificultades expostas polo Goberno autonómico para destinalo a este fin, mudou a súa petición e solicitou á Consellería de Política Social a posibilidade de reorientalo a un centro de día para persoas maiores.

Ponte Caldelas, como outras moitas localidades do rural galego, ten unha poboación moi envellecida, e no seu municipio e incluso na bisbarra, non existe ningún centro de maiores de carácter público, pola que sería moi necesario.

Pero a pesar desta necesidade, a Xunta de Galicia, négase a abrir e dar uso a este inmovible, permanecendo o mesmo pechado, pese a atoparse en perfectas condicións, totalmente equipado para a función que se pretende e, polo tanto, apenas precisa investimento.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia mantén pechada dende 2009 a Casa da Quintán en Ponte Caldelas?
2. Ten pensado destinar este inmovible totalmente equipado para algún fin?
3. Vai a Xunta de Galicia instaurar un centro de día para maiores na Casa da Quintán en Ponte Caldelas?
4. Non cre necesario a creación dun centro de día no municipio de Ponte Caldelas, ao non existir ningún en toda a bisbarra?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/02/2021 11:23:14

Marina Ortega Otero na data 03/02/2021 11:23:27

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 11:23:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 2 de xaneiro, o Congreso acordou a admisión a trámite da lei de traspaso ao goberno galego das competencias sobre a AP 9. Trátase dunha proposta que xa fora aceptada no Congreso en decembro de 2018, mais que decaeu daquela debido á disolución do Parlamento e a convocatoria de eleccións xerais de 2019.

Cómpre lembrar os antecedentes desta iniciativa, que hai que situalos na aprobación polo parlamento galego, no mes de setembro de 2015, dunha proposición de lei do BNG na que se demanda a transferencia da autoestrada e o rescate da concesión. Esta proposta foi vetada polo goberno central, presidido por Mariano Rajoy, aducindo razóns de falta de previsión orzamentaria para levala a cabo.

Posteriormente, no inicio da X Lexislatura foi aprobada de novo por unanimidade no parlamento galego a proposición de lei e de novo vetada no ano 2017 polo goberno central presidido por Mariano Rajoy.

A proposta foi de novo aprobada polo Parlamento galego en 2018 e daquela, despois da moción de censura superou o veto do goberno e foi admitida a trámite, co resultado xa mencionado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora estamos na cuarta tentativa de aprobación desta proposta, que deu un paso adiante coa admisión a trámite no Congreso mais que ten por diante aínda un lento trámite parlamentar.

Tendo en conta estes antecedentes, que levamos máis de 5 anos de retraso na aprobación desta iniciativa, e tendo en conta o acordo case unánime mostrado no pleno do Congreso, entendemos que é urxente abrir a vía da negociación directa co goberno central mediante a convocatoria da comisión mixta Xunta-Goberno central para o estudo da transferencia da AP 9 e doutras competencias pendentes, sobre as que supostamente existe acordo entre as forzas políticas do Parlamento galego.

Por outra parte, esta vía da comisión mixta non debe obviar outras liñas de actuación referidas á AP 9, entre as que cabe sinalar os acordos do parlamento galego para a mellora da xestión da concesión e acabar cos abusos da concesionaria, a efectivización canto antes do acordo impulsado polo BNG para implantar bonificacións que reduzan sensibelmente o prezo das peaxes, e o estudo sobre o rescate da concesión e a gratuidade da autoestrada, para acabar co agravio que supón a comparación con outras infraestruturas da mesma época que xa son gratuítas ou van selo nos vindeiros anos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto o goberno galego demandar a convocatoria da comisión mixta de transferencias para impulsar por esta vía a transferencia da xestión da AP 9 e doutras competencias pendentes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións fixo a Xunta de Galiza diante do goberno central en relación coa xestión da AP 9 e a transferencia desta infraestrutura?

Que transferencias considera prioritarias a Xunta de Galiza nunha hipotética negociación co goberno central?

Cal é o balance do goberno galego en materia de negociación de transferencias na comisión mixta entre 2009 e 2021?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2021 11:48:48

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2021 11:48:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 11:49:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** presentan a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **9756**:

No primeiro parágrafo da exposición de motivos onde dí: “2 de xaneiro”, debe dicir: “2 de febreiro”.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 12:32:06

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2021 12:32:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2021 12:32:17



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Unha e outra vez, sempre que se analiza calquera aspecto do mercado de traballo, vese que homes e mulleres non están en pé de igualdade.

O 41,5 % das mulleres galegas asalariadas en 2019 teñen uns ingresos anuais inferiores ao salario mínimo. É dicir, traballa menos do ano e/ou o fai a tempo parcial. Os homes nesa situación son o 27,9 %. En 2009 as mulleres eran o 33,5 % e os homes o 21,2 %. Mentres os homes que teñen ingresos inferiores ao SMI aumentaron en 6,8 puntos, as mulleres fixérono en 8 puntos. Si en 2009 unha de cada tres mulleres tiña ingresos inferiores ao SMI, en 2019 son dúas de cada cinco. A fenda de xénero entre as persoas asalariadas que perciben menos do salario mínimo pasou de ser o 24 % ao 36 % entre 2009 y 2019.

A primeira conclusión é: *“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, non só non reduciu a fenda de xénero entre a porcentaxe de mulleres e homes que perciben menos do SMI, senón que entre 2009 e 2019 medrou doce puntos, do 24 % ao 36 %”*.

En 2009 a fenda salarial entre mulleres e homes era en Galicia do 23,1 %, 1,8 puntos menos ca media estatal. En 2019 a fenda salarial galega é do 20,5 % fronte ao 21,6 % do Estado. A diferenza co Estado queda reducida soamente a 1,1 puntos de diferenza.

Se proxectamos a evolución que ten habido entre 2009 e 2019, no conxunto do Estado non se acadará a paridade salarial entre mulleres e homes ata 2087; en Galicia será catorce anos despois, en 2101.

A segunda conclusión é: *“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, reduciu o ritmo de eliminación da fenda de xénero en relación coa media estatal de tal xeito que en Galicia a paridade non se acadará ata catorce anos despois co Estado”*.



En Galicia en 2019 nas seccións da CNAE 2009:

- **Teñen unha fenda salarial superior ao 25%** as seccións K Actividades financeiras e de seguros, M Actividades profesionais, científicas e técnicas e N Actividades administrativas e servizos auxiliares (**o 27,6 %**); as seccións G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas e a H Transporte e almacenamento (**o 26,6 %**); a sección C Industria manufacturera (**o 26,0 %**); as seccións I Hostalaría, R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento e S Outros servizos (**o 25,7 %**). Nestas actividades está o 62,2 % de todas as persoas asalariadas, 656.599 persoas, das que 308.640 son mulleres.
- **Teñen unha fenda salarial entre o 24,9 % e o 20,0 %** as seccións de A Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (**o 23,9 %**), B Industrias extractivas, D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación (**o 22,4 %**), J Información e comunicacións (**o 22,3 %**). Nestas actividades está o 5,5 % de todas as persoas asalariadas, 58.244 persoas, das que 15.124 son mulleres.
- **Teñen unha fenda salarial inferior ao 20 %** as seccións Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria, P Educación e Q Actividades sanitarias e de servizos sociais (**o 16,8 %**), F Construción e L Actividades inmobiliarias (**o 11,2 %**). Nestas actividades está o 32,3% de todas as persoas asalariadas, 341.439 persoas, das que 179.953 son mulleres.

A terceira conclusión é: **“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, non foi quen de diminuír de dúas de cada tres persoas asalariadas mantiveran unha feda salarial superior ao 25 %.”**

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a diagnose que fai Goberno galego sobre a fenda salarial entre mulleres e homes, especialmente entre quen percibe menos do Salario Mínimo Interprofesional?
2. Que medidas de choque vai implantar o Goberno galego na loita contra a fenda salarial para acadar, cando menos, que en Galicia se reduza ao mesmo ritmo que na media do Estado?





Pazo do Parlamento, 2 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/02/2021 12:31:16

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2021 12:31:25

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 12:31:37

Marina Ortega Otero na data 03/02/2021 12:31:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre o peche das fronteiras con Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de febreiro entrou en vigor o peche de fronteiras entre España e Portugal, xustificado polo agravamento da crise sanitaria da COVID 19 que está a provocar unha grave emerxencia de saúde nos dous Estados e que lle afecta intensamente tanto a Galiza como ao Norte de Portugal.

Se ben se pode entender a razón de fondo desta medida, unha vez máis a súa aplicación práctica está sendo desenvolvida cun absoluto descoñecemento da situación real no territorio transfronteirizo, o que está a provocar fortes impactos engadidos, en custos económicos, de tempo, de impacto psicolóxico, de stress... ás persoas afectadas directamente por estas medidas, isto é, traballadoras esenciais que teñen autorización para pasar a fronteira mais que ven gravemente dificultada a mobilidade polo peche dunha grande parte dos pasos entre Galiza e Portugal.

Logo de máis de 10 meses de agotadora e demoledora pandemia, parece que non se aprendeu nada da experiencia pasada, especialmente do peche que estivo en vigor entre os meses de marzo e xullo de 2020. Agora vólvense decretar desde os despachos de Madrid e Lisboa peches arbitrarios e inxustos de pasos fronteirizos, que se poderían evitar dispoñendo de máis medios policiais de control e poñendo en marcha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instrumentos para facilitar a mobilidade como a tarxeta transfronteiriza, pensada neste contexto de crise sanitaria para favorecer a mobilidade de traballadores e traballadoras esenciais mais que no futuro se debería estender a toda a cidadanía físico e dixital para promover o acceso aos servizos, aos equipamentos, á administración, aos estudos, ao lecer...

Nos días que pasaron desde este segundo peche da fronteira volveuse erguer un auténtico clamor social e institucional para pedir a apertura de máis pasos fronteirizos tanto no Miño como ao longo da raia, para evitar tanto o efecto funil que se produciu nos poucos pasos habilitados, principalmente no caso da ponte internacional de Tui, como sobre todo para evitar os trastornos para miles de persoas traballadoras que se teñen que desprazar centos de quilómetros e perder tempo e diñeiro para ir aos seus postos de traballo.

Por outra parte, tanto o parlamento galego como a cimeira hispano-portuguesa da Guarda do pasado mes de outubro aprobaron a posta en marcha dunha tarxeta de mobilidade transfronteiriza, de maneira que se facilite a mobilidade tanto nestas circunstancias excepcionais como en condicións de normalidade.

Por último, o peche de fronteiras, os peches perimetrais, as restricións de mobilidade viñeron a agravar o impacto da crise económica provocada pola COVID no espazo transfronteirizo, o que fai necesario poñer en marcha un plan de reactivación económica da zona co obxectivo de captar investimentos extraordinarios de fondos comunitarios do Next Generation e do marco plurianual 2021-2027. Esta iniciativa podería canalizarse a través dun programa de Investimento Territorial Integrado (ITI) de carácter transfronteiro.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora o Goberno galego a maneira de efectivizar o peche de fronteira entre Galiza e Portugal e o escaso número de pasos abertos?

. Que xestións fixo a Xunta diante dos Gobernos español e portugués para, á luz da experiencia previa, ter a previsión de abrir máis pasos fronterizos, nomeadamente naquelas zonas onde hai maior dinamismo e interacción?

. Que xestións fixo a Xunta diante dos gobernos español e portugués para a implantación da tarxeta de mobilidade transfronteiriza?

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2021 13:14:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2021 13:14:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 13:14:30



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Cerceda no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:14:18

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:14:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Abegondo no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:14:50

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:15:03



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Bergondo no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:15:27

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:15:40



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Betanzos no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:16:01

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:16:12



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Aranga no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:16:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:16:50



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Oza-Cesuras no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:17:08

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:17:20



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Miño no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:17:45

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:17:58



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Paderne no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:18:23

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:18:35



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Curtis no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:18:58

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:19:10



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Coirós no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:20:06

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:20:17



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Arzúa no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:20:42

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:20:57



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Sobrado dos Monxes no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:21:16

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:21:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Melide no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:21:48

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:22:01



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Santiso no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:22:16

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:22:29



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Boimorto no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:22:47

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:22:59



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Toques no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:23:18

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:23:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Frades no exercicio 2020?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/02/2021 16:23:56

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/02/2021 16:24:08



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A salvagarda do patrimonio cultural galego debería ser un dos principais cometidos do departamento de Cultura da Xunta de Galicia, ao que en virtude da Lei 5/2016 lle corresponde fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a súa protección e, de ser o caso, colaborar con outras administracións para fortalecer e mellorar a súa vixilancia e seguridade.

Boa parte do patrimonio cultural de Galicia está en estado de abandono correndo serio risco de desaparición, ben por desleixo dos seus propietarios ou responsables (particulares ou administracións) ou ben por accións inapropiadas de rehabilitación ou conservación.

Estas accións inapropiadas ou este deterioro motivado polo abandono non se deberían producir, e aínda que somos conscientes da imposibilidade de facer un seguimento rigoroso de todo o noso patrimonio, hai determinados casos que pola súa transcendencia son ben coñecidos e non se entende certa pasividade da Administración autonómica.

É o caso do peirao ciclópeo da Covasa, na parroquia de Aguiño (Ribeira), coñecido tamén como ‘peirao fenicio’, e cuxas orixes non son certas. Trátase dun espigón de cerca de 70 metros de pedras ciclópeas dispostas en fila e en varias alturas cuns chanzos tallados en grandes pezas de granito a modo de acceso desde terra aos barcos e mercadorías. Algúns investigadores aseguran que a súa orixe é fenicia, mentres outros sosteñen que se construíu entre finais do século XVIII e mediados do XIX para unha industria catalá da conserva.

En todo caso, trátase dun patrimonio único que hoxe presenta un grave estado de deterioro que avanza no tempo debido aos efectos dos golpes de mar e á entrada da marea polo punto cardinal sur que causan o descalce dos bloques de pedra que conforman o peirao, xa que durante a explotación da canteira anexa nos anos 40-50 voaron con explosivos unhas pedras que o defendían por ese punto concreto.

O Concello encargou un proxecto, ao noso entender incompleto (falta unha parte do espigón lateral), para a súa rehabilitación ao que se presentaron alegacións que de momento teñen paralizada a obra. Para a realización dese proxecto a



Administración local contou coa autorización de Costas e entendemos que tamén coa da Dirección Xeral de Patrimonio.

O importante agora é que todas as administracións implicadas colaboren para evitar un maior deterioro do peirao, así como na súa rehabilitación e posta en valor nunha contorna que ten ademais restos dunha zona de prensado de salazón.

Esa colaboración pasaría en primeiro lugar, e antes de calquera intervención de restauración, por unha obrigada investigación histórica que poña fin ás incertezas acerca das orixes deste ben, que podería ser un dos peiraos máis antigos de Galicia, e por un estudo xurídico-técnico da súa situación.

A Covasa é, dende logo, un dos enclaves patrimoniais máis antigos da zona e un lugar de especial importancia para comprender a historia dos portos galegos, de aí a relevancia da súa conservación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego colaborar na rehabilitación e posta en valor do peirao da Covasa?

2ª) Está catalogado pola Xunta de Galicia o peirao da Covasa?

3ª) Dispón o Goberno galego dunha investigación histórica sobre o peirao?

4ª) Considera necesaria a Xunta de Galicia a posta en valor do peirao ciclópeo de Ribeira, así como da súa contorna?

5ª) Interesouse o Goberno galego, algunha vez, polo valor e o estado do peirao da Covasa?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2021 13:23:12





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/02/2021 13:23:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre o incumprimento da Xunta de Galiza da Lei de transparencia de bo goberno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno (Lei 1/2016, de 18 de xaneiro) que obriga á Xunta de Galiza a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galiza.

En concreto o artigo 19 da lei de transparencia de bo goberno establece:

Artigo 19. Información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.

2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o escaso tempo transcorrido a Xunta de Galiza ven incumprindo a obriga que lle impón o precepto transcrito, e unicamente consta publicado un único informe sobre o grao de cumprimento das acordos aprobados polo Parlamento de Galiza. No exercicio 2017 empeza e finaliza a transparencia da Xunta de Galiza sobre o cumprimento dos acordos parlamentares.

Xa que logo non constan informes sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galiza dos acordos correspondentes aos anos 2018, 2019 e o recentemente finalizado 2020.

Tampouco é maior o respecto ao exercicio de control da acción de goberno por parte da oposición parlamenta, atentando contra “un dos piares fundamentais sobre os que se sustenta o estado de dereito e a esencia mesma da democracia”.

Por estes motivos formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que entende o Goberno galego por “transparencia e bo goberno”?
- . Por que incumpre a Xunta de Galiza as obrigas establecidas na Lei de transparencia e bo goberno, nomeamente no relacionado co artigo 19?
- . Cando ten previsto o Goberno galego publicar as informacións ás que fai referencia o citado artigo?
- . Considera a Xunta de Galiza que o incumprimento do establecido neste artigo pon de manifesto, ademais da falta de transparencia, unha falta de respecto cara aos acordos aprobados polo Parlamento?

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/02/2021 16:54:56

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 16:55:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/02/2021 16:55:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as competencias e actuacións da Garda Civil en materia de inspección pesqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ademais da Axencia Europea de Control da Pesca (AECP), que apoia aos países da UE no control, inspección e vixilancia do cumprimento da política pesqueira, en Galiza existen tres corpos distintos que levan a cabo labores de inspección sobre a flota galega, tanto na mar como en terra. É evidente que, segundo isto, ningún outro traballador nin sector no Estado español está sometido a semellante control da súa actividade laboral.

As competencias desa inspección están en mans do corpo de Inspección da Subdirección Xeral de Control e Inspección da Secretaría Xeral de Pesca, dependente do Ministerio de Agricultura e Pesca, do corpo de Inspección da Subdirección Xeral de Gardacostas, dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galiza, e do corpo da Garda Civil, pertencente ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A intervención da Garda Civil en materia de inspección pesqueira remóntase ao ano 2014, após unha modificación da lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado. Antes desa data en Galiza xa operaban dous corpos habilitados naquel momento e que continúan actuando a día de hoxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación que se dá en Galiza é inédita no resto do territorio do Estado e leva a situacións tan excesivas como que un mesmo barco pode ser inspeccionado por ata tres inspectores dos distintos corpos.

A Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, na súa exposición de motivos e en relación ao corpo da Garda Civil recolle que “... debe considerarse normal a súa actuación no mantemento da orde e a seguridade pública, función na que deben concentrarse, na súa meirande parte, as misións e servizos asumíbeis pola Garda Civil ... preténdese centrar á Garda Civil na que é a súa auténtica misión na sociedade actual: garantía do libre exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos pola Constitución e a protección da seguridade cidadá, dentro do colectivo das Forzas e Corpos de Seguridade”.

Como queda exposto, pois, non parece que as funcións de inspección pesqueira que vén realizando a Garda Civil do Mar ou Servizo Marítimo da Garda Civil (SEMAR) dende o ano 2014 teñan moito a ver coa “que é a súa auténtica misión na sociedade actual” e que ten encomendada pola mencionada Lei Orgánica.

Ademais, para o control, vixiancia e inspección pesqueira existían xa antes de 2014 corpos civís do Estado e da Comunidade Autónoma especializados en velar polo cumprimento da normativa pesqueira.

O propio Estatuto de Autonomía de Galiza recolle a exclusividade en competencias en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura e de desenvolvemento e execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro. E hai que lembrar que o servizo de Gardacostas de Galiza, creado no 2004, tiña xa antecedentes de funcionamento noutros servizos anteriores como o de Vixiancia Pesqueira, creado xa no ano 1991, e o de Busca e Salvamento, creado no 1990





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e sendo o primeiro en todo o Estado naquel momento e para dar resposta, precisamente, á especificidade do traballo na costa galega.

Resulta, pois, totalmente inxustificado dende o punto de vista económico e tamén social o mantemento de tres forzas distintas habilitadas para o mesmo fin, cando no que realmente se deberan poñer todos os esforzos dende o goberno galego é no impulso e reforzo do servizo de Gardacostas de Galiza.

Por outra banda, en todos estes anos, o propio sector pesqueiro galego ten feito públicas un gran número de queixas en relación coas actuacións do Servizo Marítimo da Garda Civil, sobre o seu xeito de realizaren as inspeccións, mesmo sobre o seu trato á tripulación, e incluso ten manifestado as súas dúbidas sobre a legalidade das mesmas en moitos casos.

Todo elo, contribúe sen dúbida a ofrecer, en xeral, unha falsa imaxe do sector que o perxudica e o somete a unha especial presión que non coincide ca normativa europea ao respecto que recolle claramente que “As autoridades competentes dos Estados Membros deben asegurarse de que os seu axentes se comporten de xeito cortés e prudente, e de que realicen inspeccións con todo rigor e profesionalidade, establecendo procedementos para garantir que toda reclamación formulada polos operadores respecto á realización de inspeccións polos seus axentes se investigue dun modo leal e exhaustivo ...” (artigo 101 do Regulamento de Execución 404/2011 da Comisión que fixa as normas de desenvolvemento do Regulamento 1224/2009 do Consello polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común).

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o goberno galego sobre a existencia en Galiza de tres corpos inspectores de pesca, dous deles pertencentes ao Estado, cando ten as competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da actuación da Garda Civil do Mar en relación á frota pesqueira galega?

. Ten constancia de que existan queixas/denuncias do sector en relación á maneira de actuar da Garda Civil nas súas inspeccións, tanto no mar como en terra? Se é así, que actuacións ten levado a cabo para evitar que continúen a producirse?

. Dispón de datos sobre as sancións impostas pola Garda Civil do Mar a buques galegos? De ser así, cais son os datos e cal é a proporción en relación ás frotas doutros territorios do Estado español?

. Está disposto o goberno galego a demandar do goberno do Estado unha modificación da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, dirixida a exercer, tal el como establece o Estatuto de Autonomía de Galiza, as competencias en materia de pesca en exclusividade?

. Paralelamente, está disposto a impulsar e reforzar os medios materiais e humanos do Servizo de Gardacostas de Galiza, adaptándoo á dimensión real da frota e do sector pesqueiro galego?

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 03/02/2021 17:01:39

María do Carme González Iglesias na data 03/02/2021 17:01:43

Rosana Pérez Fernández na data 03/02/2021 17:01:52



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Axencia Galega das Industrias Culturais incorporaba nos seus orzamentos para o exercicio 2021 un importe de 9,6 millóns de euros para o desenvolvemento do proxecto dun *hub* das industrias creativas e culturais galegas. A iniciativa financiarase enteiramente con fondos europeos REACT-UE.

O director da Agadic, Jacobo Sutil, anunciaba na comparecencia parlamentaria sobre os orzamentos que a creación deste *hub* se realizaría en plena colaboración e coa participación do sector cultural galego e asumía que aínda non deran ningún paso na conformación do proxecto.

Desde ese anuncio, e xa aprobados os orzamentos, nada máis se soubo desta iniciativa, nin das súas liñas de acción, nin das áreas afectadas, nin dos seus obxectivos, nin das xuntanzas co sector para acordar prioridades.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Como de avanzado está o proxecto do *hub* galego da industria audiovisual?
- 2ª) Que horizonte temporal valora o Goberno galego para a constitución do *hub* audiovisual sufragado enteiramente con fondos REACT-EU?
- 3ª) De ter comezadas as xuntanzas de traballo, con que entidades do sector se reuniu xa ou se está a reunir o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/02/2021 16:09:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/02/2021 16:09:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Exposición de Motivos

No CEIP Xoán de Requeixo de Chantada acontece un desaxuste entre o horario de saída do alumnado e a chegada do transporte escolar que o recolle para levar aos seus domicilios.

As aulas rematan ás 15:15 horas pero os autobuses que recollen ao alumnado non chegan ata as 16 horas. Isto supón que veñan por eles os pais das criaturas e no caso de que non poidan os pequenos/as chegarán a casa a unha hora inadecuada para xantar e afrontar as súas tarefas lectivas ou o seu tempo de lecer.

Non é o único centro de ensino no que acontece, creando un gran malestar tamén entre os/as docentes xa que non poden abandonar a este alumna en tanto non suba ao seu medio de transporte, o que provoca para eles unha importante carga.

Entendemos que os horarios dos centros poden estar marcados polos concesionarios do transporte escolar e non ditados polo sentido común. Non pode ser que a única racionalidade que impere sexa a da rendibilidade económica dunha ou de varias rutas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera a Xunta de Galiza que lle está a dar un servizo de transporte escolar adecuado ás crianzas galegas?

-Considera a Xunta de Galiza que é normalizable para os/as escolares do noso país neste e que noutros centros o alumnado teña que esperar 45' para coller o transporte que o achegue ao seu domicilio?

-Ten algunha lóxica que sexan as empresas do transporte as que marquen os horarios lectivos nos centros de ensino galegos?

-Ten explorado a Xunta alternativas de funcionamento para o transporte escolar diferentes á actual?

-Diante deste innegable e grave problema para escolares e familias, que propostas para resolvelo teñen enriba da Mesa?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 03/02/2021 17:36:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/02/2021 17:37:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a vacinación da conselleira delegada de DomusVI e do seu irmán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de febreiro transcendeu publicamente a través dun medio de comunicación que a conselleira delegada de DomusVI, Josefina Fernández, e o seu irmán foron inmunizados despois de recibir as correspondentes doses da vacina contra a COVID19.

Os seus nomes foron incorporados nas listaxes de vacinación dun dos seus centros na cidade de Vigo sen se tratar de colectivos prioritarios de acordo co Plan de vacinación da Xunta de Galiza e argumentando que fan visitas habituais a centros residenciais e que é “o seu desexo” continuar “exercendo ese labor no terreo”.

En resposta a eldiario.es na súa edición en Galiza, o Goberno galego asegurou que nas listaxes iniciais entregadas pola residencia DomusVI de Vigo os nomes da conselleira delegada do grupo, Josefina Fernández, e do seu irmán non aparecían recollidos argumentando que terían sido incorporados con posterioridade. A xustificación da Xunta de Galiza para aceptar esa mudanza é apelar á interpretación da empresa de que “ambos os dous forman parte da equipa” e que “deberan ser vacinados”.

Galiza dispón de doses moi limitadas das vacinas contra a COVID19 polo que a responsabilidade da Xunta de Galiza é que chegan aos colectivos sociais fixados en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada fase do Plan de vacinación seguindo de maneira escrupulosa os criterios marcados. Isto é, priorizar alén das persoas usuarias, as traballadoras/es que traballan en contacto con elas.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego é, con toda a rotundidade, indecente que esta empresaria e o seu irmán fosen vacinados cando persoal sociosanitario que traballa directamente atendendo e coidando persoas dependentes vulnerábeis, como as auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, aínda non o fixeron.

Neste senso, a Xunta de Galiza non só debe dar cumpridas explicacións polo acontecido senón depurar todas as responsabilidades pois este non é o primeiro caso no que, utilizando como escusa unha residencia de maiores, acaban vacinadas persoas que fican moi lonxe de se atopar entre a poboación diana. Sirva de exemplo a alcaldesa do Partido Popular de Boimorto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que mecanismo de control utiliza a Xunta de Galiza para garantir que as listaxes de vacinación fronte á COVID19 non conteñen irregularidades?
- Cre o Goberno galego que vacinar a conselleira delegada de DomusVI e o seu irmán cumpre co establecido no Plan de vacinación?
- A Xunta de Galiza non revisa ou avalía as persoas que se inclúen nas listaxes de vacinación? Fican apenas a criterio dos centros e, nomeadamente, das empresas que os xestionan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para depurar responsabilidade e, especialmente, evitar que volva acontecer algo así?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2021 18:20:13

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2021 18:20:18

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2021 18:20:26



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** a súa resposta **por escrito**.

A situación de desborde de contaxios de coronavirus, e os efectos que estes contaxios derivan en termos de estrés asistencial dos centros hospitalarios e falecidos por causa do virus, está a supoñer un verdadeiro reto para a nosa sociedade e para o sistema sanitario en particular.

Un dos mecanismos evidentemente útiles para conseguir afrontar o combate contra o virus dende os estadíos máis temperás, que é o obxectivo, está nos cribados poboacionais. A posible utilización desta ferramenta permite identificar con precisión a situación dun contorno poboacional (por grupo de idade, sector socioeconómico, territorio xeográfico...) e, con esta información, actuar en consecuencia. Os cribados, desenvolvidos con eficacia, son un instrumento de enorme axuda para a epidemioloxía. Non en tanto estanse a ver certos erros na organización e planificación destes cribados que non están sendo ben explicados, e que están contribuíndo a xerar outros problemas que non son recomendables.

Nestes últimos tempos en Galicia estiveronse a comprobar como algúns cribados foron desatendidos pola dirección do Sergas, como o realizado entre o colectivo de estudantes universitarios aos que, primeiramente, se sinalou como causantes e culpables da expansión da segunda onda da pandemia. A pesar disto, foron as universidades as que tiveron que organizarse para realizar estas probas, con problemas e polémicas xeradas pola participación de estudantes e, tamén, a desidia da dirección da Consellería para comunicar e explicar os datos resultantes que evidenciaron que aquelas acusacións foran absolutamente infundadas. No mesmo sentido os profesionais de hostalería foron sinalados e postos na picota dos problemas de expansión xa daquela segunda onda, e tamén o están sendo nesta terceira en certa parte. A pesares disto, moitos daqueles cribados evidenciaron resultados contrarios ás opinións ampla e abertamente manifestadas polo goberno da Xunta de Galicia, en particular polo seu Presidente, sen que existira rectificación posterior.

Os cribados a contornos xeográficos ou poboacionais máis amplos tampouco están exentos de desordes organizativos por parte da Consellería. Algúns deles foron organizados de costas aos concellos e alcaldes, o que provocou maiores



dificultades organizativas. Noutros casos, a propia planificación resultou un problema, por provocar aglomeracións e acumulacións de persoas sen indicacións reais de como proceder ante as probas, como nos recentes días sucedeu en Soutomaior. Hai casos con utilización partidista, como a presentación do cribado en Forcarei que contou coa presenza de membros do Partido Popular local pero non do goberno municipal, nun procedemento contrario a toda lóxica. En Allariz as persoas que foron citadas para o cribado do IES non o foron no seu concello senón que foron enviadas a Ourense cando, pouco tempo antes, un cribado na propia localidade si foi organizado no pavillón.

En termos de planificación, diversos profesionais galegos teñen manifestado que o deseño destes cribados pode estar incorrendo en certa ineficacia, ao non dirixirse aos grupos precisos que debe e nas condicións en que debe darse, atendendo ás incidencias e aos obxectivos da procura de asintomáticos.

No que corresponde á poboación obxectivo estase detectando a ausencia nos cribados de persoas que teñen vínculo co sistema sanitario a través das mutuas aseguradoras, como ocorre por exemplo en certos servizos públicos. Estes profesionais, ao estar fora da carteira do Sergas, veñen alertando de que non son advertidos dos cribados que afectan a contornos poboacionais ou xeográficos similares.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Consellería de Sanidade que a súa planificación e organización de cribados poboacionais está sendo satisfactoria?
2. Como valora a Consellería de Sanidade os resultados de cribados a sectores concretos como estudantes ou profesionais de hostalería que evidenciaron que as acusacións do Goberno de Galicia eran falaces sobre a presenza de contaxiados nesas colectivos?
3. Está utilizando a Consellería de Sanidade o censo poboacional ou o rexistro de tarxetas sanitarias para o deseño e notificación dos cribados?
4. Que criterios están utilizando dende a Consellería de Sanidade para decidir a planificación e execución dun cribado ou non?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro do 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 9861
Data envío: 03/02/2021 18:59:36.048

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/02/2021 18:55:56

Marina Ortega Otero na data 03/02/2021 18:56:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGLEIK9V81J6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para dotar á comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Mais cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Alén da cuestión do aumento da flota de ambulancias, existen outras eivas no servizo de emerxencias do 061 que deben ser solucionadas no inmediato.

As ambulancias con base na localidade de Cangas carecen dun sistema axeitado de desinfección covid. Ante esta situación, o 061 informa de que en Vigo existe persoal e medios suficientes para proporcionar este servizo. A realidade mostra como só hai 3 máquinas de desinfección para 10 ambulancias e que son as propias traballadoras das ambulancias as que teñen que realizar este traballo sen ningún tipo de axuda externa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación deriva nun empeoramento substancial no servizo de emerxencias, xa que é necesaria a desinfección tras a atención de cada emerxencia e en moitas ocasións xúntanse máis ambulancias para a súa desinfección sen que haxa medios para facelo de xeito inmediato.

Isto redunda directamente na calidade do servizo debido, fundamentalmente, ao tempo inxente que se perde entre unha e outra emerxencia, tempo que en moitas ocasións, é incompatíbel cunha boa atención.

Nunha situación de crise sanitaria debemos poñer todos os recursos necesarios para que o servizo de emerxencias poida desenvolver o seu traballo nunhas condicións que permitan a máxima axilidade e seguridade sanitaria para levar a asistencia a quen o precise e contribuír a salvar vidas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Por que, ante a falta notábel de medios, non se reforza o servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo?
- . Vaise dotar dun servizo de desinfección áxil e eficaz ao servizo do 061 que opera na comarca do Morrazo?
- . Ante o aumento poboacional derivado do turismo e as necesidades actuais, dotarase dunha nova ambulancia ao servizo do 061 do Morrazo?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/02/2021 09:40:26

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2021 09:40:29

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2021 09:40:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o nomeamento do posto de dirección do CGAI e do impulso ao proxecto de afortalamiento desta filмотeca nacional galega única.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego denunciou en reiteradas ocasións o progresivo desmantelamento ao que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza veu condenando os organismos e institucións culturais públicos.

Un exemplo ben ilustrativo do desleixo programado e do deterioro progresivo do goberno do Partido Popular cara a estes organismos é o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), o único centro dotado das últimas tecnoloxías en proxección técnica e cinematográfica, sendo un referente nas filмотecas nacionais e internacionais, que ademais dá soporte ao conxunto do audiovisual galego.

Para alén do reiterado recorte orzamentario ao que se viu sometido ao longo da última década, en absoluto compensado co exíguo aumento do exercicio económico aprobado para este 2021, a Xunta de Galiza eliminou máis do 40% das prazas de traballadores cos que contaba este centro, o que provocou unha grave afectación no traballo desenvolvido desde o CGAI.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, pode contrastarse como a biblioteca e a mediateca están pechadas desde hai anos ao deixar de ter persoa encargada dela, o que contrasta coa extensa capacidade dinamizadora cultural que esta filмотeca tivo na cidade da Coruña. Do mesmo xeito é alarmante a falta de recursos para a necesaria preservación do arquivo histórico ou a dificultade de ensanchamento do proxecto didáctico que apenas se sosteñen grazas ao compromiso do tan minguado cadro de persoal actual.

A maiores, desde o verán de 2019 o centro quedou descabezado ao se xubilar o seu director, sen que até o de agora se producise o nomeamento dun novo representante dun cargo de responsabilidade fundamental para viabilizar un proxecto de mantemento do que representa como patrimonio cultural o CGAI, mais tamén acorde cun plan de futuro.

Se isto fose pouco, en resposta a unha pregunta oral formulada polo noso grupo, o Conselleiro de Cultura ten avanzado a aprobación dun decreto de reforma dos estatutos da AGADIC que introduce mudanzas de calado na xestión das unidades de produción públicas, entre elas, a perda de autonomía destes centros, incluído o CGAI, mais até o de agora nada se soubo.

As recentes comparecencias na comisión de orzamentos do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e mais do Director xeral da AGADIC tampouco esclareceron nada ao respecto nin moito menos transmitiron a planificación dun proxecto recuperador da fortaleza dun centro estratéxico do noso patrimonio cultural como é o CGAI, que ano e medio despois segue sen ver cuberto o posto de dirección e sen se acompañar dun proxecto de consolidación e avance deste espazo único a nivel galego e de referencia estatal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que proxecto ten a Xunta de Galiza para desenvolver no CGAI?
- . Por que segue a deixar sen dirección este centro desde hai un ano e medio?
- . Como vai afectar o anunciado novo estatuto da AGADIC ao CGAI?
- . Como explica o goberno o peche da biblioteca e mediateca do CGAI? Cando ten previsto repor a praza de responsábel do mesmo agora inexistente?
- . Como vai recuperar o CGAI a fortaleza como sede da filмотeca nacional galega que tivo e lle corresponde?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2021 10:03:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/02/2021 10:03:32

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 10:03:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a praga da couza guatemalteca da pataca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente publicouse unha resolución da Consellaría do Medio Rural na que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control da couza guatemalteca da pataca.

Na dita resolución volve considerarse zona infestada, canda outros, a totalidade da superficie do Concello de San Sadurniño. Igualmente, considéranse infestadas 2 parroquias do Concello de Arteixo, unha do da Laracha, e parte dunha parroquia de Carballo.

Concordamos coa Xunta de Galiza na necesidade urxente de atallar a praga, debido aos importantes danos que podería causar no noso agro. Ora ben, non chegamos a entender a metodoloxía de xestión territorial das medidas preventivas destinadas á súa erradicación. Por unha banda, as prohibicións afectan a concellos completos, no extremo norte das provincias de Coruña e Lugo, e pola outra, as limitacións só afectan a parroquias, ou partes de parroquias, na zona da Costa da Morte.

Consideramos que isto pode estar xerando discriminacións, que de se confirmaren, serían totalmente inaceptables. Igualmente, a información que se está a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ofrecer á cidadanía, e nomeadamente aos concellos, que tamén son Administracións públicas, é mínima, xerando un ambiente de “secretismo”, que non está a axudar na xestión da praga.

Ante esta situación, e debido a que as medidas preventivas están a causar serios contratempos en moitas persoas, cremos que o acaído sería dar información sobre a evolución da praga, restrinxir as prohibicións a aquelas parroquias nas que se detecte a couza, e que haxa un control exhaustivo das medidas por parte dos medios propios da Consellaría.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que non se achega aos concellos afectados pola couza guatemalteca información actualizada da evolución da praga determinando os puntos onde se capturaron exemplares da couza, e a data da súa captura ?

. Por que as medidas que se adoptan para a erradicación non son uniformes para todo o territorio afectado, e por que non se fan as limitacións por parroquia en vez de por termo municipal ?

. Por que os concellos afectados non teñen coñecemento do plan de seguimento e control?

. Cal é a razón pola que non se lles informa do número de expedientes abertos, e de cantas sancións se executaron en relación á praga da couza guatemalteca?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 04/02/2021 10:29:15

María González Albert na data 04/02/2021 10:29:17

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/02/2021 10:29:27



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase actualmente inmersa da terceira vaga da Covid-19. Nun contexto complexo e sen precedentes onde a poboación máis vulnerable seguen a ser os residentes dos centros de atención residencial, onde se concentraron case a metade dos falecementos por causa da Covid-19.

O Grupo Parlamentario Socialista elaborou varias propostas para previr contaxios nos centros. Unha das máis importantes versa sobre a necesidade de elaborar un Protocolo de Evacuación de casos positivos nas residencias e coa maior brevidade posible. A Xunta de Galicia a pesar de ter á disposición dous centros integrados ou intermedios sen ocupar ao 100% non evacuaron a todos os residentes positivos.

O 2 de febreiro de 2021 a asociación de familiares de residentes REDE presentou unha denuncia ante a Valedora do Pobo, solicitando que se investiguen as circunstancias do traslado de máis de 100 persoas maiores infectadas polo virus á residencia privada Os Gozos xestionada pola Fundación San Rosendo.

Polo que solicitamos explicacións ao respecto ao Goberno da Xunta de Galicia, para que aclaren se este tipo de feitos se atopan ou non baixo o amparo dun marco legal ou protocolo administrativo.

Nun contexto como o que estamos a vivir e tendo en conta os antecedentes é fundamental que os centros intermedios ou integrados sexan exclusivamente xestionados pola Administración competente.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cantas persoas maiores afectadas pola Covid-19 foron trasladadas á residencia privada de Os Gozos?





2.^a) Por que non se trasladaron ás residencias integradas de xestión pública habilitadas para elo pola Administración competente?

3.^a) Ten a Fundación San Rosendo o consentimento das consellerías de Sanidade e Política Social para levar a cabo tal función? E de ser así, en que normativas, protocolos ou convenios se ampara a decisión da consellería?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 04/02/2021 10:58:14

Julio Torrado Quintela na data 04/02/2021 10:58:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os fondos europeos Next Generation.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á avalancha de anuncios feitos nos últimos meses por parte da Xunta de Galiza e as súas distintas consellarías en relación cos proxectos que aparentemente está elaborando ou nos que podería participar para optar aos fondos europeos Next Generation hai que sumar a opacidade, o escurantismo e a nula información na que mantén aos grupos parlamentarios da cámara galega.

Da amálgama de declaracións dos distintos representantes do goberno galego, a comezar polo seu presidente, a día de hoxe deducimos entre outras cousas que, por unha banda os proxectos que se barallan non son froito dun proceso de debate social e, por outro, que teñen moi pouco a ver co fortalecemento dos sectores produtivos básicos.

O noso convencemento é que neste contexto de pandemia, Galiza precisa contar con investimentos públicos para facer fronte ás gravísimas consecuencias do impacto da crise sanitaria e económica derivada da covid-19 mais ten que ser quen de aproveitalos para que se invistan realmente para facer fronte á crise, ás graves consecuencias económicas do desemprego e peche de empresas, á difícil situación demográfica pola que atravesamos e á defensa dos nosos sectores produtivos e dos recursos naturais xunto coa adaptación á transición ecolóxica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E, precisamente, un dos sectores produtivos de máis importancia no noso país, tanto económica como socialmente, é o sector do mar. Un sector que dende hai anos vén enfrontando múltiples e graves problemas e que a día de hoxe continúa a ter unha grande potencialidade totalmente desaproveitada dende a administración galega.

A este respecto, por parte da Consellaría do Mar téñense publicado pouco máis que vagos enunciados de proxectos relacionados co sector que dende logo non contribúen a acertar co que realmente se está propoñendo: “desenvolvemento sostíbel da produción e comercialización ligada á economía azul”, “adaptación das infraestruturas portuarias aos obxectivos de crecemento sostíbel”, “desenvolvemento de propostas en eidos como o industrial, as enerxías renovábeis e a transición enerxética”, etc.

Tampouco outras consellarías que teñen plena incidencia no sector do mar como a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a de Infraestruturas e Mobilidade, de quen depende o organismo Augas de Galiza, teñen feito público moitas máis concrecións.

En definitiva, a falla de transparencia do goberno galego non permite que os grupos políticos do parlamento galego nin a sociedade no seu conxunto podan participar e nin sequera coñecer o que se está programando e moito menos o que xa parece ser que se trasladou ao goberno do Estado. O único que si é nítido é que a carón dos distintos representantes da Xunta na inmensa maioría das súas comparecencias públicas sobre os fondos europeos e os proxectos candidatábeis a eses fondos sempre teñen presenza representantes de grandes empresas (enerxéticas, da automoción, téxtiles, etc.)

Descoñecendo cales foron os criterios de selección deses proxectos que se anuncian, quen os promove e con que obxectivos concretos, cal é a razón de que se escollan eses e non outros e, sobre todo, o impacto económico que terán sobre a nosa economía e sobre a nosa sociedade e se van servir para combater os efectos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socioeconómicos da pandemia, tampouco podemos asegurar que se vaia responder ás necesidades reais de Galiza e á mellora da súa capacidade produtiva nin que se vaian atender os principais sectores produtivos xa existentes e aos milleiros de persoas que viven deles.

Os antecedentes dende logo non son moi alentadores, sobre todo se temos en conta que os distintos fondos europeos recibidos no período 2014-2020 non foron empregados para cumprir os obxectivos marcados polo propio goberno galego no Plan Estratégico de Galiza 2015-20, onde se aspiraba a un importante despegue económico. Ademais, a execución administrativa e política por parte da Xunta de Galiza deses fondos é claramente insuficiente tal e como xa denunciámos en moitas ocasións.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera a Xunta de Galiza que os fondos europeos Next Generation deben servir, entre outras cousas, para potenciar os sectores produtivos do noso país?

. Considera que o sector do mar é relevante na nosa economía e debe ser destinatario de parte deses fondos?

. Ten a Xunta de Galiza elaborado e/ou escollido proxectos relacionados co sector do mar para optar aos fondos europeos Next Generation? De ser así, cales foron os criterios para a súa escolla?

. Despois de meses de anuncios, a día de hoxe tense posto o Goberno galego en contacto co sector para coñecer e valorar as súas propostas? Permitiu nalgún momento a participación do propio sector neses proxectos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Dos 108 proxectos que se di foron trasladados xa ao Goberno do Estado,
cantos deles teñen relación co sector do mar?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/02/2021 11:09:39

María do Carme González Iglesias na data 04/02/2021 11:09:42

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2021 11:09:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As seleccións galegas levan moitos anos representando o noso país tanto dentro como fóra do Estado español. Un exemplo sería o primeiro partido da selección galega de fútbol que se celebrou hai xa case cen anos, en 1922. Do mesmo xeito, podemos recordar as olimpíadas populares de Barcelona en 1936 na que Galiza era unha das nacións convidadas a participar entre outros moitos países de dentro e fóra de Europa e que se non se chegou a realizar foi polo golpe de Estado franquista do mesmo ano.

Alén destes exemplos do pasado, a día de hoxe Galiza conta con deportistas do máis alto nivel que compiten e logran premios a nivel estatal e internacional en todas as disciplinas deportivas. Ademais, en casos coma o do fútbol gaélico, o noso país conta coa súa propia selección que o representa en campionatos europeos e mundiais, conseguindo importantes galardóns.

Por estas razóns, e xa que contamos cos deportistas profesionais, coas instalacións e coa vontade de ser representados e representadas como pobo, non entendemos como é posible que o goberno galego non pule e faga un esforzo porque as seleccións galegas poidan competir de maneira oficial nos campionatos europeos e



mundiais, do mesmo xeito que o fan outras nacións sen Estado como por exemplo Escocia ou Gales ou Territorios de Ultramar como Xibraltar.

Estes exemplos mostran claramente que a necesidade principal para acadar este recoñecemento de oficialidade é a vontade política, unha vontade política que non existe en absoluto por parte do goberno galego, xa que como a sociedade galega sabe, este non mostrou nin o máis mínimo esforzo nin tan sequera por conseguir que volvesen os partidos amigables da nosa selección. Esta posición conformista contrasta, por exemplo, coa do goberno vasco que, xunto á Federación Vasca de Fútbol presentou nas sedes da UEFA (Nyon) e da FIFA (Zúric) unha solicitude formal de integración como membro de pleno dereito nestes dous organismos que son os de maior relevancia do fútbol mundial.

Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que estas políticas son as que debe practicar o goberno do noso país, loitando sempre polo autogoberno e polos dereitos dos e das galegas, tamén no eido do deporte.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a razón pola que o Goberno galego non pula polo recoñecemento oficial das seleccións deportivas galegas?

. Existe algunha razón que explique a non celebración dos partidos amigables da selección galega de fútbol?

. Ten o Goberno galego a vontade de recuperar os partidos amigables da selección galega de fútbol?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2021 12:08:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/02/2021 12:08:47

Daniel Castro García na data 04/02/2021 12:09:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os recortes no servizo de limpeza do campus da Universidade de Vigo en Ourense, ás repercusións sanitarias e de seguridade laboral e á valoración da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do curso escolar universitario a Unión Comarcal da CIG de Ourense alertaba da situación de absoluta indefensión na que se atopaba o persoal de limpeza do Campus da Universidade en Ourense en plena segunda crise da pandemia do coronavirus. Dende a central reclamaban a contratación de máis persoal, protocolos claros de actuación, probas PCR e seguimento dos métodos de traballo. Porén, conforme avanza o tempo as medidas son insuficientes e é claro e manifesto o abuso da concesionaria Samyl sobre as traballadoras, maioritariamente mulleres, dun servizo esencial para unha adecuada limpeza dos centros.

Esta cuestión debe preocupar á administración galega. En primeiro lugar por salvagarda das condicións laborais das traballadoras, mais tamén polos efectos e a importancia dun servizo absolutamente esencial, e por tratarse de centros financiados con fondos públicos. A Xunta de Galiza debe posicionarse de lado das traballadoras e actuar como intermediaria neste asunto para garantir o cumprimento dos pregos de condicións e un adecuado servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas últimas semanas o cadro de persoal de Samyl do campus norte da Universidade de Vigo en Ourense continúa coas mobilizacións para rexeitar os recortes no servizo, en concreto a eliminación de horas de traballo. Este incumprimento do prego de condicións da adxudicación por parte da empresa prodúcese coa permisividade da Universidade e ante a inacción tanto da Inspección de Traballo como da Consellaría de Sanidade, segundo denuncia a forza sindical.

É inaceptable que durante unha pandemia, e máis aínda durante unha importante vaga na que aumentan os casos, estean a cubrirse 25% menos de horas de limpeza. Ao mesmo tempo, lamentan que tras denunciar os feitos ante a Inspección de Traballo e a Consellería de Sanidade aínda non teñen resposta, o cal indica a deixadez da administración pública neste asunto.

Esta situación agrávase pola profunda perda do carácter público destes servizos e pola discriminación estrutural de sectores como o da limpeza, maioritariamente ocupados por mulleres. Polo tanto, debe ser atendida e corrixida de forma inmediata e a Xunta de Galiza debe actuar cos seus instrumentos no ámbito laboral e sanitario.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento das condicións básicas de seguridade sanitaria e laboral do Campus de Ourense e do seu servizo de limpeza?

. Coñece o goberno galego a situación de incumprimento do prego de condicións da concesionaria Samyl no Campus de Ourense da Universidade de Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Iniciou a Xunta de Galiza algunha actuación desde o ámbito das súas competencias sanitarias? Cales e por que razóns?
- . Iniciou a Xunta de Galiza algunha actuación desde o ámbito das súas competencias laborais? Cales e por que razóns?
- . Que valoración lle merece á Xunta de Galiza que nunhas instalacións sostidas con fondos públicos se recorten as horas dun servizo tan esencial como o da limpeza?
- . Constituirá ou constituíu a Xunta de Galiza algún foro de diálogo cos axentes implicados?
- . Cre a Xunta de Galiza que neste asunto hai un evidente sesgo de xénero e unha desvalorización deste traballo?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2021 12:48:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/02/2021 12:48:52

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2021 12:49:01



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Goberno galego desenvolveu, entre os anos 2015 e 2020, o Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda, coñecido como Plan Rehavita.

Este plan, e segundo o propio texto, pretendía deseñar a política de vivenda en función das necesidades reais da demanda de vivenda protexida e na rehabilitación do patrimonio construído, así como prestar especial atención ás persoas en situación de desprotección por estar en risco de perder ou ter perdido a súa vivenda.

A súa articulación prevé catro eixos de actuación: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda, que inclúen desenvolvemento normativo, estudos e traballos relativos á calidade da construción e normativa técnica, rexistro de informes de avaliación dos edificios, a regulación do rexistro de promotores da Comunidade Autónoma de Galicia e o plan de venda de locais.

Como é sabido, calquera política pública pretende xerar determinados impactos ou efectos na sociedade e para iso estas políticas teñen ciclos perfectamente coñecidos: a identificación e definición de problemas, a formulación da política, a adopción da decisión, a implantación e, por último a avaliación.

No que aos impactos pretendidos polo Plan Rehavita se refire, queda claro xa dende o primeiro parágrafo cando se di que *“As políticas públicas en materia de vivenda teñen que orientar a súa intervención a adoptar as medidas necesarias encamiñadas a que os cidadáns poidan exercer o dereito, constitucionalmente recoñecido, a dispoñer dunha vivenda digna e adecuada”*.

Como queira que o Goberno galego vén de presentar o chamado Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, podemos considerar sen marxe de erro que o Plan Rehavita está rematado ao ter un novo plan que o substitúe e tamén pola súa vixencia temporal que, lembremos, remataba no ano 2020.

Procede, en consecuencia, avaliar os resultados da aplicación do Plan Rehavita, xa que a avaliación pecha o ciclo ao que antes se fixo referencia, e resulta incuestionable que unha avaliación, non só ao final se non durante a implantación, permite coñecer a adecuación do deseño á realidade e corrixir, se fose necesario, calquera aspecto.



Neste caso, o propio plan presenta unha serie de indicadores asociados aos eixos, polo que esa avaliación debería resultar sinxela ao dispoñer a Administración autonómica da totalidade da información precisa.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Con respecto ao eixo 1 (Acceso á vivenda)
 - 1.1 Cantas vivendas foron licitadas polo IGVS de promoción pública?
 - 1.2 Cantas vivendas foron iniciadas de promoción pública concertada?
 - 1.3 Cantas axudas foron concedidas a adquirentes ?
 - 1.4 Cantas axudas foron concedidas dentro do programa Aluga?
 - 1.5 Cantas axudas ao aluguer do Plan estatal foron concedidas?
 - 1.6 Cantos convenios e/ou acordos foron asinados con concellos?
 - 1.7 Cantas vivendas do SAREB postas a disposición?
2. Con respecto ao eixo 2 (Rehabilitación de vivendas e renovación urbana)
 - 2.1. Cantas axudas autonómicas foron concedidas para a rehabilitación illada?
 - 2.2. Cantas vivendas en edificios foron obxecto de rehabilitación illada do plan estatal?
 - 2.3. Cantas axudas foron concedidas para o informe de avaliación de edificios?
 - 2.4. Cantas vivendas foron licitadas para rehabilitación de promoción pública?
 - 2.5. Cantas vivendas foron reparadas?
 - 2.6. A cantas vivendas lles foron concedidas axudas?
 - 2.7. Cantas vivendas en edificios rehabilitados no programa de Áreas de Rehabilitación Illada?
 - 2.8 Cantas vivendas en edificios con aforro enerxético
3. Con respecto ao eixo 3 (Prevención da exclusión residencial)
 - 3.1 Cantas vivendas foron integradas na rede de inserción?
 - 3.2. Cantas axudas foron concedidas no Bono alugueiro?
 - 3.3 Cantas axudas foron concedidas para erradicar a infravivenda?
 - 3.4 Cantas persoas afectadas por execucións hipotecarias foron realoxadas?
 - 3.5 Que porcentaxe do total dos que reunían requisitos representan?
4. Cales son os orzamentos totais executados correspondentes a cada un dos eixos, indicando os correspondentes aos distintos programas que desenvolven eses eixos, é dicir, os catro programas que desenvolven o eixo 1, o catro que desenvolven o eixo 2, os tres que desenvolven o eixo 3, así como o eixo 4?
5. Que valoración fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020?





Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2021 12:07:29

Patricia Otero Rodríguez na data 04/02/2021 12:11:12



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Estamos a vivir un momento complicado a tódolos niveis, a pandemia da covid-19 afectou a tódolos sectores profesionais, e está a provocar un gran cambio social e económico na nosa sociedade.

Aínda que a situación na que nos atopamos será temporal mentres dure a pandemia, a realidade é que hai aspectos da nosa vida que van a ter que mudar e transformarse con carácter definitivo.

O ámbito da prevención da saúde, e un deles. Esta pandemia veu impoñer medidas de protección fronte ao contaxio que moitas delas van a quedarse, xa que supoñen directrices que reverteren nun beneficio para a nosa saúde.

Exemplo disto son moitas profesións que están a adoptar medidas de protección coas que antes nin contaban, pero que están a servir para evitar os contaxios de diferentes enfermidades e mellorar a seguridade destas persoas.

No eido da xustiza os letrados do turno de oficio prestan un servizo público esencial, que é a asistencia letrada en diferentes situacións coma pode ser dependencias policiais, nos xulgados, os cárceres....tratándose en moitas ocasións de situacións de risco, cando por exemplo esta asistencia se presta a unha persoa que padece unha enfermidade infecto contaxiosa.

A necesidade de que estes letrados/as sexan informados nos casos anteriores, e que podan dispoñer de medidas de protección, era unha eiva existente pero que cobrou máis importancia a raíz da pandemia do covid-19, sendo necesario polo tanto que nestes casos se habiliten as debidas medidas de seguridade para que o letrado ou letrada poidan realizar o seu traballo sen correr ningún risco.

A Xunta de Galicia asumidas en materia de xustiza as competencias sobre xestión de persoal e medios materiais, e polo tanto ten a obriga de garantir esta protección, coordinando cos colexios de avogados dos distintos territorios un protocolo de actuación no que se contemplan directrices de actuación para os



casos en que unha asistencia letrada poda entrañar un risco de contaxio, e a maiores ten que dotar aos distintos colexios de material axeitado para acadar esta prevención.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia, elaborar, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, un protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que os/as letrados/as do turno de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde, nas asistencias letradas a persoas afectadas por unha enfermidade infecto contaxiosa ou sospeitosa de poder estalo?
2. Vai dotar, a Xunta de Galicia a estes colexios profesionais dos medios materiais necesarios para que os letrados e letradas que o precisen, poidan dar cumprimento ao reseñado protocolo de prevención?
3. Entende o Goberno da Xunta de Galicia que os letrados do turno de oficio teñen que cumprir a súa función social, cunhas garantías mínimas de seguridade sanitaria?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2021 12:59:10

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 12:59:18



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Dirección Xeral de Xustiza de Galicia, non está a tomar medidas fronte á realidade que está a vivir a nosa comunidade, na que estamos a padecer unha terceira ola da pandemia da covid-19, con máis do dobre de contaxios que as dúas anteriores.

Nos edificios xudiciais ao longo do noso territorio, o persoal da Administración de Xustiza que alí traballa, non é alleo a estes contaxios, así tódolos días son notificados varios contaxios ou illamentos de grupos de funcionarios, producindo con isto un serio problema no normal funcionamento da Administración de Xustiza ou o que é moito máis grave, un risco para a saúde de todos estes traballadores e traballadoras.

A Dirección Xeral de Xustiza, non pode eludir a súa responsabilidade, ao ser o órgano competente para adoptar as medidas necesarias para garantir a saúde do persoal funcionario e laboral dos Xulgados de Galicia.

A diferenza con outros edificios ou organismos oficiais, onde o acceso de persoas alleas está moi limitado e sempre con cita previa, nos xulgados e tribunais do noso país o acceso segue a ser totalmente libre, aspecto que parécenos inconcibible dada a situación na que nos atopamos, e pon en risco a saúde de moitos traballadores e traballadoras.

A maiores isto incumpre o establecido na Orde JUS-394-2020, de 8 de maio, en relacións ás medidas de protección colectiva en “atención ao público”, permitindo que se acceda aos edificios xudiciais sen ningún tipo de control.

A Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesais e organizativas para facer fronte ao covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza, no seu artigo 18. establece:

“1. Ata o 20 de Xuño de 2021 inclusive, a atención ao público en calquera sede xudicial o da fiscalía se realizará por videoconferencia, por vía telefónica ou a través do correo electrónico habilitado a tal efecto, que deberá ser obxecto



de publicación na páxina web da correspondente Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza ou do órgano que determinen las Comunidades Autónomas con competencias en materia de Xustiza, e que no ámbito da xurisdición militar se atopa publicado na páxina web do Ministerio de Defensa no enlace correspondente. Todo elo sempre que sexa posible en función da natureza da información requirida e, en todo caso, cumprindo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Para aqueles casos nos que resulte imprescindible acudir á sede xudicial ou da fiscalía, será necesario para o público obter previamente a correspondente cita, de conformidade cos protocolos que ao efecto establezan as administracións competentes, que deberán prever as particularidades das comparecencias ante os xulgados en funcións de garda e os xulgados de violencia sobre a muller.”

Dende a Dirección Xeral da Xunta de Galicia, teñen a obriga de dar cumprimento a estas directrices estatais, co fin de evitar, na medida do posible, excesivas concentracións nas sedes xudiciais, utilizando métodos coma a cita previa obrigatoria ou a limitación de aforo co fin de adaptar á situación sanitaria existente, as relacións dos cidadáns e cidadás coa Administración de Xustiza.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia, no mes de febreiro, convocar con urxencia unha reunión da comisión mixta, co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións a levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira ola da pandemia?
2. Vai a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para evitar a coincidencia masiva de persoas, tanto traballadores como clientes ou usuarios/as, nos edificios xudiciais, así coma a limitar o aforo das sedes xudiciais?



3. Ten pensado a Xunta de Galicia obrigar a que calquera actuación nas sedes xudiciais, se leve a cabo mediante cita previa e calquera consulta xudicial por parte dos diferentes profesionais por vía telemática ou telefónica?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2021 13:09:52

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 13:10:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde ámbito médico e investigador veñen alertando nos últimos meses do impacto que a pandemia está a ter na detección e atención doutras patoloxías, especialmente o cancro.

Recentemente, a Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM), lanzaron un chamamento desesperado para recuperar a normalidade na atención de doenzas non Covid19 pois, segundo as súas estimacións, no conxunto do Estado español por volta de 55.000 persoas recibiran un diagnóstico de cancro tardío o que dificulta e mesmo impide que poidan ser tratadas con prognósticos favorábeis.

Estas mesmas advertencias foron lanzadas desde Galiza por persoal sanitario e investigador do noso país. Entre elas, Begoña Campos, oncológa do HULA quen sinalaba nun medio de comunicación que “nesta segunda onda estamos diagnosticando doentes con cancro en estadios moi avanzados” como resultado da pandemia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diagnoses que se demoran, consultas e probas que se adían, operacións que se aprazan e un enorme impacto emocional que non pode ser obviado e merece de todo o esforzo público para evitar que se prolongue.

É evidente que a Covid19 está a esixir un enorme esforzo, que puxo en xaque o sistema sanitario galego, porén, milleiros de persoas continúan a padecer doenzas comúns que precisan de atención e tratamento tanto coma o coronavirus.

Por esta razón a comunidade médica e científica esixe que se adopten todas as medidas necesarias para garantir unha correcta atención sanitaria ao conxunto da poboación, especialmente a doentes de cancro, sen descoidar a pandemia provocada pola Covid19.

Neste senso, urxe reforzar a sanidade pública galega no inmediato mais tamén prepararse para o máis que probábel incremento no número de casos nos próximos anos aos que haberá que engadir as diagnoses demoradas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que avaliación fai a Xunta de Galiza sobre o impacto que a pandemia está a ter nas diagnoses e tratamentos de cancro?
- . Conta con algún estudo ao respecto?
- . Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar o Goberno galego para garantir a correcta atención desta doenza no marco da pandemia?
- . Pensa a Xunta de Galiza reforzar a sanidade pública para garantir a atención coa máxima calidade desta e outras doenzas non-Covid?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2021 13:34:38

Iria Carreira Pazos na data 04/02/2021 13:34:49

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2021 13:34:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a demanda das garantías de atención sanitaria ás persoas xordas a través da dotación de servizos de interpretación de lingua de signos por parte do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordas fan un sobre esforzo por se integraren na sociedade e superaren a que é recoñecida como a discapacidade máis cruel polo feito de ser invisíbel.

No entanto, cando estamos a piques de cumprir un ano desde o comezo da pandemia por COVID-19, podemos concluír que a discapacidade auditiva é a gran prexudicada nesta pandemia ao someter as persoas xordas a situacións de marxinalidade que chegan a conculcar os seus dereitos de accesibilidade e comunicación, así como vulnerar os seus dereitos de acceso aos coidados da saúde con máximas garantías.

A pandemia actual acrecentou unha situación de incomunicación xa existente en diferentes ámbitos da Administración galega, multiplicando as barreiras no ámbito social, educativo e sanitario.

Así, en moitas ocasións, as medidas sanitarias preventivas, que tamén son molestas e limitadoras para calquera cidadán, no caso das persoas xordas teñen consecuencias moi superiores e maiormente anuladoras da capacidade de socialización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por exemplo, a obrigatoriedade do uso da máscara para as persoas xordas provocou un impacto moito maior xa que, para alén de anular a comunicación verbal a través fundamentalmente da lectura labial, mingua moi considerabelmente a tan importante capacidade comunicativa que ofrece a linguaxe xestual facial, como apoio á lingua de signos, e impide socializar coa normalidade necesaria este colectivo.

A imposición do atendimento telefónico para as consultas médicas por parte do SERGAS é outra medida que fai inviábel un atendimento sanitario con garantías para este colectivo tan necesitado dunha mirada transversal desde a organización e planificación das instrucións derivadas da Consellería de Sanidade.

É por iso que as persoas xordas se senten completamente marxinas ante a falta de corresponsabilidade para con elas por parte do SERGAS, malia terlle trasladado esta situación excluín-te en diferentes reunións á Consellería de Sanidade derivada da falta absoluta de garantías na atención á súa saúde en consultas médicas ordinarias e hospitalarias.

O servizo de intérpretes que ofrece a FAXPG ás usuarias xordas é o único que está a atender esta eiva de intercomunicación sanitaria, mais é un esforzo insuficiente, xa que os seus medios son limitados, tanto en recursos humanos como na imposibilidade de ofrecer un servizo de garda as 24 horas do día.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedora a Consellería de Sanidade do grave prexuízo e discriminación á que está a ser sometida a comunidade galega xorda como usuaria e paciente da saúde pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non se están a cumprir os protocolos que desde o SERGAS regulan a atención sanitaria ás persoas xordas?
- Que compromisos asumen para evitar de forma urxente esta discriminación?
- Comprométese o goberno a atender a demanda das persoas xordas de crear un servizo de intérpretes que aseguren a atención sanitaria con garantías plenas de comunicación para a comunidade xorda en igualdade de condicións que o conxunto da sociedade?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2021 14:10:11

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2021 14:10:16

Iria Carreira Pazos na data 04/02/2021 14:10:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 14:10:37



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación crítica dos hospitais públicos de Galicia debido aos efectos da pandemia está sendo moi esixente para o persoal e poñendo a niveis moi elevados a esixencia de funcionamento en base aos recursos dispoñibles.

Cada día numerosos profesionais e colectivos sanitarios advirten da situación de estrés asistencial que se vive nos centros hospitalarios, particularmente nos servizos de urxencias, nas UCI e reanimación, así como a carga saturante de traballo en situación complexas para os pacientes. Fronte a isto, recentemente o Goberno da Xunta de Galicia informaba de ocupacións en torno ao 30 % ou 40 % das camas UCI, o que xerou unha fonda preocupación e contrariedade nos profesionais de Galicia. Estas informacións, voluntariamente confusas sobre o volume de camas UCI realmente dispoñibles, non ofrecidas, as ocupadas por pacientes covid pero non as libres para a chegada de novos pacientes se fora necesario, ou a negativa para informar das ocupacións e dispoñibilidades por área sanitaria, convértense nunha fonte de incerteza e preocupación para a cidadanía.

Esta información, de moita relevancia tamén para a toma de decisións sobre restricións e limitacións asociadas ao control da pandemia, resulta moi importante para contribuír á concienciación da cidadanía sobre o nivel de preocupación que debера ser esixible con respecto ao cumprimento das medidas. Relativizar a situación ou pretender trasladar unha imaxe irreal sobre a situación límite do sistema é contraproducente.

O volume de persoal dispoñible non é, tampouco, motivo de satisfacción. Os constantes recortes e precarización do emprego sanitario no Sergas da última década xerou menores posibilidades de contratación e a dispersión de profesionais formados para outras comunidades autónomas e outros países. Neste escenario, o Sergas debe reconsiderar a súa política de recursos humanos e invertir a tendencia, para poder contribuír a dar maior robustez ao sistema e maiores capacidades asistenciais aos seus hospitais.

Ademais a existencia de zonas non utilizadas en diversos centros hospitalarios de Galicia, froito dos recortes en medios e a non dispoñibilidade de profesionais para



atender suficientes, provoca que se produzan incongruencias na xestión da pandemia. Estas inconsistencias provocan decisións tardías sobre a dispoñibilidade de novos espazos, ou o aproveitamento de centros ou plantas inutilizadas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita

1. Que volume de camas UCI existe na actualidade en Galicia dispostas para funcionar de inmediato tendo en conta os/as profesionais sanitarios existentes? Como se distribúen fisicamente por áreas sanitarias?
2. As valoracións de porcentaxes de ocupación de camas UCI con motivo da pandemia da covid que fai o goberno de Galicia ofrécense en relación á ocupación do total de pacientes UCI ou do total de camas dispoñibles?
3. Inclúe o Goberno de Galicia as camas UCI non ocupadas na sanidade privada no seu cómputo sobre a situación do sistema sanitario e a dispoñibilidade de recursos?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/02/2021 15:59:07

Marina Ortega Otero na data 04/02/2021 15:59:14



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A seguridade é un ben público, unha parte esencial e necesaria do noso Estado Social, Democrático e de Dereito.

Para acadar isto, un papel fundamental o exercen as Forzas e Corpos de Seguridade, que están integradas por un extraordinario equipo humano, homes e mulleres cuxa profesión é sinónimo de vocación de servir a unha sociedade democrática para facer fronte os nosos dereitos e as nosas liberdades.

Este labor é tamén sinónimo dun compromiso que lles leva, en non poucas ocasións a poñer a súa seguridade, a súa saúde e a súa vida en risco para poder facer efectivas as nosas.

Un traballo no que destaca, entre outros principios, o de cooperación. Cooperación no eido Internacional, pero tamén coas comunidades autónomas e entidades locais, coma non pode ser de outra forma, nun Estado politicamente descentralizado. Así como tamén con carácter horizontal co conxunto da Administración Xeral do Estado, o terceiro sector e coa cidadanía ou sociedade civil.

Dende o inicio desta pandemia, os Corpos e Forzas de Seguridade, veñen desenvolvendo na nosa comunidade un labor imprescindible, mantendo a orde, garantindo a seguridade dos galegos e galegas, velando polo cumprimento das normas sanitarias, e todo isto complementado cunha labor humanitaria en hospitais, centros de maiores, domicilios persoas que viven soas..., axudando sempre que foron requiridos.

Por outra banda, é importante recoñecer tamén o importante labor que desempeñaron os/as voluntarios/as das agrupacións de Protección Civil dos diferentes territorios dentro da nosa comunidade, dirixidas polo Sistema Nacional de Protección Civil, claves para a realización de miles de servizos humanitarios e distribución de máscaras.



Todo este labor non está a ser considerada polo Goberno da Xunta, xa que dende fai uns meses cae en continuos desprezos, cuestionando esta profesionalidade.

O último exemplo disto son as graves manifestacións do presidente da Xunta de Galicia nunha rolda de prensa do día 25 de xaneiro deste ano, onde pedía aos Corpos e Forzas de Seguridade, que sexan implacables e non teñan condescendencia coas persoas que non cumpran as medidas.

Ou na do día 27 durante a súa comparecencia no Pleno, manifestando que a Policía e a Garda Civil, así coma as policía locais actúan respondendo a intereses distintos do servizo ao Estado, á cidadanía, incumprindo así as súas responsabilidades públicas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non podemos consentir este desprestixio e cuestionamento cara uns profesionais que levan a desenvolver un traballo impecable durante toda a pandemia, polo tanto, entendemos que o presidente da Xunta de Galicia debe desculparse polas súas verbas e recoñecer publicamente o labor dos Corpos e Forzas de Seguridade e dos voluntarios de Protección Civil.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai pedir desculpas o presidente da Xunta de Galicia polo cuestionamento público do labor exercida polos Corpos e Forzas de Seguridade, durante esta pandemia?
2. Cree a Xunta que os Corpos e Forzas de Seguridade, non cumpren fielmente as súas responsabilidades públicas?
3. Cree a Xunta que os Corpos e Forzas de Seguridade, non son implacables e teñen algún tipo de condescendencia coa cidadanía que incumpre as normas da pandemia?
4. Cree a Xunta que os Corpos e Forzas de Seguridade, non están a súa disposición no relativo ao cumprimento das normas da pandemia establecidas polo Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 04/02/2021 16:14:29

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 16:14:35



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na situación pandémica actual, o sector das atraccións de feira é un dos sectores económico máis golpeado e a súa recuperación vai ser complexa, posto que os ingresos de case a totalidade destas empresas ou persoas autónomas do ámbito das feiras son escasos ou nulos dende antes da declaración do Estado de alarma provocado pola Covid-19.

As atraccións de feiras foi o único sector que non puido desenvolver a súa actividade durante un só día dende o final da tempada, é dicir dende outubro de 2019, o que supuxo unha paralización radical da actividade que supera xa o ano.

O sector tense dirixido en diversas ocasións á Xunta de Galicia para iniciar un diálogo co fin de dar a coñecer de primeira man a súa situación concreta e específica, así como as razóns polas que este sector queda excluído de todas as axudas económicas publicadas polo goberno galego, sen que se puidese establecer esa liña de comunicación

As razóns polas que este colectivo non se puido acoller a ningunha axuda económica da Xunta de Galicia foron que só unha parte dos feirantes estaban en situación de alta cando se declarou o Estado de alarma, posto que se trata dun sector claramente estacional e na segunda liña de axudas para autónomos con traballadores en ERTE publicada pola Xunta de Galicia, tampouco puideron acollerse a ela polo mesmo motivo, polo que non tiñan traballadores contratados cuxa actividade fose pechada nese momento.

Outro problema engadido é que as atraccións de feira teñen a prohibición de realizar a actividade porque a Administración autonómica as consideraron como unha actividade inseparable da celebración das festas dos municipios e, polo tanto, a súa actividade fóra dese ámbito faise imposible, cando poderían estar activos noutras circunstancias sen que se fagan festas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que debe reunirse co sector das atraccións de feira para coñecer as súas achegas, tendo en conta o seu coñecemento, ante a necesidade de tomar medidas restritivas para facer fronte á covid-19?
2. Considera o Goberno galego que é necesario regular canto antes as medidas que se deberán tomar para o momento no que sexa posible retomar as actividades das atraccións de feiras e que, deste xeito, o empresariado do sector poida dispoñer de tempo suficiente para adaptarse?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/02/2021 16:33:11

Martín Seco García na data 04/02/2021 16:33:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2021 16:33:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a falta de protección dos humidais galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o rexime xurídico e se crea o Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010) establecen o marco para refomular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non están protexidos nin contan con instrumentos de conservación e xestión. Actualmente Galiza conta con só 5 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, e Ría do Eo), sen que nos últimos 26 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

-Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).

-Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superficie de 34.441 ha (48,8%)

-Humidais subterráneos: 7 (0,6% do total), superficie de 0,6 ha

-Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), superficie de 15.965,8 ha (22,7%)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do total dos humidais, 380 están incluídos total ou parcialmente e 751 están excluídos da Rede Natura, de maneira que unha grande parte non contan con figuras específicas de protección. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a existencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Por outra parte, existe un problema no acceso á información sobre os humidais, sobre todo a partir da desaparición en 2016 do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB), polo que non existe ningún enderezo web no que se poida acceder de maneira directa á información sobre os humidais que integran o Inventario de humidais de Galiza. E no Inventario Español de Zonas Húmidas, non aparecen os humidais de Galiza.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IDADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai o Goberno galego sobre o estado de conservación dos 1.131 humidais de Galiza?
- . Que opinión lle merece ao Goberno galego o feito de que unha parte importante dos humidais teñan un estado de conservación deficiente, segundo se desprende do estudo publicado polo IBADER?
- . Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para reverter esta situación?
- . Ten previsto a Xunta de Galiza desenvolver un plan de protección e conservación dos humidais galegos?
- . Ten previsto o goberno galego declarar zonas húmidas potexidas e facer unha proposta de ampliación dos humidais de importancia internacional (RAMSAR)?
- . Cando prevé a Xunta de Galiza activar o Inventario Galego do Patrimonio Natural e a Biodiversidade?
- . Como valora a Xunta de Galiza o impacto de infraestruturas de enerxía e plantacións forestais nos humidais de montaña considerados espazos prioritarios pola UE?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2021 16:36:38

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2021 16:36:42

Alexandra Fernández Gómez na data 04/02/2021 16:36:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** en demanda da paralización do proxecto de nova construción do tendido eléctrico que atravesa a zona sur do concello de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de xaneiro de 2021 anunciábase no BOP o acordo da Xefatura Territorial da Coruña polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa de construción e declaración de utilidade pública o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental dunha instalación de distribución eléctrica nos concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo.

Unha liña de alta tensión que atravesa os tres concellos mencionados mais que ten unha elevada incidencia territorial e ambiental nas parroquias de Monteagudo, Chamín, Armentón, Loureda e Morás, no concello de Arteixo.

Malia estar publicado no BOP, non se indica prazo de alegacións nin se pode consultar o proxecto na web da consellería, unha opacidade que deixa nunha total inseguridade e indefensión a poboación afectada.

As xestións do BNG de Arteixo verifican este confusionismo por parte do goberno galego, polo que se dirixiron por escrito á xefatura territorial da Coruña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pedindo aclaracións sobre a exposición pública e os prazos de alegacións, sen que a día de hoxe teñan recibido resposta ningunha.

A preocupación da veciñanza é máxima e xustificada, xa que a liña de alta tensión programada é altamente invasiva en multitude de propiedades, discorrendo en moitas zonas moi perto das casas e núcleos de poboación.

A liña atravesa 13.600 metros en tendido aéreo, con 47 torretas de alta tensión de até 42 metros de altura, afectando a unha zona de reserva da biosfera, zonas afectadas polo POL e zonas de humedais como Sisalde ou Barrañán; humedais costeiros da rede natura da Costa da Morte e cun importante impacto no Val de Loureda, atravesado pola metade.

Unha afectación que se considera evitábel, pois a aludida necesidade de transportar electricidade ao polígono industrial de Morás non parece xustificada á vista de que xa se está construíndo unha subestación nestes momentos e que, en todo caso, de ser necesario sempre se podería aproveitar a rede de tendido eléctrico xa existente, sen duplicar e sen intervir de xeito tan lesivo no medio natural.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que razóns explican que non este accesíbel este proxecto de construción de tendido eléctrico en superficie que tan negativamente afecta á zona sur do Concello de Arteixo?

. Por que se está a crear tanta confusión entre a veciñanza afectada coa publicación dos prazos de alegacións ao proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que razóns xustifican que se teña que construír ex novo este trazado de alta tensión en superficie para transportar electricidade ao polígono industrial de Morás?

. Como valora o goberno os informes contrarios recibidos desde o propio Concello de Arteixo?

. Está o goberno da Xunta disposto a atender as alegacións e paralizar a continuidade deste proxecto?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/02/2021 17:00:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/02/2021 17:00:47

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 17:00:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa á evolución do mercado de traballo e o seu impacto na economía galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das notas definatorias do noso mercado laboral é unha taxa de actividade historicamente baixa. No cuarto trimestre de 2020 a taxa de actividade sitúase na Galiza no 52,3%. Por debaixo da do Estado Español, que se sitúa no 58,19%.

Con respecto ao trimestre anterior, o número de activas e activos diminuíu no noso país en 3.900 persoas, mentres que a taxa de actividade diminúe 0,2 puntos respecto ao terceiro trimestre de 2020. O que amosa ás claras un comportamento negativo do noso mercado laboral.

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) do cuarto trimestre de 2020 reflicte que, seguimos a perder poboación activa respecto ao cuarto trimestre do 2019. Así, con respecto ao mesmo trimestre de 2019, o número de persoas activas diminuíu en 18.200 persoas e a taxa de actividade diminúe 0,8 puntos.

No relativo a ocupación e o desemprego, o ano 2020 rematou cunha taxa de paro do 12% (11,8% no 2019) e cunha perda de 21.000 empregos en Galiza, dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres, coas que se cebou e se ceba especialmente a crise. As





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mulleres, como sempre nas situacións de crise, e máxime nunha situación de emerxencia sanitaria como a que padecemos, son o colectivo de poboación que máis sofren no ámbito do emprego. Como preocupante tamén son os datos relativos á taxa de ocupación da poboación xuvenil, que diminúe respecto ao trimestre anterior e o mesmo trimestre do 2019, e da taxa de paro deste colectivo, que se ben diminúe lixeiramente respecto ao trimestre anterior, aumenta de xeito significativo en comparación co cuarto trimestre do 2019. Reflectindo datos preocupantes no relativo ao tipo de contratación.

Os datos de xaneiro amosan que Galiza rematou este mes cun total de 185.984 persoas desempregadas, que supoñen 18.229 máis (+10,87%) que en xaneiro do ano pasado, sen contar as persoas atinxidas por ERTes que non se computan. E a pesar que os datos do paro rexistrado mellorarían os de decembro, hai indicadores que, desgraciadamente, restan positividade a ese dato, coma é a alarmante perda de afiliación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración lle merecen ao goberno galego os datos publicados polo INE sobre a Enquisa de Poboación Activa, relativos ao IV trimestre do 2020 e referidos a Galiza?
- Que medidas vai adoptar o Goberno Galego diante dos datos da EPA referidos ao último trimestre do 2020, e en concreto, os referidos ao colectivo das mulleres e da poboación xuvenil?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/02/2021 16:42:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/02/2021 16:42:37

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2021 16:42:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Covid e os seu efectos no sector do deporte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como calquera outro sector, o deporte tamén se viu moi afectado pola pandemia mundial, tanto a nivel deportivo como a nivel económico e laboral. Do mesmo xeito, a sociedade galega viu claramente como a pandemia afectaba as súas prácticas deportivas tanto individuais como colectivas, levando a que moitos e moitas recorresen a outros medios para poder practicar deporte e manter así a súa saúde física e mental.

Por outra banda, o sector laboral do deporte viuse duramente afectado. Un sector que hai que ter en conta que supón aproximadamente o 2'5% do PIB do noso país e no que hai unhas 2200 empresas vinculadas co mesmo. Todo isto supón a existencia dunha elevada cantidade de traballadoras e traballadores que vén o seu futuro laboral con moita inquedaanza, ben porque xa perderon o seu traballo ou porque é moi probable que o perdan.

Alén do dito, é importante facer ver as dificultades que tiveron moitas empresas para adaptarse aos continuos cambios protocolarios e legislativos, que en moitas ocasións levaron a que moitos empresarios e empresarias decidisen pechar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, é importante ter en conta que moitos estudos xa demostraron os beneficios da práctica deportiva, reducindo a afección da Covid nas persoas que adoitan facer deporte. Do mesmo xeito, tamén podemos entender os beneficios deste sector se acudimos á Lei 3/2012 do deporte de Galicia, onde o deporte aparece considerado como actividade de interese público. Polo tanto, e tendo en conta a importancia económica e sanitaria do sector deporte desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que é necesario realizar unha serie de medidas urxentes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a razón pola cal non están incluídos e incluídas nas axudas directas da Xunta de Galiza todos e todas as profesionais que traballan no sector do deporte e da actividade física?

. Está disposta a Xunta de Galiza a realizar un rescate económico aos profesionais, empresas e entidades que prestan servizos de educación física, actividade física e deporte?

. Cal é a razón que explique a inexistencia dun protocolo estable de uso das instalacións deportivas?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2021 17:19:37

Iria Carreira Pazos na data 04/02/2021 17:19:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/02/2021 17:19:49

Daniel Castro García na data 04/02/2021 17:20:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda de axudas ao mantemento das estruturas no sector das artes escénicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música, dependente do Ministerio de Cultura y Deporte, anunciaba en xullo de 2020 unha convocatoria de dúas liñas de axudas excepcionais por mor da crise do coronavirus dirixidas ao mantemento das estruturas no sector do teatro e do circo e mais ás actividades escénicas e proxectos culturais.

Esta convocatoria recoñecía que a existencia destas estruturas culturais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e en definitiva para o acceso igualitario dos cidadáns á cultura.

Asemade, recoñécese que estas estruturas culturais se caracterizan pola súa fragilidade e por unha débil implantación social e empresarial, xa que maioritariamente son estruturas empresariais ou asociativas de moi pequeno tamaño.

As liñas de axudas económicas desta convocatoria van encamiñadas a soste as estruturas culturais (empresas produtoras, compañías e grupos artísticos, asociacións e salas de exhibición) e a manter o emprego cultural, isto é, á protección do tecido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresarial, asociativo e artístico, alicerce do sistema cultural, en tempos de grave impacto por mor da pandemia.

Con todo, algunhas compañías galegas denuncian que estas axudas do INAEM valoran e financian proxectos que teñan unha clave estatal, con distribución en varias comunidades, e non só autonómica, o que indirectamente está a excluílas de poder optar en réxime de concorrencia competitiva a esta convocatoria.

Neste sentido, as axudas estruturais non poden estar condicionadas de ningún xeito ao ámbito de distribución dunha compañía. Solicitar como requisito imprescindible que a compañía teña unha relevancia estatal ou internacional ten que ver necesariamente co ámbito de distribución. E esta, no caso das compañías que só fan teatro en galego está, obviamente, restrinxida a Galiza.

As características desta distribución máis ou menos expansiva non entra en contradición coa necesidade de ter unha estrutura empresarial e unha relevancia autonómica suficiente como para ser merecedoras deste tipo de axudas.

O Ministerio de Cultura é o Ministerio de todas e todos independentemente de cal sexa a comunidade onde residan as empresas e cal sexa o ámbito da súa distribución, que responde a unha cuestión de opción lingüística que consideramos que hai que ter en conta. E non esquezamos que estamos a falar dun Estado recoñecido constitucionalmente como plurilingüe e que as distintas linguas cooficiais son un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O sector entende que se están a establecer criterios discriminatorios, por razón de lingua ou de distribución territorial, que ademais non se corresponden coa finalidade das axudas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedor o goberno das consecuencias discriminatorias desta convocatoria do INAEM para co sector das artes escénicas galegas?
- Que medidas se compromete a adoptar a Xunta de Galiza para apoiar o mantemento das estruturas das empresas culturais galegas?
- Comprométese a Xunta de Galiza a convocar, no primeiro semestre de 2021, por primeira vez as tan demandadas axudas destinadas ao mantemento das estruturas existentes na industria cultura galega?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/02/2021 17:49:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2021 17:49:42

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 17:49:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de reformular o programa “Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de xaneiro o presidente da Xunta de Galiza presentou en rolda de prensa e ante os medios de comunicación o novo “Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025” que vén substituír o anterior programa “Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015- 2020”. Tres meses antes, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nunha comparecencia na cámara galega, xa fixera un primeiro bosquexo das que habían ser as principais liñas deste novo plan. Nesa mesma comparecencia a Conselleira manifestou a disposición do goberno a que o novo plan de vivenda contase coa participación dos restantes grupos parlamentarios. Porén, entre a primeira comparecencia da Conselleira na cámara galega e a presentación aos medios do documento no que se recollen as medidas concretas do novo plan, o goberno galego non encetou ningunha vía de diálogo co resto de formacións políticas.

Dende o grupo do Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise. Cremos que o novo programa de vivenda non pode deixar de lado o actual contexto e que é necesaria a súa reformulación na procura de novas solucións. O continuísmo do novo programa, con medidas e un enfoque que xa se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demonstraron un fracaso, só pode agravar a falta de mecanismos para achegar, no novo ciclo que se abre, respostas eficaces. As políticas recicladas do novo plan xa se demostraron ineficaces para garantir o acceso á vivenda e para intervir, reordenar e reequilibrar o parque inmobiliario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.-Pensa o Goberno da Xunta abrir un diálogo co resto de forzas sobre o futuro programa de vivenda 2021-2025?

2.-Está disposto o Goberno a reformular o futuro programa de vivenda 2021-2025, co fin de garantir o dereito a unha vivenda digna mediante novas liñas de axuda e con maior dotación orzamentaria, así como novos criterios e protocolos para lles proporcionar solucións de carácter integral ás persoas que se atoparen nunha situación de maior precariedade económica ou vulnerabilidade social?

3.-Está disposto o Goberno da Xunta a reformular o futuro programa de vivenda 2021-2025, co fin de deseñar unha nova estratexia que procure reordenar o parque inmobiliario cos seguintes obxectivos:

-Unha nova correlación entre a vivenda pública e a privada, mediante o aumento substancial do parque público de vivenda en réxime de aluguer.

-A reordenación do parque sen uso, intervindo especialmente naqueles lugares onde existe unha forte demanda de vivenda ou naqueles casos de vivenda sen uso en mans de grandes propietarios que se atopan fóra do mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O reequilibrio da evolución diverxente que se produciu nas últimas décadas entre o número de fogares e o número de nova vivenda, procurando un modelo de urbanización e de construción máis sostible?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2021 18:01:56

Alexandra Fernández Gómez na data 04/02/2021 18:01:59



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández, Leticia Gallego Sanromán e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

No ano 2019, Endesa presentou a solicitude formal de peche da central térmica de carbón importado en As Pontes, derivado da profunda modificación das condicións do mercado enerxético, cun incremento substancial no prezo dos dereitos de CO₂ marcado pola Unión Europea e a grande caída do prezo do gas.

Ante esta decisión e derivado da presión política e social da comarca ferrolá, formouse unha Mesa de Traballo coa presenza da propia ENDESA, as administracións local, autonómica e estatal, a representación dos traballadores afectados e a sociedade pontesa para buscar alternativas ao carbón que manteñan o emprego e a actividade no concello. Estes días, ENDESA anunciou a decisión unilateral de pechar a central térmica, sen antes convocar a mesa e presentar os resultados das probas que se viñan facendo con biocombustibles, unha irresponsabilidade impropia dunha empresa desta entidade e da súa responsabilidade social corporativa.

ENDESA foi convocada polo MITECO, xunto ao resto das administracións e das entidades pertencentes a dita mesa, para analizar os resultados de ditas probas e abordar unha transición enerxética xusta para a planta de As Pontes, alternativa ao carbón.

O Instituto Enerxético de Galicia dependente da Xunta de Galicia, o Instituto para la Diversificación y Ahorro Energético, dependente da Administración Central, o Concello de As Pontes e a Federación de Industria da UGT defenderon un informe do Comité Técnico que avala a viabilidade do uso dos biocombustibles e polo tanto que poderían continuar operando, xenerando electricidade, usando en parte biocombustibles, e que polo tanto, as probas foron positivas tanto dende o punto de vista técnico como medioambiental. A Federación de Industria da UGT, acusou a ENDESA de presentar un informe interesado, cun pretexto errado deliberadamente, a substitución parcial del carbón



por biocombustibles en lugar da súa eliminación e reclaman un futuro para a central de As Pontes baseado no uso de biocombustibles e gas natural.

Nesa mesa chegouse ao compromiso de traballar entre a empresa e a administración para valorar a viabilidade económica do proxecto de co-combustión. ENDESA debe valorar a súa participación neste proxecto ou deixar aberta a posibilidade a que outro operador participe nel, mantendo a actividade da central.

O Goberno do Estado segue plenamente implicado na busca de solucións aos problemas industriais de Galicia, como no caso de ALCOA e tamén en ENDESA e xa anunciou seu apoio ao proxecto e puxo enriba da mesa liñas de axuda para proxectos empresariais xeradores de emprego en pequenos proxectos de inversión en zonas de transición xusta por valor de 30 millóns de euros, como neste caso e no de Meirama, outra destinada ao apoio de iniciativas que teñan como obxectivo a creación de emprego sostible e fomento da actividade económica nos municipios afectados polo peche de centrais termoeléctricas de carbón por valor de 7 millóns de euros, Levou a cabo a priorización destas zonas na convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables, e nesta liña concedéronse axudas de 8,4 millóns para instalación térmicas renovables e outros 12 millóns para instalacións eléctricas. Presentaron un paquete de medidas específicas para as zonas de transición xusta dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia da UE por valor de 300 millóns de euros. Na Folla de Ruta do Hidróxeno Renovable que concede especial interese as zonas de transición xusta , recibíronse propostas de proxectos en As Pontes e Meirama.

Nesta liña, é necesario que as administracións estatal e autonómica traballen xuntas nun compromiso claro coa continuidade da actividade e o emprego en As Pontes, o proxecto de co-combustión está avalado técnica e medioambientalmente polo Comité Técnico da Mesa de As Pontes e debera ser un dos proxectos tractores que poña enriba da mesa a Xunta de Galicia como prioritario para optar aos fondos de recuperación europeo, apostando pola economía circular e a produción de enerxías limpas dende as instalacións da Central Térmica de As Pontes, ademais de comprometerse administrativa e financeiramente a apoialo. Esta aposta non coincide coa opinión do Conselleiro de Medio Rural, que afirmou en diversas ocasións que a Xunta de Galicia non ía a apoiar ningún proxecto que puidese optar aos fondos de recuperación onde se



queimasen biocombustibles, pero a comarca ferrolá necesita certezas e saber se o goberno galego está plenamente comprometido cun proxecto que pode dar continuidade a actividade e o emprego en As Pontes.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten presentado o goberno galego algún proxecto industrial tractor para os concellos de As Pontes e Cerceda, dentro dos 108 anunciados, para acudir aos fondos europeos de recuperación?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a incorporar o proxecto de co-combustión na Central Térmica de As Pontes, como un proxecto tractor prioritario que opte aos fondos europeos de recuperación?
3. Que mecanismos e solucións industriais para As Pontes aportou a Xunta de Galicia na Mesa de Transición?
4. Atopou a Xunta de Galicia algún proxecto empresarial novo para As Pontes ou Cerceda, dentro das competencias industriais e económicas que ten a administración galega?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 04/02/2021 18:04:31

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 18:04:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/02/2021 18:04:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2021 18:04:55



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís M. Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A estrada AP9 vertebra ás 3/ 4 partes da poboación de Galicia, conecta 5 das 7 grandes cidades galegas e ten unha das peaxes máis caras de todo o territorio español.

Mentres a empresa concesionaria recada uns 130 millón de Euros ao ano, as súas elevadas peaxes supoñen unha carga abusiva que limita a mobilidade e competitividades aos galegos e galegas.

Mentras outras autopistas da mesma época regresaron ao público e se levantaron peaxes o goberno de Aznar prorrogou a concesión da AP9 ata o ano 2048.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista defendemos a rebaixa das peaxes na AP9 así como a transferencia da mesa á autonomía galega, reivindicación histórica esta, xa reclamada por primeira vez polo aquel entón Presidente da Xunta de Galicia Emilio Pérez Touriño.

O goberno central presidido por Pedro Sánchez foi sensible a estas reivindicacións e fixo unha aposta decidida nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 cunha partida de 63 millóns de euros para bonificacións na AP9 , que suporá unha rebaixa histórica nas peaxes desta infraestrutura. Rebaixa histórica e sustancial nas peaxes, que non sería viable sen a aprobación das devanditas contas.

Pola contra os gobernos presididos por Mariano Rajoy o único que fixeron foi torpedear a transferencia a Galicia da AP9, ao vetar, de forma continuada, o debate de dita transferencia no Congreso dos Deputados.

Cremos necesario seguir avanzando na rebaixe das peaxes e na transferencia da AP9, agora que a negativa do PP a levar ese debate ao Congreso foi levantada polo goberno presidido por Pedro Sánchez, que xa permitira o seu debate ante o Pleno dos Congresos dos Deputados en Decembro de 2018 e que se volveu a repetir agora o pasado martes día 2 de Febreiro de 2021.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Recoñece a Xunta de Galicia o esforzo feito polo goberno de España nos orzamentos xerais do Estado para 2021 en materia de bonificacións de peaxes da AP-9, cunha cuantía de 63 mill de euros, e respalda que o ministerio de fomento consiga aplicar esas bonificacións de xeito que sexan duradeiras e non reversibles ata o 2048’
2. Vai o goberno da Xunta cooperar co goberno do Estado para conseguir realizar a transferencia da AP-9, unha vez que o Congreso admitiu a trámite a proposición de lei de transferencia da AP-9?
3. Vai o Goberno da Xunta a contribuír economicamente nas rebaixas de peaxes da AP9 ata o fin da concesión en 2048?
4. Vai o Goberno da Xunta, Informar ao Parlamento de Galicia sobre os seus plans en relación á posibilidade de contribuír economicamente nas rebaixas de peaxes da AP9 ata o fin da concesión en 2048?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 04/02/2021 18:16:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2021 18:16:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a o plan de ensino virtual da Xunta de Galiza na terceira onda da pandemia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o sistema educativo galego está a sufrir de maneira intensa a terceira onda da pandemia. Son os propios datos da Xunta de Galiza os que demostran que a incidencia do Covid-19 no sistema educativo galego é superior á que está a ter na sociedade en xeral.

Hoxe por hoxe temos en Galiza case un 60% dos centros galego con casos de Covid-19. 410 centros na Coruña, 107 en Lugo, 114 en Pontevedra e 325 en Pontevedra.

Mais os datos dos casos activos nesta semana son igualmente preocupantes: 1821 casos na Coruña, 1144 en Pontevedra, 396 en Ourense e 364 en Lugo. Todo isto, nun contexto no que a Xunta de Galiza non habilitou as ferramentas necesarias para levar adiante o plan de ensino non presencial que todo este alumnado está a demandar.

Boa proba desta improvisación son as declaracións do propio conselleiro que no día 1 de febreiro fixo declaracións públicas con cifras nas que o número de profesores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acreditados para o ensino virtual se incrementaba en máis e 8000 docentes en menos de 24 horas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cre o goberno galego que é o Plan de Ensino Virtual presentado pola Xunta cumpre coas necesidades da comunidade educativa?

Vai a Xunta de Galiza dotar os centros de recursos materiais e humanos para cubrir estas necesidades?

Creo o goberno galego que os bandazos nos datos ofrecidos polo Conselleiro de Educación son propios dunha administración capaz de afrontar as necesidades xeradas pola pandemia?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2021 18:16:58

Daniel Castro García na data 04/02/2021 18:17:01

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 18:17:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o dotación de máscaras FFP2 no ensino público galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o inicio de curso a comunidade educativa está reivindicando que se dote os centros de ensino de máscaras que protexan a PAS, profesorado e alumnado ante o risco de contaxio por Covid-19.

Máis a pesar de ser esta unha demanda unánime da comunidade educativa, a Xunta de Galiza decidiu facer ouvidos xordos a esta realidade e pechouse en banda dende o primeiro momento para atallar esta situación.

Os bandazos continuos da consellaría e do grupo que sostén ao goberno galego neste eido foron unha evidencia dende o mes de marzo, negándose primeiro o Partido Popular a dotar de máscaras a todo o alumnado, dotando ao profesorado de máscaras de ínfima calidade que incumprían a normativa laboral ou facendo deixación de funcións e deixando en mans dos fondos para o funcionamento dos centros a compra das máscaras para garantir a protección do profesorado.

Mais chama a atención que hai escasos días, o presidente da Xunta de Galiza demandase do Goberno do estado o uso obrigatorio das máscaras FFP2. E chama a atención porque o mesmo Presidente da Xunta que incumpría a normativa laboral para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dotar deste tipo de máscaras aos traballadores públicos deste país, demandaba do goberno do estado a extensión deste tipo de máscaras con carácter xeral.

Dende o BNG entendemos que este dobre discurso do presidente da Xunta non fai senón refrendar a política de improvisación e bandazos da Xunta de Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cre o goberno galego que é lexítimo demandar o uso obrigatorio das máscara FFP2 ao tempo que se nega a repartir este material na comunidade educativa?

. Vai o goberno galego dotar os centros de ensino de máscaras FFP2 para o seu uso entre o profesorado, PAS e alumnado?

. Cre o goberno galego que é coherente demandar o uso obrigatorio de máscaras FFP2 ao tempo que nega este material aos membros da comunidade educativa galega?

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2021 18:15:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2021 18:15:35



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O imperio DomusVi, con sede en Vigo, primeiro grupo xeriátrico de Galicia e que conta tamén cunha forte presenza no resto de España, ten sido foco de atención mediática negativa e de forte crítica por parte dos familiares de usuarios e das traballadoras dos seus centros, nos que se concentrou a maioría dos falecementos en residencias de Galicia e de España durante a actual pandemia.

Máis concretamente, na primeira onda da pandemia as súas residencias de Barreiro, Aldán e San Lázaro foron as tres con máis falecementos en Galicia. O caso máis grave en Castela e León foi a residencia de DomusVi de Arroyo de la Encomienda e o centro con máis mortes en Euskadi foi DomusVi Las Laceras, por citar só algúns exemplos. E na segunda onda repetiuse a situación ata o punto de que a mediados de outubro, segundo estimacións, o 32 % dos contaxios de Galicia tiveron lugar nos seus centros, nos que na primeira onda da pandemia se calcula que faleceu un 25 % do total de vítimas en Galicia, e ata hoxe podemos estimar que faleceron máis de 2.000 persoas nas súas residencias en toda España.

O grupo foi denunciado na Fiscalía por presuntamente deixar morrer anciáns e por incumprir toda a normativa do sector e dende logo a ética profesional e empresarial para obter un maior beneficio nas súas contas.

No mes de outubro DomusVi emprendeu unha campaña de comunicación para mellorar a súa imaxe, que foi contestada o 16 de outubro pola Asociación de Traballadoras de Residencias de Galicia (TREGA) cun comunicado demoledor, no que afirmaba que *“DomusVi miente: en sus residencias no se cubren las vacantes, ni antes ni ahora”*. E describían unha *“situación cuasi esclavista para las trabajadoras”* e *“un servicio hacia el mayor pobre, inhumano y peligroso para su vida y su salud”*. Tamén dicían que nos seus centros *“por carencia de personal, se empieza a levantar inopinadamente a los residentes a las 6 de la mañana para acelerar el proceso de aseo; en muchos centros las usuarias desayunan a las 11 horas, comen a las 13:30 horas y comienzan a acostarse a las 18:30, por lo que, entre otras cosas, se produce en 9-10 horas, una concentración de ingestión de fármacos totalmente contraria al sentido común y a las buenas prácticas clínicas o sanitarias; tampoco se realizan todas las curas,*



*porque no hay suficiente personal en cada turno”. Afirmábase igualmente que nos centros de Domus Vi unha sola persoa ten que limpiar na súa quenda 50 habitacións, cos seus correspondentes baños, ademais de corredores, zonas comúns, baños de persoal e salas de xuntas; así como que os menús teñen “*productos de baja calidad nutricional y proteica, raciones exiguas y controles de calidad del producto laxos o simplemente inexistentes*” e que as usuarias definen os seus menús como “*bazofia*” e din que pasan fame. Finalmente a Asociación de Traballadoras de Residencias de Galicia sinalaba que “*Sabemos que Domus VI es una empresa que busca mantener el máximo beneficio empresarial, cuestión lícita y razonable, pero no a fuerza de explotar a las trabajadoras, exprimiendo económicamente a personas dependientes y sus familias, e incumpliendo sistemáticamente normativas reguladoras, tanto en materia laboral como de servicios sociales, situaciones que se sitúan en el terreno de la indecencia y la ilegalidad*”.*

O día 3 de febreiro, a sociedade galega tivo coñecemento pola prensa de que a conselleira delegada da DomusVi Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O imperio DomusVi, con sede en Vigo, primeiro grupo xeriátrico de Galicia e que conta tamén cunha forte presenza no resto de España, ten sido foco de atención mediática negativa e de forte crítica por parte dos familiares de usuarios e das traballadoras dos seus centros, nos que se concentrou a maioría dos falecementos en residencias de Galicia e de España durante a actual pandemia.

Máis concretamente, na primeira onda da pandemia as súas residencias de Barreiro, Aldán e San Lázaro foron as tres con máis falecementos en Galicia. O caso máis grave en Castela e León foi a residencia de DomusVi de Arroyo de la Encomienda e o centro con máis mortes en Euskadi foi DomusVi Las Laceras, por citar só algúns exemplos. E na segunda onda repetiuse a situación ata o punto de que a mediados de outubro, segundo estimacións, o 32 % dos contaxios de Galicia tiveron lugar nos seus centros, nos que na primeira onda da pandemia se calcula que faleceu un 25 % do total de vítimas en Galicia, e ata hoxe podemos estimar que faleceron máis de 2.000 persoas nas súas residencias en toda España.



O grupo foi denunciado na Fiscalía por presuntamente deixar morrer anciáns e por incumprir toda a normativa do sector e dende logo a ética profesional e empresarial para obter un maior beneficio nas súas contas.

No mes de outubro DomusVi emprendeu unha campaña de comunicación para mellorar a súa imaxe, que foi contestada o 16 de outubro pola Asociación de Traballadoras de Residencias de Galicia (TREGA) cun comunicado demoledor, no que afirmaba que *“DomusVi miente: en sus residencias no se cubren las vacantes, ni antes ni ahora”*. E describían unha *“situación cuasi esclavista para las trabajadoras”* e *“un servicio hacia el mayor pobre, inhumano y peligroso para su vida y su salud”*. Tamén dicían que nos seus centros *“por carencia de personal, se empieza a levantar inopinadamente a los residentes a las 6 de la mañana para acelerar el proceso de aseo; en muchos centros las usuarias desayunan a las 11 horas, comen a las 13:30 horas y comienzan a acostarse a las 18:30, por lo que, entre otras cosas, se produce en 9-10 horas, una concentración de ingestión de fármacos totalmente contraria al sentido común y a las buenas prácticas clínicas o sanitarias; tampoco se realizan todas las curas, porque no hay suficiente personal en cada turno”*. Afirmábase igualmente que nos centros de DomusVi unha sola persoa ten que limpar na súa quenda 50 habitacións, cos seus correspondentes baños, ademais de corredores, zonas comúns, baños de persoal e salas de xuntas, así como que os menús teñen *“productos de baja calidad nutricional y proteica, raciones exiguas y controles de calidad del producto laxos o simplemente inexistentes”* e que as usuarias definen os seus menús como *“bazofia”* e din que pasan fame. Finalmente a Asociación de Traballadoras de Residencias de Galicia sinalaba que *“Sabemos que Domus VI es una empresa que busca mantener el máximo beneficio empresarial, cuestión lícita y razonable, pero no a fuerza de explotar a las trabajadoras, exprimiendo económicamente a personas dependientes y sus familias, e incumpliendo sistemáticamente normativas reguladoras, tanto en materia laboral como de servicios sociales, situaciones que se sitúan en el terreno de la indecencia y la ilegalidad”*.

O día 3 de febreiro, a sociedade galega tivo coñecemento pola prensa de que a conselleira delegada da DomusVi fora vacinada, igual que o seu irmán, no mes de xaneiro, a pesar de non figurar no primeiro listado que remitiu a empresa e a pesar de que non se trata dunha traballadora da empresa, senón, polo contrario, da empresaria, máxima directiva e millonaria accionista dese grupo.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Por que permitiu o Goberno galego a vacinación da conselleira delegada de DomusVi, ademais de accionista dese grupo, a pesar de non tratarse de persoal que teña que ter contacto algún cos residentes?

2ª) Cantas das vítimas do coronavirus faleceron desde marzo ata hoxe nas residencias do grupo DomusVi ou sociedades dese grupo como Geriatros?

3ª) Cantas denuncias recibiu o Goberno galego dende o ano 2010 con respecto a irregularidades nas residencias xestionadas polo grupo DomusVi ou sociedades dese grupo como Geriatros?

4ª) Cantos expedientes sancionadores lle foron abertos ao grupo DomusVi ou empresas accionarialmente relacionadas (como Geriatros) con ese grupo desde o ano 2010?

5ª) Cantas sancións se lle impuxeron ao grupo DomusVi ou empresas accionarialmente relacionadas (como Geriatros) con ese grupo desde o ano 2010?

6ª) Cal foi o importe das axudas públicas de calquera tipo (incluíndo subvencións ou calquera outra figura xurídica) recibidas polo grupo ou sociedades accionarialmente relacionadas desde que comezou a operar en Galicia?

7ª) Cantos contratos públicos de calquera tipo obtivo o grupo ou sociedades accionarialmente relacionadas desde que comezou a operar en Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 16:12:30





Julio Torrado Quintela na data 04/02/2021 16:12:45

Marina Ortega Otero na data 04/02/2021 16:13:09



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Raxó é unha parroquia do municipio de Poio, na provincia de Pontevedra, que conta con oredor de 1500 habitantes, poboación que durante o período de verán triplícase.

Conta cun gran encanto e interese turístico, ao tratarse dun típico pobo mariñeiro galego, aspecto que fai que moita da súa veciñanza faga da restauración o seu modo de vida. Conta cun porto tradicional, que separa dous das súas praias principais, e un paseo marítimo.

No ano 2009 a Xunta de Galicia firmou un convenio polo que Portos de Galicia se comprometía a rehabilitar os peiraos de Raxó e Covelo, cun investimento de máis de 3 millóns de euros, na que se contemplaba, a mellora da seguridade peonil e viaria en ambas zonas.

Isto non se executou e ambas instalacións, sofren dende fai anos o desleixo da Xunta de Galicia, que fai máis dunha década ven prometendo o seu acondicionamento sen que isto se leve a cabo.

O paseo marítimo está sen rematar, o que fai que sexa moi perigoso camiñar pola calzada, tendo que esquivar aos vehículos.

Ao ser unha estrada de dobre sentido, en moitas ocasións, nun vial de 4 metros coinciden 2 vehículos e pións, producindo caídas á praia, atropelos leves, etc.

Durante o pasado verán foron 2 os vehículos que facendo unha manobra para poder circular caeron á praia, sen ter que lamentar danos persoais graves pero si materiais. Tamén un terceiro vehículo aparcado caeu ó praia por non existir ningunha baranda ou sistema que protexa este paseo, ocasionando danos materiais.

Ante estes acontecementos Portos de Galicia instalou recentemente uns sistemas de freado na beirarrúa, que ademais de esteticamente supón un atropelo neste entorno mariñeiro, non compren ningunha función das que se reclamaban pola



veciñanza que era lograr unha maior seguridade viaria e un sistema de contención para evitar as caídas de vehículos á praia.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Vai o Goberno da Xunta, a través de Portos de Galicia levar a cabo un acondicionamento do paseo marítimo de Raxó que garanta a seguridade viaria dos viandantes e os vehículos que discorren por esta calzada?

2.) Vai o Goberno da Xunta, durante o ano 2021 levar a cabo a execución do proxecto de acondicionamento do porto de Raxó, de forma que cumpra o comprometido durante décadas coa veciñanza?

Pazo do Parlamento, 04 de febreiro de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2021 18:21:27

Patricia Otero Rodríguez na data 04/02/2021 18:21:39

Julio Torrado Quintela na data 04/02/2021 18:21:50



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O espazo integrado pola lagoa de Baldaio e a praia e espazo dunar adxacentes forma parte da Rede Natura 2000 e, a pesar do grave deterioro sufrido nas últimas décadas, ten aínda un moi elevado valor ecolóxico (especial pero non exclusivamente pola súa riqueza ornitolóxica) e paisaxístico ademais do económico asociado a produción marisqueira.

Ás agresións sufridas desde que a empresa Baldayos SL obtivese a concesión de explotación marisqueira no ano 1948 únense a progresiva e desordenada presión urbanística e os problemas de peche da lagoa, así como unha presenza humana cada vez máis intensa en forma de visitantes, paseantes, mascotas, etc. A todo o anterior súmase agora o previsible impacto do cambio climático, que pode afectar especialmente a un espazo tan singular e delicado coma este.

Nun mundo en situación de progresivo colapso medioambiental, cunha sociedade cada vez máis concienciada da necesidade de protexer o medio por unha cuestión incluso de supervivencia e como parte dunha Unión Europea que prima nas súas políticas o compromiso medioambiental e que impulsa e apoia cun importante compromiso económico un ambicioso pacto verde, Galicia non pode permitir (nin desde o punto de vista político nin desde o punto de vista das obrigas legais da Administración galega) que un espazo tan singular e valioso siga esmorecendo e sufrindo agresións que o degradan cada vez máis.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que vai facer o Goberno galego, dentro da súa plena competencia medioambiental e das súas obrigas de protección do medio e ordenación do territorio, para evitar o progresivo deterioro do ecosistema constituído pola lagoa e praia de Baldaio?

2ª) Fixo algún estudo o Goberno galego sobre a situación na que se atopa ese espazo e a forma de evitar o seu deterioro?



3ª) Cantas sancións impuxo o Goberno galego por infraccións medioambientais ou urbanísticas na zona de Baldaio na última década?

4ª) Cal é o orzamento que ten previsto dedicar no ano 2021 á protección do ecosistema constituído pola lagoa e praia de Baldaio?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 17:58:09

Paloma Castro Rey na data 04/02/2021 17:58:23



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Martín Seco García, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A empresa Fenosa, creada en 1943 na Coruña polo empresario Barrié de la Maza, está perdendo aceleradamente a súa conexión coa Coruña e con Galicia. Das aproximadamente 300 persoas que traballaban na Coruña hai unha década, cadro de persoal xa reducido a través dos sucesivos procesos de fusión da compañía, agora só quedan arredor de 70, tras un desmantelamento progresivo dos centros de traballo.

Agora *Naturgy* vén de comunicar o peche do Centro de operación de rede norte, que daba servizo a Galicia e Castilla e León, radicado na Coruña, e o seu traslado a Madrid. Isto implica a perda de 28 postos de traballo máis. A COR xestionaba as liñas eléctricas de Galicia e parte de León, coordinando, por exemplo, a resposta ante os apagamentos, tan frecuentes na nosa comunidade en determinadas condicións meteorolóxicas.

Unión Fenosa Distribución, titular do COR, dá servizo a case 2 millóns de puntos de subministro en Galicia, sendo a principal distribuidora de electricidade, xestionando aproximadamente 50.000 kms de tendidos eléctricos de baixa e media tensión.

Todo o anterior implica a perda total de galeguidade da empresa en primeiro lugar e en segundo lugar, como consecuencia do primeiro, a perda dos postos de traballo da que foi unha gran empresa con sede na Coruña.

Por iso, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego a perda de calquera vestixio de galeguidade da antiga empresa coruñesa Fenosa e a perda de postos de traballo asociada a ela?
- 2ª) Levou a cabo algunha actuación o Goberno galego nos últimos 10 anos para evitar esa perda de galeguidade e postos de traballo?



3ª) Considera o Goberno galego que o traslado a Madrid dun centro operativo que presta servizo a toda Galicia pode afectar ao subministro eléctrico en Galicia, especialmente en situacións meteorolóxicas adversas?

4ª) Vai adoptar o Goberno galego algunha medida dentro das súas competencias (sinaladamente as de política económica e industrial) para que a empresa manteña os postos de traballo na Coruña, así como o centro operativo que dá servizo a toda Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 17:56:08

Martín Seco García na data 04/02/2021 17:56:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación que se deu no concello de Tomiño polo uso partidista dos cribados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria do Concello de Tomiño, leva semanas preocupando á veciñanza e aos responsábeis do goberno municipal. Na actualidade, a incidencia do coronavirus está a incrementarse de xeito alarmante no concello. A día de hoxe no concello hai 152 casos activos de coronavirus e unha incidencia superior a 250.

Polo preocupación que o impacto da pandemia suscitaba na veciñanza deste concello, dende o goberno local de Tomiño demandaron da Xunta de Galiza que se practícase un cribado masivo á veciñanza co obxectivo de acadar unha mellor resposta ao virus e poder conter a pandemia.

Ao tempo que os días ían pasando e o incremento da incidencia se consolidaba, dende o goberno local de Tomiño se observaba con preocupación como a consellaría de Sanidade daba unha vez máis a calada por resposta a esta petición realizada por parte do goberno local.

Pero se esta situación sería grave de seu, tornou en inasumíbel cando despois de o portavoz municipal Partido Popular anunciou na prensa que o SERGAS ía levar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adiante un cribado masivo no concello de Tomiño sen que o Goberno local de Tomiño tivese coñecemento nin resposta algunha desta situación. Unha situación na que o Partido Popular demostra unha vez máis, que non ten reparo ningún en empregar a saúde e a preocupación da veciñanza de Tomiño, mesmo nun contexto de pandemia, con fins partidistas.

Dende o BNG cremos que é esta unha absoluta irresponsabilidade que denota un desprezo institucional inxustificábel. O feito de que o SERGAS non comunique información sobre o cribado solicitado ao lexítimo goberno de Tomiño que foi refrendado na urnas de maneira incontestábel, e o faga a través do minoritario Partido Popular de Tomiño denota unha irresponsabilidade sen precedentes. Esta falta de escrúpulos do Partido Popular demostra ademais que non ten reparo ningún en empregar a saúde e os cribados a veciñanza de Tomiño con intereses exclusivamente partidistas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai a Xunta de Galiza dar algún tipo de explicación pola falta de respecto institucional demostrada ao comunicar a veciñanza de Tomiño un cribado a través do grupo municipal do PP e non a través das canles institucionais establecidas ao efecto?

-Vai a Xunta de Galiza esixir algún tipo de responsabilidade por unha práctica antidemocrática como a vivida no concello de Tomiño?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores


Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2021 18:25:57

María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2021 18:26:07





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

